



**ADAPTACIÓN DE MATERIAS  
AO CRÉDITO EUROPEO**

# **TITULACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL DE LUGO**

**PROXECTO ACSUG**



**ACSUG**  
AXENDA para a CALIDADE do  
SISTEMA UNIVERSITARIO de  
GALICIA

ACSUG

**ADAPTACIÓN DE MATERIAS  
AO CRÉDITO EUROPEO**

**TITULACIÓN  
DE EDUCACIÓN INFANTIL  
DE LUGO**

PROXECTO ACSUC



**PERSONAL TÉCNICO DA ACSUG:**

**Julio Ernesto Abalde Alonso**

Director da ACSUG

**María Dolores Castro Pais**

Técnico en EEES

**Ana Isabel López Lorenzo**

Técnico en EEES

**REVISIÓN LINGÜÍSTICA:**

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña



A ACSUG dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO-9001:2000, incluíndo, entre outras actividades, a avaliación de titulacións, programas servizos do SUG.

**DESEÑO, MAQUETACIÓN E PRODUCCIÓN:**

A Referencia S.L.

**ISBN:**

978-84-611-8199-5

**Depósito Legal:**

C-2650-2007

## Índice

<b>1. Informe do curso 2005-2006. ACSUG.Reunión do grupo de profesorado implicado. (10/07/06)</b> .....	<b>7</b>
CONCLUSIÓNS XERAIS PARA TER EN CONTA COA MAIOR BREVIDADE.....	8
ANEXO I .....	9
ANEXO II.....	46
<b>2. Guías</b>	
GUÍA DOCENTE DA MATERIA MÚSICA DE EDUCACIÓN INFANTIL .....	63
GUÍA DOCENTE EXPRESIÓN MUSICAL E A SÚA DIDÁCTICA .....	79

**Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias  
ao crédito europeo na Escola Universitaria de Formación de  
Profesorado de Lugo (2004-05, 2005-06)**

---





# **1. Informe do curso 2005-2006**



# Informe do curso 2005-2006. ACSUG. Reunión do grupo de profesorado implicado. (10/07/06)

O presente informe ten por obxecto dar conta da realización, de forma experimental, das actividades que desenvolve o profesorado, que de xeito voluntario, está adscrito ao programa para a posta en marcha adiantada dos créditos ECTS nas diferentes especialidades que se vén desenvolvendo na Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo, aínda que, na súa posición inicial, se vía circunscrito á especialidade de Educación Infantil

O procedemento de recollida da información que inclúe este informe, consistiu en solicitar a cada un dos profesores e a cada unha das profesoras participantes un informe persoal coas súas observacións ao respecto e que tiña 4 apartados:

- a. os obxectivos previstos
- b. as actividades realizadas no marco ECTS
- c. as dificultades que se acharon
- d. as necesidades, con vistas á implantación futura da metodoloxía ECTS

Cada un dos informes que se recibiron achégase como ANEXO I deste informe, co fin de podermos realizar unha análise máis polo miúdo das diferentes circunstancias do desenvolvemento da actividade individual.

Xunto con esta fonte, empregáronse outras tres para complementar o informe:

1. As observacións e as conclusións das diferentes reunións que levaron a cabo os profesores e as profesoras que viñeron elaborando no presente curso as correspondentes *Guías docentes*, que son, dalgunha forma, o documento oficial con que o profesorado e o alumnado se acha para guiar a súa actividade de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior.
2. O desenvolvemento do programa de competencias que se vén poñendo en marcha na escola desde o inicio deste curso e que se achega como ANEXO II.
3. O informe anterior (06/05/06), en que se adiantaban algunhas das dificultades que persisten neste informe.

Da mesma forma, a cada participante pedíuselle, co fin de darlle ao documento final unha certa uniformidade, o particular, que debía incluír, polo menos, os seguintes apartados:

- a. Os obxectivos previstos
- b. As actividades realizadas no marco ECTS
- c. As dificultades que acharon
- d. As necesidades, con vistas á implantación futura da metodoloxía ECTS

Unha vez que se recibiron os informes individuais, o grupo tivo unha reunión en que aprobou o *Informe final* do curso 2005/2006, que vén a continuación.

No informe (parcial), que se enviou o 6 de maio deste ano, adiantábase que, en xeral, o profesorado que estaba a levar a cabo a experiencia se sentía satisfeito do desenvol-

## 1. Informe do curso 2005-2006

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)



vemento persoal e profesional que estaba a facer e, tamén, satisfeito da resposta que unha gran parte do alumnado lle proporciona, con dous grandes problemas que había que solucionar coa maior urxencia:

1. A imposibilidade dun desenvolvemento mellor se a ratio de alumnado con que cómpre traballar non baixa a, como máximo, grupos de 40 persoas.
2. O propio axuste do nivel de esixencia do profesorado á nova situación de autonomía do desenvolvemento que se pon en marcha.

Estes aspectos seguen vixentes e deben ser considerados, dado que son elementos recorrentes en case que todos os informes individuais que achego.

## CONCLUSIÓNS XERAIS PARA TER EN CONTA COA MAIOR BREVIDADE

Do que antecede e do que acontece nos anexos, este grupo de profesores e de profesoras fai algunhas propostas moi concretas, para fuxiren da voluntariedade experimentada e sempre a prol dun desenvolvemento docente de calidade que tenda a unha aplicación seria e rendible dos créditos ECTS.

Se estas (e outras recomendacións positivas) non se teñen en conta de forma rápida, este grupo de profesores e de profesoras ten a seguridade de que o proceso será, máis unha vez, un proceso de frustración e de cambios nominais que non terán repercusión no noso alumando.

As recomendacións son as seguintes:

1. ningún profesor ou profesora que poña en marcha esta metodoloxía terá grupos de alumnos e de alumnas de máis de 40 persoas;
2. cada profesor ou profesora que adquira o compromiso de poñer en marcha estas accións, que implican a elaboración de guías docentes, os cambios na metodoloxía, as diferentes formas de atención tutorial... verá reducida a súa carga horaria docente no seu POD nun 25%;
3. cada centro onde haxa máis de 5 profesores ou profesoras que leven a cabo esta acción:
  - a. por unha parte, comprométese a coordinar os programas das diferentes materias (e a súa posta en práctica operativa) en dirección a unha formación máis común;
  - b. por outra parte, disporá da axuda dun bolseiro ou dunha bolseira cun perfil de axuda para a posta en marcha de accións que tendan ao uso axeitado das TIC no desenvolvemento do conxunto do proceso;
4. os centros deberán ser dotados dos recursos materiais precisos para a mellora da acción docente;
5. cómpre reflexionarmos de forma seria sobre a posición que hai que adoptar co alumnado que, por motivos diversos, todos eles lexítimos, non pode asistir ás clases;

6. cómpre establecemos procesos de formación para desenvolvermos un proceso avaliador acorde coas novas formas de aprendizaxe que se poñen en marcha.

Temos a seguridade de que serían moitas máis a necesidades que hai que resolver para a posta en marcha dos créditos ECTS con eficacia e con eficiencia, mais consideramos que estas accións serían as máis urxentes.

Asdo. Rufino González Fernández V. e pr. Modesto Rodríguez Neira

Subdirector da EUFP Director da EUFP

## ANEXO I

### Informes individuais

INFORME FINAL SOBRE A MATERIA *HISTORIA DA GALIZA* (optativa para as especialidades de Educación Primaria e de Educación Infantil)

**Xosé R. Veiga Alonso**

#### 1. Obxectivos:

Os obxectivos que se formularon son os mesmos que aparecen na guía docente da materia e que me permito copiar e pegar a continuación:

- Ofrecer aos futuros mestres/as unha visión sintética, razoada, multicausal e crítica das liñas básicas que conforman a evolución política e socioeconómica da historia da Galiza, que lles facilite a construción persoal dun esquema histórico do país (e das súas relacións co resto dos pobos do Estado, ademais de con Portugal, con Latinoamérica e con Europa Occidental) e que, asemade, lles resulte de proveito no seu quefacer diario como docentes
- Propiciar un achegamento á evolución histórica que permita conectar, quer a nivel de currículo educativo quer a nivel de organización escolar, as “leccións” da Historia coa realidade cotiá das aulas, diminuindo no posible a cesura entre a formación universitaria e o traballo diario como mestre/a. Do que se trata é de trasladar á actividade docente, coas necesarias adaptacións, os debates e as conclusións que se desenvolven no traballo coa materia durante a carreira: do éxodo galego dos séculos XIX e XX, á problemática actual do alumnado inmigrante; do proceso de industrialización da pasada centuria, á situación de crise en que se achán hoxe os núcleos que antano eran moi dinámicos e seu impacto nas familias dos nosos alumnos e das nosas alumnas; das formas tradicionais de traballo e de relación co agro, aos proxectos de agricultura ecolóxica actual e á súa utilización como exemplificación do que debe ser unha educación que fomenta o respecto polo medio e o desenvolvemento sustentable; da evolución histórica da ganadería galega e do impacto da entrada na Unión Europea, á situación actual de crise agraria que moitos alumnos/as do rural viven no día a día (a taxa leiteira, o abandono de explotacións, a crise de prezos...); da comprensión das formas de hábitat que se desenvolveron ao longo do tempo (desde os castros ata hoxe), á realización de excursións pedagóxicas que faciliten a comprensión dos contidos de materias como Coñecemento do Medio etc.

### 1. Informe do curso 2005-2006

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

- Desenvolver un sentimento de agarimo, de respecto e de defensa pola cultura galega, entendida do xeito máis amplo posible
- Fomentar o traballo en grupo (capacidade de negociación para chegar a acordos, colaboración cooperativa, responsabilidade e solidariedade individual a respecto do grupo, traballo a partir de obxectivos comúns e compartidos...)
- Mellorar a expresión oral/escrita e a capacidade de análise e de síntese de informacións diversas (discernir entre os elementos centrais e os secundarios, capacidade comparativa, valoración dos argumentos en función da súa cantidade, da súa coherencia e da súa interrelación...)
- Propiciar a lectura/compreensión de informacións en diversos tipos de soportes (mapas xeográficos e conceptuais, presentacións estatísticas simples, gráficas, diagramas...)
- Ampliar o vocabulario e perfeccionar o manexo de conceptos
- Aumentar a capacidade de análise e de comprensión crítica do presente (traballo con artigos de xornais/revistas/libros a respecto de temas de actualidade, lectura de libros centrados no repaso da evolución histórica, debates)
- Reforzar o compromiso ético coa sociedade desde o traballo como educador/a
- Fomentar unha actitude de curiosidade e de “saber máis”

## 2. Actividades realizadas no marco ECTS:

- realización e posta en marcha da guía docente
- explicación ao alumnado dos obxectivos que se perseguen coa aplicación da guía dentro do marco ECTS
- actividades concretas:
  - posta a disposición do alumnado de todos os contidos que refiren á materia na USC virtual: materiais, calendario e titoría virtual
  - realización de presentacións en *Power Point* de todos os temas impartidos
  - lectura, resumo por escrito e presentación na aula de temas propostos polo profesor
  - realización, en pequeno grupo, de exposicións públicas de temas concretos que escolleron os diferentes grupos en que se dividiu a aula
  - recensión individual dunha lectura entre varias que ofertou o profesor
- varias horas de aula dedicadas a traballo de seminario

## 3. Dificultades e necesidades:

- é imposible planificar nada con alumnos/as que, facendo uso dos seus dereitos, se incorporan á materia (que comezou o 20 de febreiro) a mediados

de abril. A posibilidade de cambiar de optativas fai que moitos/as alumnos/as dilaten os prazos todo o posible e, de acordo coa normativa, o profesor encargado da materia ten que ofrecerlles algún tipo de solución. Se, como é o caso desta materia, se avalían apartados como asistencia e participación ou se divide a aula en varios grupos, a chegada tardía de novo alumnado dificulta enormemente o traballo

- cunha matrícula de máis de 40 alumnos, facemos un seguimento persoal de cada un, ofrecémoslles titorías personalizadas e lermos e facemos unha primeira corrección dos traballos (para permitir que o alumnado, á súa vez, os melloren antes de cualificalos definitivamente), faise difícil e ocupa moitísimo tempo que hai que detraer doutras obrigas docentes e investigadoras que, indubidablemente, se ven prexudicadas (por non falar do papelexo e do traballo administrativo que tanto abunda ultimamente). Non me imaxino como fan compañeiros/as con matrículas centenarias...
- todo este traballo, ademais, só acha sentido se ten continuidade no tempo e se a implicación abrangue o conxunto do profesorado, do contrario resulta inútil e confuso: inútil porque, sen continuidade, o que se fixo pérdese e esquecese e confuso porque os alumnos/as se lían con tantas metodoloxías diferentes (por certo: os “malos” estamos a ser os que tentamos aplicar metodoloxía ECTS porque lles facemos traballar máis e dun novo xeito a que non están acostumbrados)
- hai que seguir a montar infraestrutura TIC nas aulas: tanto canóns como conexións a internet son absolutamente necesarias
- hai que facer un esforzo para habilitar espazos en que o alumnado poida traballar en grupo, así como máis puntos de acceso á rede

Nome da materia: **Sistemas contemporáneos de Educación Infantil**

Profesor: Dr. D. Eugenio Otero Urtaza

Código: 741113. Tipo de materia: obrigatoria

Curso: 1º. Número de créditos: 4,5 teóricos + 1,5 prácticos. Segundo cuatrimestre

Guía docente aprobada e posta en práctica durante o curso 2005-2006

A finalidade que se persegue nesta materia, que é obrigatoria para a especialidade de Educación Infantil, é que as alumnas e os alumnos adquiran unha visión de síntese, mediante un estudo diacrónico e comparativo, dos procesos pedagóxicos que conduciron á actual configuración desta etapa educativa. Este estudo realizarase mediante a análise do pensamento e da práctica efectuada en distintos modelos de escolas de párvulos no mundo contemporáneo, a partir da evolución que a propia consideración de infancia tivo e ten na cultura occidental. Trátase de que o estudantado adquira coñecementos sobre as orixes e o estado actual da educación de párvulos e que, ao mesmo tempo, sexa capaz de analizar os fundamentos que orientan esta etapa do sistema educativo.

Baixo estes supostos, co programa preténdense acadar os seguintes obxectivos.

- A) Obxectivos que se relacionan cos novos coñecementos e coas habilidades que hai que adquirir coa materia

## 1. Informe do curso 2005-2006

- 1.- Provocar a reflexión do alumnado sobre a diferente consideración que tiveron os nenos pequenos dentro da familia e da sociedade en distintos períodos históricos.
  - 2.- Descubrir as razóns que levan ás sociedades en procesos de industrialización a escolarizar os nenos pequenos.
  - 3.- Comprender as circunstancias sociais que suscitan a aparición das primeiras escolas de párvulos en diferentes países.
  - 4.- Saber analizar o debate teórico e metodolóxico que xeran as distintas formas de entender a educación de párvulos.
  - 5.- Examinar as repercusións das solucións institucionais que refiren á educación de párvulos na sociedade occidental.
  - 6.- Establecer comparacións, semellanzas e diferenzas entre as distintas concepcións da educación de párvulos.
- B) Obxectivos que se relacionan co dominio de ferramentas de aprendizaxe
- 1.- Capacidade de elaboración de traballos escritos conforme a criterios académicos.
  - 2.- Capacidade de comprensión e de comentario de textos pedagóxicos.
  - 3.- Capacidade de relación e de conexión dos coñecementos, independentemente do seu marco disciplinario.
- C) Obxectivos que se vinculan a valores e a actitudes
- 1.- Capacidade de rigor intelectual no estudo para promovermos o sentido crítico.
  - 2.- Capacidade de apertura cara ao coñecemento e ao espírito de tolerancia.
  - 3.- Desenvolver as disposicións que habilitan para ser un bo profesional da educación, especialmente a capacidade de comunicación e de relación coas persoas, o sentido da responsabilidade e o optimismo.

A materia desenvólvese en 10 temas e, ao longo do cuadrimestre, cada estudante desenvolveu 12 actividades prácticas: 1 estudo de dúas imaxes que representan a evolución e os cambios na idea de infancia no mundo occidental, 8 comentarios de texto que representan diferentes momentos e avances da Educación Infantil, 1 estudo de material de xogo, 1 análise dun Proxecto Educativo de Centro, 1 procura telemática de información específica.

Asemade, os estudantes tiveron que facer un estudo sobre un texto específico da teoría construtivista, como traballo en equipo, que implicaba o manexo de conceptos de moita complexidade e de habilidades intelectuais de análise, de síntese, de comparación, de dedución, de inferencias e de establecemento de relacións que producen novidade no coñecemento.

Todos o alumnado pasou polo despacho do profesor para ter una sesión de titoría presencial e, nalgúns casos, foron chamados para unha segunda. A maior parte da actividade

titorial, fíxose virtualmente, mediante a ferramenta que a propia USC ten a disposición do profesorado e do alumnado, a USC-Virtual. Todos os comentarios de texto foron enviados mediante a USC virtual. Tamén se estableceu por este sistema un eficaz taboleiro de avisos e de instrucións para o desenvolvemento da materia. A día de hoxe o número de correos (e-mail) que se achan no seu servizo é de 2 038, dos que corresponden 1 837 a mensaxes de saída e 201 ás de entrada. Nos foros de debate hai 328 intervencións. Asemade, a páxina virtual da materia contou con 14 documentos de acceso para os estudantes. Rexistráronse un total de 17 762 accesos á materia virtual ata o día 27 de xuño, o que supón unha media por alumno de 224,8 accesos para un grupo de 79 estudantes que seguiu activamente a materia, en que se inclúe unha parte dos repetidores.

### Distribución do tempo programado en créditos ECTS

Actividades e/ou produtos	Horas presenciais	Factor	Horas de traballo autónomo	Total
Clases teóricas	20	1,5	30	50
Plano de lecturas	1	30	30	31
Prácticas de seminario	16	1,5	24	40
Traballos en equipo*	3	10,5	10,5	13,5
Tutoría presencial e/ou electrónica*	1	2	2	3
Exame. Preparación e realización	2,5	4	10	12,5
Total	43,5		106,5	150

- Variable para o profesor conforme ao número de equipos e de alumnos

Con respecto á adecuación do tempo programado ao tempo desenvolvido, cómpre indicar que as clases teóricas supuxeron un tempo algo máis amplo do esperado, arredor de 30. Ademais, é importante salientar que é necesario establecer un tempo para explicar o traballo que debe desenvolver o alumnado, que as “clases prácticas de seminario” adquiren no ámbito desta materia unha nova dimensión co uso da USC-Virtual, xa que unha boa parte da actuación do profesor, unha vez feita a práctica, se desenvolve virtualmente (a corrección individualizada, as indicacións para mellorar, a explicación das características específicas dunha práctica, as novidades e os engadidos ou as variacións de última hora etc.).

Canto a avaliación, amósase a necesidade de seguir diminuindo o peso do exame final e de lle dar máis importancia os exercicios prácticos. Neste curso, o peso da avaliación distribuíuse conforme ao cadro:

1.- Asistencia e participación nas clases e nos foros: ata 1 punto	10%
2.- Prácticas de seminario: ata 2,5 puntos	25%
3.- Traballo en equipo: ata 2 puntos	20%
4.- Exame final: ata 4,5 puntos	45%

O estudantado que non superou a materia na convocatoria de xuño, conserva para a convocatoria de setembro as puntuacións dos tres primeiros apartados e pode presentar

## 1. Informe do curso 2005-2006

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

traballos suplementarios para melloralas. O exame final é moi similar en todas as convocatorias (consta dun comentario de texto e de dúas preguntas sobre os aspectos que aparecen no programa. Cada estudante pode levar o material que considerar necesario para responder).

Conforme á experiencia deste ano, faise necesario darlle unha forma máis coidadosa aos foros, presentar documentos ou feitos que deban ser obrigatoriamente debatidos e, asemade, darlle tamén máis peso na cualificación ás prácticas de seminario. A distribución dos apartados da avaliación para o seguinte curso quedaría composta así:

1.- Asistencia e participación nas clases e nos foros: ata 1,5 punto	15%
2.- Prácticas de seminario: ata 3 puntos	30%
3.- Traballo en equipo: ata 2 puntos	20%
4.- Exame final: ata 3,5 puntos	35%

A utilización dunha dinámica conforme a créditos ECTS provoca un aumento considerable da atención persoal que o profesor dedica ao alumnado. Non menos de 12 horas á semana debe dedicar un profesor para atender as solicitudes dos seus estudantes, quer en atención no despacho quer a través da web da materia (por certo, a USC debería estudar o tempo que dedica o profesorado a atender virtualmente o alumnado e telo en conta).

Para levar adiante con éxito este sistema de traballo, cómpre establecer unha organización completamente diferente do ensino universitario. Un profesor non se pode encargar de tantos alumnos cunha atención moi precisa e facerlles un seguimento individualizado. É necesario que cada profesor acolla unha cota de alumnos, independentemente das materias que puidese ter encargadas e das clases maxistrais que tivese que impartir.

Esta cota non pode ser tan grande que o profesor non poida coñecer polo miúdo as necesidades formativas de cada un dos estudantes que forman o seu *kluster* e darlles as orientacións que os leven a acadar logros razoables. Unha cota sensata estaría arredor dos 25 estudantes como máximo.

Por esta razón, a función titorial da docencia ten que ser reforzada, xa que non se trata de que se fagan grupos máis pequenos para clases teóricas e de titorizar por materias en especificidade ao alumnado desta. O contrario, as clases teóricas poderían, incluso, facerse para grupos máis grandes (non ten moito sentido facer grupos para impartirmos conferencias, como se fai actualmente) e, incluso, pechamos o actual sistema de materias e distribuímos as tarefas entre o profesorado conforme aos obxectivos que hai que lograr e ás competencias e ás habilidades profesionais que for necesario desenvolver en cada estudante.

A mecánica dos créditos ECTS invita a facer grandes macro-materias en que os distintos profesores deben traballar en equipo, encárgase dunha parte desta no que atinxe a clases teóricas e prácticas, mais, despois, debe atender intensivamente un grupo moi limitado de alumnos con que formaría unha especie de círculo en que se atenderán as súas necesidades formativas máis básicas e en que, asemade, o profesor será o titor e o mediador ante os problemas que xurdiren na súa aprendizaxe. Non será posible doutra maneira.

**Eugenio Otero Urtaza**

REALIZACIÓN DE ESTUDOS PARA A ADAPTACIÓN AO EEES EN TITULACIÓN DO SUG. II  
FASE. MESTRE DE EDUCACIÓN INFANTIL

Materia: 741306 COÑECEMENTO DO MEDIO SOCIAL E CULTURAL

*Tipo de materia:* troncal

*Número de créditos:* 4,5 (3T + 1,5P)

*Curso:* terceiro

*Cuadrimestre:* segundo

*Lingua en que se imparte:* galego

*Descritores:* contidos, recursos metodolóxicos e materiais no coñecemento do medio social e cultural

**Profesor:** *Francisco Rodríguez Lestegás*

Departamento de Didáctica da lingua e da literatura e das ciencias sociais

## **1. OBXECTIVOS DA MATERIA**

### **1. Obxectivos que se relacionan cos novos coñecementos e coas habilidades que hai que adquirir na materia**

- 1.1. Coñecer as dimensións epistemolóxica e educativa das ciencias sociais.
- 1.2. Criticar as implicacións educativas da relación entre a escola e o seu contorno.
- 1.3. Analizar a presenza dos contidos sociais no currículo da educación infantil.
- 1.4. Enfocar a aprendizaxe dos contidos sociais desde unha perspectiva construtivista.
- 1.5. Reconsiderar as funcións da avaliación dos contidos sociais.

### **2. Obxectivos que se relacionan co dominio de ferramentas de aprendizaxe ou de formación**

- 2.1. Desenvolver as capacidades de análise e de síntese.
- 2.2. Desenvolver as capacidades de organización e de planificación.
- 2.3. Desenvolver o pensamento crítico.
- 2.4. Desenvolver as posibilidades de comunicación oral e escrita en galego ou en español.
- 2.5. Promover a aprendizaxe autónoma e cooperativa.
- 2.6. Desenvolver a capacidade para traballar en equipo.
- 2.7. Fomentar a motivación pola calidade do traballo realizado.

## **1. Informe do curso 2005-2006**

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)



**3. Obxectivos que se vinculan a valores e a actitudes importantes en función da materia ou do seu sentido no plano de estudos**

- 3.1. Comprender a complexidade e a non neutralidade dos procesos educativos en xeral e dos procesos de ensino-aprendizaxe en particular.
- 3.2. Concibir o coñecemento escolar como unha construción social, que cambia historicamente en función dos avances do coñecemento científico e da desigual valoración social que merecen os distintos contidos disciplinares.
- 3.3. Respetar as diferenzas culturais e persoais do alumnado e dos demais membros da comunidade educativa e desenvolver estratexias que eviten a discriminación e a exclusión.
- 3.4. Fomentar a construción participada de regras de convivencia democrática.
- 3.5. Promover os comportamentos respectuosos co medio natural, social e cultural.
- 3.6. Valorar as funcións pedagóxicas e sociais da avaliación con respecto aos contidos sociais.
- 3.7. Salientar a dimensión ética do oficio de mestre.
- 3.8. Entender a formación do profesorado como un proceso de desenvolvemento profesional continuo, desde unha concepción do profesor como profesional reflexivo e autónomo.

**2. ACTIVIDADES REALIZADAS NO MARCO ECTS**

- 01) Comentario dun documento en relación coa diferenza entre as ciencias de explicación e as ciencias de comprensión, entre os saberes nomotéticos e os saberes idiográficos, entre o método hipotético-deductivo e o método hermenéutico.
- 02) Comentario sobre os postulados fundamentais do pensamento de Popper.
- 03) Comentario sobre os postulados fundamentais do pensamento de Kuhn.
- 04) Comentario sobre a correcta interpretación dos termos obxectividade, neutralidade e imparcialidade en relación co traballo dos científicos sociais.
- 05) Comentario dos documentos representativos das perspectivas académicas, técnica, práctica e crítica en relación co papel que se atribúe ás ciencias sociais na escola.
- 06) Comentario de documentos en relación coa adopción da área ou da materia como unidade e como instrumento articulador do currículo de ciencias sociais.
- 07) Comentario deste enunciado: “As ciencias sociais carecen dunha fundamentación epistemolóxica global e non constitúen un conxunto estruturado e unitario de coñecementos escolares”.

- 08) Elaboración dun discurso a partir dunha serie de enunciados que expresan o proceso que vai desde unha educación contornal a unha educación institucionalizada e burocratizada.
- 09) Comentario de documentos en relación coa contradición entre a descualificación do traballo e a crecente cualificación dos traballadores.
- 10) Elaboración dun discurso a partir dunha serie de enunciados en relación coa consideración dos contidos escolares como unha construción social.
- 11) Comentario dun documento en que se reflexione sobre a non neutralidade dos contidos que se incorporan aos currículos escolares.
- 12) Elaboración dun discurso a partir dunha serie de enunciados en relación coa aprendizaxe dos contidos sociais desde un enfoque construtivista.
- 13) Comentarios sobre as limitacións que presentan os escolares para a construción dos conceptos que proceden do medio.
- 14) Elaboración dun discurso a partir dunha serie de enunciados en relación coa avaliación dos contidos sociais.
- 15) Comentario dun documento en que se sintetizan as funcións da avaliación.
- 16) Comentario dun documento en que se reflexiona sobre a incidencia das expectativas do profesorado sobre o éxito do alumnado, así como sobre as repercusións da avaliación na modelación do autoconceito e da autoestima persoal.

Os estudantes realizaron individualmente estas actividades e expuxéronas durante as clases. Despois do debate correspondente, reelaboráronas en grupos e presentáronas, preferentemente a través da USC Virtual ou, no seu defecto, por escrito. Este traballo representou o 30% da cualificación final.

### **3. DIFICULTADES QUE ACHAMOS**

Principalmente, o excesivo número de alumnos (63). En segundo lugar, a inexistencia dun equipamento informático nas aulas utilizadas. Por último, as serias dificultades que presentan os estudantes en relación coa súa capacidade de comunicación escrita e, sobre todo, oral. A este respecto, sorprende especialmente que, a pesar dos anos dedicados ao estudo do galego, o dominio desta lingua sexa verdadeiramente moi deficiente.

### **4. NECESIDADES, CON VISTAS Á IMPLANTACIÓN FUTURA DA METODOLOXÍA ECTS**

As que derivan da esixencia de emendar as dificultades que se expresan no apartado anterior.

**Informe do curso 2005-2006**

ÉTICA PARA EDUCADORES

PRIMEIRO CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL

**Docente: Beatriz Fernández Herrero**

**1. Obxectivos previstos**

**Obxectivos que se relacionan cos novos coñecementos e coas habilidades que hai que adquirir na materia**

- Comprender e manexar o vocabulario, os conceptos e os termos máis usuais da Filosofía Moral.
- Establecer unha relación dos coñecementos básicos da Teoría Ética e, entre tales conceptos, coa dimensión práctica e histórica da moral.
- Iniciarse no ámbito do desenvolvemento moral e no manexo das principais teorías, especialmente as que refiren á Educación Infantil.
- Iniciarse no ámbito da educación moral e do manexo das principais teorías, especialmente as que refiren á Educación Infantil.
- Adquirir habilidades no manexo e na elaboración de materiais didácticos, para analizarmos que valores transmiten.

**Obxectivos que se relacionan co dominio das ferramentas de aprendizaxe ou de formación**

- Fomentar a adquisición da capacidade de elaborar e de expresar as ideas de forma autónoma, para aceptar as dos outros e para tomalas en consideración: a preparación para a actitude dialóxica e a base da convivencia nunha sociedade democrática (comunicación verbal).
- Fomentar a preparación de cada persoa como suxeito moral (racional, autónomo, responsable e libre), para respectar e para valorar cada unha delas (consideración personalizada).
- Selección/elección dunha serie de principios éticos, xustificándoos racionalmente, e capacitación para orientar as accións propias, tanto persoais como profesionais, cara a eles (sentido ético).

**Obxectivos que se vinculan a valores ou a actitudes**

- Adquisición de valores persoais relativos ao desenvolvemento do espírito crítico e da autonomía moral.
- Adquisición de actitudes positivas cara ao pluralismo, ao respecto, á tolerancia etc., que posibiliten a convivencia entre persoas nunha sociedade plural e democrática.

**2. Actividades realizadas no marco ECTS**

En termos xerais, para o desenvolvemento da materia, utilizouse unha metodoloxía consistente en varios apartados:

- Sesións de clases presenciais, en que se introducían os temas e os conceptos básicos para traballalos ou se realizaban debates (en pequeno e en gran grupo), traballos en grupo (grupos pequenos) e actividades de aplicación práctica dos contidos que en cada momento estaban a ser traballados.
- Sesións non presenciais, en que o alumnado, individualmente ou por grupos, debía realizar traballos, procuras ou traballos que se relacionasen co tema tratado en cada momento, que se lle solicitaban.
- Os traballos, tanto os realizados nas sesións presenciais, como os que correspondían ás sesións non presenciais, eran arquivados en *portafolios*, que servirían como material de referencia ao alumnado para a realización do exame final.

Se detallamos estas actividades no programa da materia, o desenvolvemento do curso foi como se expresa a continuación:

#### • BLOQUE I: CONCEPTOS INTRODUTORIOS DE ÉTICA: MARCO TEÓRICO E FILOSÓFICO

Para traballar este bloque temático, comezamos cunha exposición teórica que nos ocupou varias sesións de clase, en que se explicaron de forma sucinta os conceptos, se resolveron as dúbidas que o alumnado expresaba (actividades de expresión e de clarificación), e se realizou algún comentario de texto, de xeito oral, sobre os temas relacionados co bloque.

A continuación o alumnado dispuxo de dúas sesións de clase (3 horas) para realizar un esquema comprensivo dos coñecementos adquiridos, que sería comentado posteriormente en clase de forma xeral e incorporado aos portafolios individuais de cada un.

#### • BLOQUE II: DESENVOLVEMENTO MORAL

Este bloque consta de tres temas, dedicados a tres modelos ou paradigmas de desenvolvemento moral, que se pretende que o alumnado coñeza de forma crítica e que lle servirá como referencia para a súa futura práctica profesional, como educadores/as morais.

Para enfrontalo, realizáronse exposicións teóricas en que se explicaban as liñas fundamentais de cada modelo, se resolvían as dúbidas que o alumnado expresaba e se facía algunha práctica sobre a metodoloxía e os contidos de cada modelo, para o referir a cada estadio evolutivo e debater sobre os resultados en pequeno e/ou en gran grupo. Posteriormente, en sesións non presenciais e individualmente, o alumnado debeu realizar un balance-resumo de cada actividade, un comentario de textos etc., que debería ir incorporando ao seu portafolios individual.

#### • BLOQUE III: EDUCACIÓN MORAL

Neste bloque faise unha aproximación reflexiva á práctica profesional dos futuros educadores/as, sobre o inevitable carácter moral e de formación para a cidadanía que ten a educación e trabállase de forma exclusivamente presencial, a través de exposicións teóricas e de participacións do alumnado, con actividades de expresión oral que consisten en procuras de exemplos extraídos da experiencia propia e da observación, en discusións e en clarificacións conceptuais, e en matizacións en gran grupo que tenden a acadar esta clarificación.

• **BLOQUE IV: A EDUCACIÓN MORAL NA IDADE INFANTIL**

O obxectivo deste bloque no programa é a aplicación dos coñecementos xerais adquiridos anteriormente ás características e ás necesidades propias da educación infantil. Foi traballado nun primeiro momento a nivel teórico, revisando e aplicando as características do alumnado de educación infantil que se traballaron no bloque II e, posteriormente, a nivel práctico, sobre como presentar os contidos morais ao alumnado desta etapa educativa; neste caso seleccionouse como forma de presentación a literatura infantil e traballáronse exemplos de literatura clásica e de literatura contemporánea, adaptados cada un deles a un modelo concreto de desenvolvemento. Finalmente, a modo de actividade, foi proposta a confección dun traballo de reflexión sobre as características concretas do alumnado de idade infantil e dunha proposta de actividades para traballar en cada área curricular, que se realizou en sesións non presenciais e que foi elaborado de forma individual e incorporado ao portafolios.

A última actividade que se realizou foi un exame final, que se entende como balance do curso, a que o alumnado podía acudir con todo o material que considerara preciso: temario, apuntamentos de clase, os traballos individuais incluídos no portafolios etc. Xunto co exame, o alumnado entregaba o portafolios para a súa revisión final por parte da profesora, tras as correccións que cada quen fixer despois das revisións feitas nas sesións de clase de forma xeral.

**3. Dificultades**

- 1) A primeira das dificultades presentouseme no momento da planificación do curso e está referida ao proceso de corrección dos traballos presentados polo alumnado, xa que, ao ser unha materia de carácter obrigatorio, sumaban moitos máis dos que eu me sentía capaz de supervisar. A solución por que optei foi a dos “portafolios”, unha idea que tomei do profesor Zabalza no curso de guías e que materialicei corrixindo de xeito xeral e colectivo os traballos en clase despois da súa realización, ao pedir ao alumnado que o arquivara nun portafolios que sería entregado xunto co exame, na data marcada para iso. O resultado non foi satisfactorio en absoluto: o alumnado debeu pensar que, unha vez feito, xa non tiña que retocalo, e entregou cousas que non tiñan nada que ver en ocasións co que se lles pedira e, por suposto, sen introducir as correccións pertinentes. Outras veces foron entregados portafolios de persoas que non asistían ás clases, co que queda confirmada a idea de que non houbo ningún tipo de reflexión nin de corrección tras a revisión feita nas sesións de clase. Poucos foron os alumnos e as alumnas que comprenderon a idea e que realizaron traballos adecuados. En todo caso, a revisión última foi un traballo arduo...
- 2) Canto aos resultados da aprendizaxe, teño a impresión de que o rendemento non se adecuaba ao esforzo que realizou a profesora, pois esforceime moito. Porén, as cualificacións do exame e a calidade dos traballos foron, talvez, as máis baixas de todo o tempo que levo impartindo a materia. En todo caso, asumo a miña responsabilidade e a miña inexperiencia: para os próximos cursos revisarei o meu modo de proceder ou cando menos de explicar ao alumnado o que ten que facer. A reflexión que me suxire é que, en primeiro curso, as capacidades de traballo autónomo son moi limitadas, como tamén o é a competencia en expresión oral, en expresión escrita e, mesmo, a comprensión lectora: na maioría dos casos, limitáronse a entregar resumos consistentes en copiar parágrafos dos textos que eu lles entregaba, sen

unha mínima reflexión, ampliación, crítica ou valoración, ou apuntamentos doutras materias.

En definitiva, non podo dicir que a experiencia teña sido positiva, nin para min, que me vin desbordada de traballo, nin para o alumnado ao ver as súas cualificacións.

#### 4. Necesidades

- a) Un menor número de alumnado ou un maior número de profesorado para poder traballar de forma axeitada e racional. De feito, nas materias optativas, en que utilicei o mesmo sistema con menos alumnas/os, os resultados foron moito mellores e o nivel de satisfacción por ambas as partes (docente e discentes) moito maior.
- b) A posibilidade de que o alumnado acceda a cursar a materia cun mínimo coñecemento, xa que non dos conceptos básicos, que sería imposible, de manexo de destrezas de busca de información (do tipo de cursos de formación en uso e xestión da información que desde a biblioteca se veñen impartindo) e cunha competencia en comprensión lectora, expresión oral e expresión escrita que penso que non teñen acadado nos seus estudos previos.
- c) Un maior tempo de preparación por parte da docente das formas de presentación dos contidos e dos traballos solicitados.
- d) Coordinación entre o profesorado das distintas materias no referente ás competencias e mesmo aos contidos que hai que impartir, para dotar dun sentido multidisciplinario a estes.

### INFORME PARA A ACSUG

#### Curso 2005/20060. - IDENTIFICACIÓN DA MATERIA

NOME DA MATERIA: **CONCEPTOS FUNDAMENTAIS DE DIDÁCTICA**

**Profesor: Rufino González Fernández**

Código: 741101. Tipo de materia: troncal

Curso: 1º

Número de créditos: 3 teóricos + 1,5 prácticos

Primeiro cuadrimestre

Se seguimos a *Guía didáctica* (experimental no curso actual), Conceptos Fundamentais de Didáctica encádrase no grupo de materias fundamentais que teñen por obxecto dotar o alumnado de todas as especialidades dunha formación inicial teórica e práctica de carácter xeral que lles sexa de utilidade para o seu desenvolvemento persoal e profesional.

#### 1. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN

Ao ser un dos primeiros contactos co conxunto de disciplinas que pretenden o obxectivo común de desenvolver as capacidades e de dotar das ferramentas precisas para un frutífero exercicio profesional próximo, precísase que ese contido técnico sexa posto nunha linguaxe común.

Trátase de que vexan, teórica e practicamente:

- que elixiron unha profesión diferente a como se ve desde fóra, porque é máis complicada e máis crucial para a sociedade do que se percibe
- que coñezan a diferenza entre instruír, ensinar e educar
- que sexan conscientes de que ensinar e aprender son procesos diferentes, diferenciados e (á vez) simultáneos
- que os sitios, os materiais, as persoas e as maneiras de levar a cabo estes procesos teñen unha historia, teñen un presente e terán un futuro que dominarán

Dito en telegrama, é importante que comecen a ser conscientes de se elixiron unha profesión que os satisfai (no persoal), que os enche (no profesional) e que os engrandece (no social).

Conceptos Fundamentais da Didáctica pretende aproximalos a diferentes aspectos do mundo da escola: á súa complexidade cotiá, ao seu compromiso social, aos seus fins e intereses (ideolóxicos, económicos, políticos, relixiosos...) e, tamén, ás consecuencias da súa acción educativa.

Como futuros mestres e mestras deben posuír unha sólida formación intelectual, para ter unha comprensión globalizada da educación (desde un punto de vista didáctico, psicolóxico, antropolóxico e sociolóxico) se queren facer fronte á tarefa cun mínimo de eficiencia, porque, hoxe (e máis de cara ao futuro), para educar non chega con saber a materia e con transmitir os seus contidos a secas.

Necesítase (cada vez máis) desenvolver unha análise crítica da escola como a organización social en que discorre grande parte da vida de cada alumno ou de cada alumna.

Estes coñecementos múltiples (sociais, psicolóxicos, científicos e didácticos), sen fronteiras entre eles, axudaranos a conseguir unha comunicación máis enriquecedora, educadora e orientadora.

Conceptos Fundamentais pretende contribuír á formación dun mestre ou dunha mestra crítico e reflexivo, polo que a práctica docente será unha oportunidade real de acceder a un coñecemento científico, profesional e socialmente útil.

Entre os OBXECTIVOS, a tendencia para lograr unhas COMPETENCIAS axeitadas que se viñeron desenvolvendo, sabendo que 'xamais alcanzaremos o horizonte', pretendéronse os que seguen:

1. Iniciarse na comprensión das relacións entre a educación e a sociedade, para coñecer as funcións da educación no noso contexto próximo e para analizar as diferentes fontes do currículo.
2. Iniciarse en como se investiga, como elemento chave do propio desenvolvemento persoal e profesional.
3. Reformular o compromiso ético do maxisterio coa sociedade.
4. Iniciarse no traballo en grupo e favorecer as experiencias de traballo en equipo.

5. Desenvolvemento da procura intelectual e do coñecemento.
6. Avance no razoamento crítico e reflexivo.
7. Boa expresión oral e escrita.
8. Respecto e tolerancia cara á diversidade.
9. Facilitar a posibilidade de traballar de forma autónoma.

Este conxunto de tendencias, pode resumirse en que, como profesor, me sentirei satisfeito se ao final deste cuadrimestre (por medio, entre outras materias de Conceptos Fundamentais da Didáctica), o alumnado é capaz de decidir se esta profesión é a que desexa ser.

## 2. ACTIVIDADES QUE SE DESENVOLVEN

Entre as actividades que se levaron a cabo, que dependen dos contidos prescritos polos descritores da materia (*Compoñentes didácticos do proceso de ensino-aprendizaxe. Modelos de ensino e de currículos*), é preciso destacar as seguintes:

- traballos de achegamento á escola como organización social
- lecturas literarias e profesionais
- procuras en prensa e noutras fontes
- elaboración de materiais propios e análise de materiais reais
- reflexión da actividade diaria con reflexo nun diario de actividade
- desenvolvemento dun traballo autónomo que enriqueza a formación

Ningunha destas actividades, con excepción do diario persoal, foi unha actividade individual, senón grupal (ás veces en pequeno grupo -2 ou 3 persoas-; ás veces en grupo medio -4 a 10 persoas-; outras en gran grupo).

Usáronse as 45 horas presenciais de clase de forma íntegra, se ben sabemos que a aplicación dos créditos ECTS ocasiona outras actividades, entre as que é preciso mencionar as que seguen:

- moito alumnado pasou polo meu despacho (de forma individual e/ou en grupos pequenos) en sesións de tutorías presenciais;
- a atención a través da USC-Virtual experimentou un grande avance sobre cursos anteriores, se ben, tamén o fai o tempo de dedicación
- preparouse un informe dunhas 200 copias de material de traballo engadido que foi recollido na fotocopiadora conforme foi necesario

A distribución temporal en créditos ECTS levouse a cabo dunha forma axustada á táboa que se achega.



	Aula	Factor	Individual	TOTAL
Presentación e negociación da dinámica de clase	5	1	0	5
Clases Teóricas	15	1	15	30
Actividades na Aula	15	0,3	5	20
Recensión literaria	5	0,4	2	7
Recensión profesional	5	0,4	2	7
Traballo Individual (Diario)	0	–	15	15
Traballo de Investigación	10	0,2	2	12
Traballo de prensa	4	0,5	2	6
Titorías para pequenos grupos	5	1	0	5
Avaliación Materia e Profesor (Cuestionario+Comentarios)	1	1	0	1
Imprevistos	–	–	–	3
Exame	1,5	1	0	1,5
<b>TOTAL</b>				<b>112,5</b>

Indicar que as clases teóricas, ao meu xuízo, non poden minguar aínda que se programen como créditos ECTS, máis ben deben ampliarse.

Todos estes aspectos, a pesar da dificultade para telos en conta en grupos tan numerosos como os que somos, son considerados na avaliación, que tivo 3 modalidades:

- **MODALIDADE A. SEGUIMIENTO DE CLASE**

**Abrangueu 7 ámbitos de traballo complementarios:**

- a) **Diario de clase.** O seu prazo de entrega foi, como data límite inaprazable, o **15 de xaneiro**. Tivo unha valoración do **25%** do total da nota.
- b) **Recensión literaria.** O prazo de entrega, improrrogable, foi o **15 de novembro**. O seu valor final foi do **15%** do total da nota.
- c) **Recensión profesional.** O prazo de entrega, improrrogable, foi o **15 de decembro**. Tivo un valor do **15%** da nota final.
- d) **Traballo de investigación.** O prazo de exposición foi o **15 de decembro**. O seu valor final foi do **15%** da nota.
- e) **Traballo de prensa.** O prazo de entrega improrrogable, foi o **10 de xaneiro**. Tivo un valor do **10%** do total final.
- f) **Informe de apuntamentos.** O prazo improrrogable foi de 7 días antes do desenvolvemento oficial do exame da materia. Tivo un valor do **10%** do total final.
- e) Quedou un **10%** da nota que corresponde ao **profesor** baseándose na dinámica da clase e noutras actividades discrecionais.

Foi imprescindible a participación e a superación dos 7 ámbitos para poder APROBAR a materia sen facer o exame final, de acordo coa seguinte táboa de correspondencia numérica:

	ESCASO	SUF	BEN	NOT	SOB
DIARIO (traballo individual)	0	1	1,5	2	2,5
RECENSIÓN.1/RECENSIÓN.2/INVESTIGACIÓN	0	0,75	1	1,25	1,5
PRENSA/INFORME/CLASE	0	0,5	–	0,75	1

- **MODALIDADE B. MIXTA.** Só para aquel alumnado que optou pola MODALIDADE A e que, por razóns xustificadas e negociadas co profesor, non puidese presentar o conxunto dos traballos e/ou estes fosen valorados de forma escasa, terá que facer unha parte do exame da MODALIDADE C, que lle será debidamente especificada
- **MODALIDADE C. EXAME FINAL.** Para o alumnado que estea exento de asistencia, de forma oficial, desenvolverase un exame final na data que corresponda do mes de febreiro, que consistirá en 10 preguntas breves (cada unha valorada cun 1 punto) e 5 preguntas amplas (cada unha valorada con 2 puntos). Será necesario superar as dúas partes para APROBAR a materia.

**No caso do alumnado que asiste regularmente a clase: Para APROBAR A MATERIA** ten que ter realizados, presentados en data e **APROBADOS OS TRABALLOS ESTABLECIDOS** nas condicións sinaladas.

No suposto de que unha alumna ou un alumno non superar a materia a través dos traballos terá a opción de se presentar ao exame establecido nestas condicións. **Se** en febreiro **SUSPENDE**, en **SETEMBRO** deberá ir a **EXAME**.

**No caso do alumnado con exención de docencia teórica: Para APROBAR A MATERIA** é necesario **APROBAR O EXAME** (sacar un mínimo de 5 puntos nas preguntas curtas e un mínimo de 5 puntos nas preguntas longas).

**Tivéronse en conta consideracións xerais sobre a valoración dos traballos de acordo co programa de competencias.** Os aspectos específicos de cara á avaliación de cada traballo aparecen detallados nun apartado específico dentro de cada bloque.

En termos xerais avaliáronse os seguintes aspectos:

- Contidos (orixinalidade, adecuación ao tema obxecto de estudo e pertinencia)
- Capacidade de organización dos contidos (estrutura)
- Capacidade de relacionar a información
- Capacidade de sintetizar a información
- Capacidade de analízala de forma reflexiva
- Comunicación escrita (redacción, coherencia argumental lóxica do discurso, elaboración dun discurso propio ou orixinal a partir das fontes, ortografía, sintaxe...)
- Presentación estética

## 1. Informe do curso 2005-2006

- Comunicación oral, caso de se expor en clase (vocabulario, calidade do discurso, preparación da intervención, comunicación xestual, seguridade en si propio...). Avaliarase especialmente o esforzo por adquirir ou por mellorar a competencia comunicativa.

En virtude do “Programa de Competencias” -en marcha de forma experimental desde o curso pasado na Escola de Maxisterio e que se achega como ANEXO- o estudantado contou coa formación necesaria e co material suficiente para saber como realizar unha recensión dun libro, como elaborar un informe, como comentar un texto ou como procurar información.

### 3. DIFICULTADES QUE ACHAMOS

As maiores dificultades que achamos para poder poñer en marcha o proceso teñen que ver con:

- a. Principalmente, o excesivo número de alumnos, máis de 150, dado que é *imposible*, pola falta de rendibilidade, facer dous programas (un tradicional e outro de ECTS), para as diferentes especialidades.
- b. En segundo lugar, a inexistencia dunha estrutura básica, quer no edificio quer nos medios de uso para evitar escusas, moitas veces fundadas.
- c. A atención ao alumnado que non asiste, que presenta, sempre, circunstancias singulares de atención que son moi difíciles de complementar coa aplicación das metodoloxías que os ECTS esixen.
- d. Por último existen tres circunstancias sobre as persoas que fan difícil unha aplicación correcta das formas:
  - unha referida ás capacidades e ás expectativas de partida do alumnado que fan (sobre todo polo número) tecnicamente imposible un traballo individual
  - outra referida a que, dada a voluntariedade actual, hai outros compañeiros e compañeiras profesores que non aplican estas formas, o que ocasiona certa rareza de adaptación do propio estudantado
  - a terceira, en relación co estilo persoal que é, en moitas ocasións, pouco paciente e de moita presión sobre o desenvolvemento das actividades, máis alá do cumprimento do programa deseñado.

### 4. NECESIDADES FUTURAS

As que derivan de solucionar as dificultades que mencionamos no apartado anterior.

A iso é preciso engadir a posibilidade de dispoñer de apoios de docencia por parte doutras persoas (bolseiros, relatores...) que diminúan o tempo de dedicación directa. Para tal efecto, propoño que:

1. Todo o profesorado que desenvolva, eficazmente, estes programas vexa reducida a dedicación horaria dos 24 créditos tradicionais a 20 no equivalente que corresponder para poder levar a cabo unha función docente de calidade.
2. En ningún caso os grupos de atención de acordo con esta metodoloxía excedan as 50 persoas.
3. En ningún caso se acepte que a atención directa sobre o alumnado sexa reducida.

## EXPRESIÓN MUSICAL E A SÚA DIDÁCTICA

### CURSO 2005 /2006 - Desenvolvemento da experiencia de aplicación do sistema ECTS

*M<sup>a</sup> Ángeles López de la Calle Sampedro*

#### 1. Antecedentes

No actual plano de estudos para a formación inicial do profesorado de Educación Infantil da Universidade de Santiago de Compostela no Campus de Lugo, a capacitación docente para o desenvolvemento da Expresión Musical e a súa Didáctica está encargada a dúas áreas de coñecemento:

- área de Música, coa materia de Música no primeiro curso cun total de 4,5 créditos
- área de Didáctica da Expresión Musical, coa materia Expresión Musical e a súa Didáctica no terceiro curso cun total de 4,5 créditos

Á súa vez, cada área de coñecemento oferta á especialidade de Educación Infantil varias materias optativas que dan ao alumnado a posibilidade de completar esta formación troncal básica.

Expresión Musical e a súa Didáctica é unha materia que se imparte no terceiro e no último curso da carreira e que, por tanto, debe supoñer o afianzamento dos coñecementos didáctico-musicais adquiridos no primeiro curso e o peche na adquisición das competencias necesarias para poder intervir a través da expresión musical na educación infantil. Mais esta función da materia non se realizaba antes de deseñar e de formular a súa adaptación.

Algunhas dificultades e algúns problemas facían que este cumprimento se achase fóra do noso alcance:

Se atendemos á carga troncal, podemos considerar que a presenza da Música e a súa Didáctica neste plano de estudos é bastante reducida. Nove créditos de carácter troncal resultan totalmente insuficientes para poder ofrecer unha formación didáctico-musical de calidade ao futuro profesor de educación infantil.

Se nos fixamos nas determinacións legais para a materia que nos ocupa, os Obxectivos, contidos e actividades na educación musical. Metodoloxías para a formación musical, este requirimento oficial presupón que o alumnado conta cunha preparación musical que poderíamos denominar básica, que o alumno desenvolveu unha comprensión sobre a natureza da música e que estes coñecementos lle van permitir adquirir as competencias didácticas para poder intervir na educación infantil a través da expresión musical.

Lamentablemente, a maioría do alumnado ao comezo do curso non alcanza estes prerrequisitos musicais que son, sen dúbida, imprescindibles para a consecución das demais competencias que son propias da materia.

Outro aspecto importante refírese á formulación tradicional desta materia. Os seus obxectivos achábanse afastados dos propósitos da converxencia, cunha relación non moi axustada coas competencias musicais propias do docente de educación infantil. No caso dos contidos, estes presentábanse organizados por bloques que eran pouco coherentes co número de créditos da propia disciplina. Ademais, non se establecía unha distinción

entre os contidos básicos, os esenciais, e os contidos de ampliación e tampouco se sinalaba a relación entre uns temas e outros.

Estas cuestións explican, en parte, que o alumnado teña serias dificultades para afrontar con éxito o desenvolvemento dun axeitado ensino da música ao se incorporar ao traballo nos centros de educación infantil ou noutros espazos educativos como poden ser: xardíns de infancia, ludotecas, obradoiros de actividades musicais (como, por exemplo, de construción de instrumentos, de xogos con cancións, de danzas infantís) ou campamentos.

Para corrixirmos os déficit detectados na planificación desta materia e para tratarmos de que o alumnado adquira as competencias básicas necesarias para desenvolver de xeito efectivo, con independencia e con seguridade o ensino da música na educación infantil desenvolveuse un plano de adaptación que se sintetiza na guía docente desta materia.

Presentamos a continuación o máis destacado en relación coa experiencia de adaptación.

## 2. Obxectivos que se prevén

A adaptación ao sistema ECTS incluíu, entre outras cuestións, a realización de reaxustes nos obxectivos docentes para esta materia. Hai cinco que se poderían considerar relevantes nesta experiencia:

### Uso do principio de “actividade” para todo o proceso de aprendizaxe

A aprendizaxe da linguaxe musical, igual que a aprendizaxe doutras linguaxes específicas, adquirese e móstrase a través da vía procedemental.

Actualmente, os procedementos e as habilidades adquiriron un papel fundamental no proceso de ensino e de aprendizaxe musical. Por iso, o acceso a todos os contidos disciplinarios produciuse desde o uso da voz cantada, o oído musical, o movemento asociado á música, as habilidades instrumentais e a memoria musical. Isto significa que o principio de actividade estivo presente en todo o proceso.

En música “facer” é un feito imprescindible, xa que sen a súa práctica non é posible avanzar no seu dominio. En consecuencia, o tempo destinado ás sesións prácticas foi moi superior ao destinado para as sesións teóricas.

Por exemplo, o tema núm. 1 (Escoitar, interpretar e crear: os procedementos e as habilidades na educación musical) converteuse no “corazón” da materia. A intención deste tema foi que desde o principio se tratase como un tema en progreso en que se destacan as habilidades e as destrezas que requiren unha práctica regular e un desenvolvemento continuo ao longo da materia. Deste xeito tratouse que o alumnado:

- Desenvolva a capacidade de “facer música con outros”

### Equilibrio no ensino da linguaxe musical e na súa didáctica

Unha formación inicial do profesorado escasa ou deficiente no coñecemento da linguaxe musical e nunha metodoloxía axeitada vai repercutir no xeito de facer accesible a música aos máis pequenos. A formación musical do profesor de educación infantil nestes dous ámbitos, constitúe unha cuestión chave para alcanzar unha formación musical de calidade.

Neste sentido, a intención foi que o desenvolvemento didáctico de todos os temas estea “bañado” por estas dúas dimensións.

Por exemplo, o tema núm. 2 (Rodeados de sons interesantes: o material sonoro) da materia tratouse de maneira que o primeiro e o terceiro obxectivo específico se baseasen nos requirimentos específicos do currículo de música para a etapa de educación infantil e o segundo se dirixise a un entendemento do alumnado cara aos elementos da música. Deste xeito trátase de que o alumno:

- coñeza todo o material sonoro susceptible de ser empregado na educación musical dos pequenos
- desenvolva a capacidade para identificar os sons e para combinar e para utilizar o son dunha forma expresiva
- tome consciencia da importancia da escoita activa, aprenda a desenvolverla nos nenos para lles axudar a discriminar os sons, a que perciban os seus parámetros e as súas variacións.

#### **Progresión na amplitude da experiencia musical**

Antes de se introducir nesta materia, o estudantado ten experiencias musicais de diversa índole que adquiriu en diferentes comunidades educativas e tamén á marxe delas (como, por exemplo, en agrupacións folclóricas, en prácticas instrumentais como afeccionado, na pertenza a un coro...).

Estas experiencias foron recoñecidas desde o principio e tratouse de ampliar a experiencia musical do alumnado.

Por exemplo, incrementouse:

- os tipos de música que se utilizan como estímulo para facermos e para respondermos á música, que inclúen folk, jazz e música popular de diferentes épocas, culturas e tradicións, especialmente do folclore popular de Galicia.

A forma en que traballamos para asegurar unha apropiada amplitude de experiencias musicais e de repertorio foi axudar ao alumnado a que se mova de músicas que lle resultan “familiares” cara ás músicas “non familiares”.

Estes alumnos escoitan de forma extensa música popular, polo que se utilizou como punto de partida para viaxarmos cara á música que non lles resulta tan familiar, como a música clásica.

- outras formas de estímulos que inclúen poesía, danza e pintura.

#### **Progresión na profundidade da aprendizaxe**

No desenvolvemento da docencia, tomaron decisións sobre a apropiada profundidade e a extensión dos contidos da materia.

Por exemplo, incrementouse:

- o grao de implicación do alumnado cara á música e cara ao ensino da música aos máis pequenos.

- a lonxitude e a complexidade do material rítmico e melódico e o desenvolvemento das habilidades do alumnado para cantar de xeito afinado e para tocar axustado ritmicamente de forma individual e en grupo.
- a lonxitude da memoria musical dos alumnos e das alumnas e a súa precisión no uso das notacións gráficas convencionais.
- o entendemento do alumnado cara aos obxectivos da aprendizaxe que son claves no currículo de música para a educación infantil e a súa habilidade para facer conexións entre as áreas de coñecementos e as destrezas.

### **Progresión na calidade do resultado**

O cambio pedagóxico no proceso de converxencia para esta disciplina supuxo tamén axudar o alumnado desta materia para que aprecie e que consiga música de calidade.

Do mesmo xeito que se pode falar sen sentido, sen achegar ningunha información útil, é posible cantar unha melodía ou tocar un instrumento dun xeito que non é musical. A calidade en música non só depende da precisión senón, máis ben, da forma en que os sons se usan de forma expresiva.

A calidade musical é difícil de definir mais pode ser vista na forma en que, por exemplo, unha interpretación musical pode chegar a agradar completamente a un oínte mentres que, por exemplo, outra interpretación non o consiga en absoluto.

Tratamos de que a calidade musical estiver presente desde o comezo das sesións prácticas, en todos os temas tratados e en todas as experiencias realizadas dentro da aula.

A calidade musical require confianza e independencia e estas son as características que se trataron de desenvolver constantemente.

En consecuencia, os contidos, quer os teóricos quer os prácticos, que traballamos non foron moi extensos, centrámonos nos máis básicos e nos máis importantes para permitir consolidar o que se aprendeu. O noso obxectivo foi, en todo momento, facer máis ou menos en orde á obtención de lograr calidade.

### **3. Actividades que realizamos no marco ECTS**

A nova orientación na planificación da docencia afectou tamén ás liñas de traballo e á variedade de actividades que desenvolvemos:

#### **I. Traballo práctico realizado con todos os alumnos nas clases**

Actividades para o desenvolvemento de destrezas en conxunto

Isto é, as actividades que axudaron ao alumnado a desenvolver destrezas á hora de “cantar” (importantísimas dentro do currículo de educación infantil porque a voz é o instrumento máis inmediato), “escoitar e responder” a través do movemento ou da danza, así como a “interpretar” música con outros. Deste xeito, o alumno desenvolveu a través das actividades en grupo cada unha das destrezas que se interrelacionan na interpretación e na composición musical e os procedementos e as habilidades da educación musical. As actividades de destreza en conxunto, inclúen moitas actividades que axudaron o alumno a se iniciar no uso da notación da música. Dentro desta toma de contacto déronse pasos moi pequenos, por exemplo faceren a notación do que escoitan a través dos símbolos e das grafías como liñas, puntos e símbolos máis abstractos e usaren, máis tarde, a notación convencional máis elemental coa branca, a negra e a corchea.

En definitiva, trátase das actividades esenciais que se realizaron no desenvolvemento dos temas núm. 1, núm. 5 e núm. 6 da materia.

#### Actividades para o desenvolvemento de destrezas disciplinarias

Isto é, as actividades que axudaron ao alumnado a desenvolver destrezas rítmicas como o sentido do pulso ou do ritmo e destrezas melódicas como o sentido do ton e da frase. Deste xeito, o alumno desenvolveu actividades disciplinarias que son básicas para aquel estudiantado que pense intervir na educación infantil a través da expresión musical como, por exemplo, manter o pulso, diferenciar agudo e grave ou tocar axustado.

En xeral, trátase das actividades esenciais que se realizaron no desenvolvemento dos temas núm. 3 e núm. 4 da materia.

#### Actividades para o desenvolvemento de destrezas descritivas

Isto é, as actividades que axudaron ao alumno a desenvolver destrezas para usar e para controlar a expresividade dos elementos da música para conectalos con outras áreas da aprendizaxe propias da educación infantil.

Trátase de actividades onde a música participa ou reforza outras áreas do desenvolvemento infantil e enlaza con elas de xeito directo. Por exemplo, coa narración e coa pre-lectura, para crear, para interpretar e para analizar contos ou narracións curtas que combinan sons, movementos e narrativa.

Corresponden as actividades que se realizaron durante o desenvolvemento dos temas núm. 2, núm. 7 e núm. 8 da materia.

## **II. Traballo autónomo individual fóra da aula**

#### Actividades para o desenvolvemento de destrezas docentes

En primeiro lugar, a confección dunha ficha didáctica de cada tema da materia onde o alumnado estrutura e organiza os contidos e as experiencias que adquiriu durante o desenvolvemento de todas as sesións teórico-prácticas que se realizaron na aula e o deseño dunha proposta didáctica musical con cada un dos temas anteriores para a etapa de educación infantil.

En segundo lugar, un estudo e unha valoración da realidade musical que se viviu na aula de educación infantil durante o período de Prácticas Escolares II, entre os meses de novembro e de decembro.

O alumno, durante o seu paso polas aulas de educación infantil de determinados centros tanto públicos como privados da Comunidade Autónoma de Galicia, conseguiu ter unha idea máis aproximada sobre o uso da música na práctica educativa diaria.

Obtiveron información sobre diversos aspectos do currículo de música: a utilización de determinados contidos musicais, o uso dos instrumentos musicais por parte dos nenos, o emprego de rutinas musicais, a realización de actividades de tipo disciplinario e descritivas e o tempo que se utilizou para a expresión musical.

Todas estas cuestións importantes que o alumnado observou durante a súa experiencia, compartiunas co grupo-clase e enriqueceu os demais co seu traballo. Deste xeito o alumno coñece tamén diferentes maneiras de tratar as mesmas cuestións musicais na práctica.



Quer a elaboración das fichas didácticas quer a experiencia que se recolle nas aulas de infantil durante o período de Prácticas Escolares II correspóndense co desenvolvemento do tema núm. 10. Un tema esencial con que se pecha o proceso de aprendizaxe da materia e que supón o resumo de todo o traballo teórico-práctico do curso.

#### **4. Dificultades que achamos**

En relación cos problemas e coas dificultades que achamos na aplicación da experiencia de adaptación, sinalamos as máis significativas:

##### **Dificultades para que o alumnado se exprese a través da música de forma natural**

O alumnado manifesta, ao comezo do curso, unha falta de seguridade individual e dentro do grupo para realizar a “Práctica” que corresponde ao proceso de aprendizaxe da materia. Obsérvanse dificultades para desenvolver as súas capacidades expresivas e comunicativas a través da expresión musical.

Por exemplo, a maioría do estudantado que está arredor dos vinte anos de idade cústalle cantar calquera canción por moi elemental que sexa. A súa inseguridade na emisión e o tronso a se expor a ser escoitado polo resto dos seus compañeiros, prodúcelle un bloqueo considerable.

Isto supuxo un obstáculo na transferencia das aprendizaxes musicais e das didácticas que se propoñen. O alumno, nese momento, ten dificultades para centrar a súa atención axeitadamente nos contidos que se están a traballar na clase.

##### **Dificultades para conseguir unha axeitada profundidade da aprendizaxe**

O alumnado presenta ao comezo do curso dificultades para comprender e para asimilar os elementos da música que son básicos para traballar a educación musical dos nenos na etapa de infantil como o son, o ritmo, a melodía, a estrutura e os planos sonoros.

Por exemplo, moitos alumnos non desenvolveron un sentido do pulso e encontraron moi difícil unha progresión na aprendizaxe de cancións e na interpretación de músicas.

A maioría do alumnado non desenvolveu a capacidade para usar, a nivel básico, as notacións (branca, negra, corchea, notas e a súa colocación no pentagrama) en composicións infantís significativas. Este déficit inflúe sobre maneira á hora de aprender, por exemplo, sobre as notacións para música instrumental e vogal do repertorio infantil.

Estas carencias no coñecemento da linguaxe musical dificultaron e atrasaron de forma importante unha axeitada profundidade e extensión na aprendizaxe dos contidos que se fixan para a materia.

##### **Dificultades para desenvolver contidos de ampliación**

O tempo requirido no desenvolvemento dos contidos esenciais foi superior ao que se estimou na planificación da materia. Por isto, non foi posible traballar outros considerados de ampliación. O criterio que se empregou foi o de non incluír no proceso de aprendizaxe aqueles contidos non esenciais na capacitación docente para o desenvolvemento da expresión musical e a súa didáctica na educación infantil.

Por exemplo, os que se inclúen no tema núm. 9 (Iniciación nas TIC: o seu uso para o ensino e para a aprendizaxe da música) non se trataron.

## 5. Resumo de necesidades

Da análise desta experiencia de adaptación observamos cuestións relevantes que non debemos deixar de mencionar de cara á capacitación docente para o desenvolvemento da expresión musical e da súa didáctica do mestre en educación infantil nos estudos de grao:

- un dos resultados máis interesantes no desenvolvemento da guía docente para a materia Expresión Musical e a súa Didáctica foi o recoñecemento da necesidade de establecer a distinción entre os contidos para o desenvolvemento de destrezas descritivas (por exemplo, a capacidade para utilizar sons para describir historias e fotografías) e os contidos para o desenvolvemento de destrezas disciplinarias (por exemplo, o sentido do pulso e do ton).
- o alumnado sente a necesidade dunha formación que sexa capaz de integrar o coñecemento sobre a linguaxe musical co seu coñecemento didáctico de utilización.
- hai que asegurar a aprendizaxe do sentido do pulso e do sentido do ton (importantísimo na educación musical) antes de descubrir as formas en que a música se pode aprender.
- o alumnado demanda máis formación en expresión vocal e en canto xa que a ven como un medio ideal para estimular e para mellorar a aprendizaxe musical e doutras áreas da educación infantil.
- coñecer como aplica o profesorado o currículo de música nas aulas de educación infantil da Comunidade Autónoma de Galicia durante o período de Prácticas Escolares II revelouose como moi efectivo na adquisición das destrezas docentes para o desenvolvemento da expresión musical.
- a idea de nos integrar no Espazo Europeo de Educación Superior esíxenos o esforzo de establecer unha maior asignación horaria para lograr unha formación didáctico-musical plenamente válida, completa e de calidade.

**PROGRAMA: REALIZACIÓN DE ESTUDOS PARA A ADAPTACIÓN AO EESS EN TITULACIÓNS DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA. II FASE. MESTRE E. INFANTIL**

INFORME FINAL (CURSO 2005-06)

DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA

NOME DA MATERIA: **Socioloxía da Educación**

PERÍODO DE DOCENCIA: segundo cuádrimestre

CÓDIGO: **741103**

TIPO DE MATERIA **troncal**

CRÉDITOS: **4,5 (teóricos: 3; prácticos: 1,5)**

**Créditos ECTS: 112,5 horas de traballo total do alumnado**

CURSO: **1º**

TITULACIÓNS EN QUE SE PUXO EN MARCHA O PROGRAMA:

**L. Estranxeira, Educación Infantil, Primaria e Educación Física**

**Número total de alumnas/os: 290 aproximadamente**

**3 Grupos de docencia no curso 05-06:**

**grupo a) Lingua Estranxeira e Educación Primaria**

**grupo b) Educación Física**

**grupo c) Educación Infantil**

PROFESORA QUE IMPARTE A MATERIA: **profesora doutora: Marta Poncet Souto. Dpto. de Socioloxía da Facultade de Ciencias Políticas e Sociais Campus Sur (Santiago de Compostela)**

OBXECTIVOS-COMPETENCIAS

- Contribuír ao desenvolvemento profesional e persoal do futuro profesorado desde a materia Socioloxía da Educación.
- Coñecer o "valor" de ser mestra/ou e coñecer as achegas da materia Socioloxía *da Educación* á súa formación.
- Comprender as relacións básicas entre educación (sistema educativo) e sociedade (sistema social), estudar as funcións da educación en distintos contextos sociohistóricos e analizar as fontes sociolóxicas do currículo.
- Coñecer os efectos escolares de fenómenos sociais como o sexismo e a inmigración.
- Propiciar a apertura de horizontes achegándoos a outras sociedades con diferentes formas de vida, costumes, valores, normas e pautas de comportamento. Conseguir que o alumnado sexa máis respectuoso e tolerante cara á diversidade.

- Reforzar o compromiso ético coa sociedade desde o traballo como mestre/a.  
Propiciar o compromiso social e educativo para concienciar a través dos propios contidos que se impartan na materia e a través do contacto directo con mestres en activo e con outros profesionais que traballan con colectivos desfavorecidos.
- Ser máis capaces de traballar en grupo mediante traballos de campo con compañeiros/as, en ocasións, doutra titulación.  
Favorecer experiencias de traballo en grupo ao termos en conta que a educación é un labor de grupo.
- Propiciar a procura intelectual e o esforzo pola adquisición do coñecemento, mediante actividades de aula e traballos de campo que inviten a seguir a indagar sobre os problemas que se formulen e outros que se poidan presentar no desempeño futuro da profesión.
- Fomentar a capacidade de reflexión crítica.  
Contribuír a crear un pensamento crítico por medio da lectura; da visualización de fotografías e de películas de cinema de contido social; da asistencia a charlas-coloquio e mediante a elaboración de traballos de campo en contacto directo coa realidade social e escolar.
- Mellorar a capacidade de expresión oral e escrita.  
Favorecer a expresión escrita e oral e ter en conta que unha das tarefas básicas no seu futuro profesional será a de se saber comunicar correctamente de forma oral e escrita co alumnado e co resto da comunidade educativa.  
O fomento da competencia escrita farase mediante a realización de comentarios filmicos, de textos, de fotografías e da elaboración de informes a partir da realización de traballos de campo.  
A expresión oral fomentárase a través das exposicións dos informes en grande grupo na aula e tamén se incitará á participación espontánea na propia dinámica cotiá das clases.
- Ser máis hábiles á hora de traballar de forma autónoma.
- Iniciarse no proceso investigador.

#### ACTIVIDADES REALIZADAS NO MARCO ECTS

- A) Actividade que deseñou o conxunto do profesorado que participa no programa e que se realizou na Escola de Maxisterio a principios do primeiro cuadrimestre.**

A **Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo-USC** está a desenvolver neste momento un proxecto académico para avanzar a implantación anticipada na docencia (dous planos de estudos das catro titulacións que neste centro se imparten), do sistema de créditos ECTS (*European Credit Transfer System*), dentro do marco legal e institucional do que será o futuro EEES (*Espazo Europeo de Educación Superior*).

O devandito proxecto ten como obxectivo mellorar certas competencias profesionais básicas do alumnado de 1º curso das catro titulacións; esta iniciativa de innovación educativa comezou experimentalmente a súa andaina neste ano académico 2005-06.

O profesorado desta escola ten claro que, para ser un bo mestre ou mestra, non abonda só con coñecer os contidos de cada unha das materias do plano de estudos que corresponde a cada titulación, senón que ademais hai algunhas destrezas, algunhas estratexias e algunhas habilidades que son críticas para desenvolver a profesión nas mellores condicións.

Así, entre as moitísimas competencias básicas e necesarias que emprega un profesional da educación na actualidade, o equipo de profesores e de profesoras da escola ten concluído que as máis urxentes para traballar co alumnado, nestes momentos, están relacionadas:

1. coa **mellora da comunicación (oral e escrita)** nos diferentes ámbitos profesionais en que cada mestra ou cada mestre ten que desenvolver ou seu labor profesional e humano.
2. co **dominio das novas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs)** e co coñecemento dos procedementos de **procura de información na biblioteca**, para dotar as futuras mestras e mestres das competencias necesarias para se desenvolveren na sociedade da información e do coñecemento e para impedir, así, que favorezan no exercicio profesional futuro a desigualdade tecnolóxica.
3. coa **análise, coa síntese, co tratamento e coa produción da documentación textual** con que ten que levar a cabo a súa función educativa e/ou institucional.
4. co **traballo en colaboración ou en equipo** (coas compañeiras, coas familias, co alumnado e cos outros axentes sociais), xa que *para educar a un neno fai falta toda a tribo* e o mestre nunca traballa só.

Para responder a esta necesidade formativa elaboramos o que se denomina: **Programa Transversal de Mellora do Alumnado nas Competencias Profesionais Básicas**, en cuxo marco se desenvolveron varios cursos e seminarios (voluntarios e obrigatorios). VER ANEXO.

#### **B) Actividades deseñadas desde a materia “Socioloxía da Educación”**

- *Visualización de películas* en relación aos temas que previamente se traballaron na aula (actividade obrigatoria e presencial). En clase explícase como se fai un comentario fílmico e déixaselle ao alumnado unha fotocopia en que se ofrecen pautas para elaboralo. Fóra das horas de clase, fará un **traballo autónomo a nivel individual** que consiste en redactar un comentario da película. No grupo-clase, posta en común.

Competencias que se traballan con esta actividade:

Expresión oral e escrita (sobre todo)

Capacidade de reflexión e de crítica

Maior habilidade á hora de traballar de forma autónoma

Propiciar a apertura de horizontes achegando o alumnado a outras realidades sociais e educativas

- *Traballo en pequeno grupo na aula e fóra* con material de diverso tipo (presentacións en Power Point; visualización de fotografías -en papel e a través de internet-; recortes de prensa; reportaxes extraídas de revistas divulgativas e especializadas; fragmentos breves recollidos de libros: ensaios, biografías...). Elaboración de informes (un individual e outro en grupo) a partir do que se explicou e comentou en clase, da análise en profundidade do material escollido e de material con que se ampliou a información.

Traballo en parellas (máximo tres persoas) de análise de contido de libros de texto. Esta actividade comézase a realizar na aula e remata fóra das horas de clase.

Competencias que se traballan con esta actividade:

- Expresión escrita
- Capacidade de reflexión e de crítica
- Fomento do traballo autónomo
- Experiencia de traballo en pequeno grupo

Propiciar a apertura de horizontes para achegar o alumnado a outras realidades sociais e educativas

Propiciar a procura intelectual e o esforzo pola adquisición do coñecemento

- *Traballo de campo* (en grupos de 5 como máximo) *de reconstrución da memoria escolar do franquismo a través de entrevistas*. Elaboración dun informe e posterior posta en común en clase.

Competencias que se traballan con esta actividade:

- Expresión escrita e oral
- Capacidade de reflexión e de crítica
- Fomento do traballo colaborativo en grupos medianos
- Iniciación ao proceso investigador

Propiciar a procura intelectual e o esforzo pola adquisición do coñecemento

Comprender as relacións básicas entre educación (sistema educativo) sociedade (sistema social) e desenvolvemento da identidade (de xénero feminina e masculina), estudar as funcións da educación en distintos contextos sociohistóricos e analizar as fontes sociolóxicas do currículo.

- *Traballo de campo sobre o "interculturalismo e a escola"* que o alumnado vai realizar aos colexios despois do contacto da profesora de Socioloxía coa dirección dos centros escolares que, amablemente, colaboran nesta actividade. Elaboración dun breve informe e exposición no grupo-clase.

Competencias que se traballan con esta actividade:

- Expresión oral e escrita
- Capacidade de reflexión crítica

Fomento do traballo colaborativo en grupos grandes e, nalgún caso, con compañeiros/as doutra especialidade.

Iniciación ao proceso investigador

Propiciar a procura intelectual e o esforzo pola adquisición do coñecemento

Coñecer os efectos escolares de fenómenos sociais como a inmigración.

- *Charlas-coloquio* en horas de clase a cargo do profesorado da propia Escola de Maxisterio e de fóra dos muros da escola. Neste curso, colaborou o profesor de Historia da Educación Uxío Otero Urtaza (quen falou sobre a educación na II República e, máis concretamente, sobre o labor do Padroado das Misións Pedagóxicas) e o profesor de Historia Ramón Veiga Alonso, quen ofreceu unha charla informativa sobre a ditadura franquista.

Así mesmo, foi convidada Patricia Muñoz-Ayala, unha moza que está a punto de finalizar a súa tese de doutoramento sobre inmigración e con experiencia profesional con colectivos de inmigrantes no ámbito da educación formal e non formal.

- *Visita ao Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA)* en colaboración co profesor desta escola Francisco Xosé Candía Durán responsable da materia: *Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación*. Actividade voluntaria.

### **FUNCÍONS DA PROFESORA**

Máis que un mero transmisor dos contidos da materia, fun unha xestora e unha orientadora do proceso de ensino-aprendizaxe.

En síntese, as miñas funcións foron as que seguen:

- Elaborar e, posteriormente, explicar en clase a Guía Docente da materia.
- Diseñar as actividades de clase e os traballos de campo, realizar unha guía de traballo para cada unha das actividades, procurar material (artigos en revistas, libros, internet, recortes de prensa, películas...), traballalo previamente e seleccionalo para cada un dos traballos que se refiren.
- Corrixir en alto e para o grupo as actividades que se realizan na clase. Corrixir fóra das horas de clase un informe individual de carácter obrigatorio que realiza cada un dos 150 alumnos/as que asisten regularmente a clase (modalidade presencial, só poden faltar a un total de 9 horas, unha asistencia que se controla pasando listaxe de asistencia). Revisar, fóra das horas de clase, os dous traballos de campo que, en grupos, debe presentar todo o alumnado asistente. Volver revisar aqueles traballos que se tivesen que repetir.
- Procurar formas de traballar que inciten o alumnado a procurar e a ampliar información pola súa conta; isto é, a seguir a indagar sobre os problemas sociais e escolares que se formularon. Noutras palabras, contaxiar o gusto e o interese pola adquisición do coñecemento
- Incitar o alumnado a que participe en clase e así poder corrixir a súa expresión oral e poder ofrecerlle pautas ou recomendacións para falar en público e ir perdendo o medo escénico (a profesora le e comenta un artigo breve

que fala sobre isto de forma amena e instrutiva).

- Motivar o alumnado cara ao traballo ben feito ao corrixir de maneira exhaustiva todo o que entrega a nivel de contidos, mais tamén o que respecta á redacción, á coherencia argumental lóxica, á ortografía, ao vocabulario, á presentación estética...
- Funcións burocráticas, de secretariado e de organización.

Escribir e mandar cartas ou correos electrónicos aos orientadores/as e/ou directores/as dos distintos colexios para solicitar a visita do alumnado para realizar o traballo do interculturalismo. Posteriormente, falar telefonicamente ou conectar a través do correo electrónico con cada centro que, amablemente, accede a participar na experiencia, para concertar un día e unha hora e para explicar o traballo que hai que realizar. Organizar en clase as visitas e darlles un escrito que deben traer asinado e selado polo centro e en que, novamente, se explica o contido e os obxectivos do traballo. Posteriormente ás visitas, a profesora manda un correo ou unha carta aos centros escolares en que agradece o trato dispensado e a información proporcionada. Por último a profesora envía a cada centro escolar un certificado (asinado polo director da Escola de Maxisterio) en que se fai constar a participación dos colexios neste traballo universitario para os efectos do que se considere oportuno.

Contactar coas persoas que van impartir as charlas-coloquio, concertar os días e as horas.

Organizar actividades extraescolares como por exemplo a visita ao MUPEGA en colaboración co profesor Francisco Candia que imparte a materia "Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación nesta escola.

- Función educadora: transmitir os valores de respecto e coidar, por exemplo, os meus propios comportamentos e as actitudes para con eles/as (sendo puntual nas horas de entrada e de saída; cumprindo os horarios de clase...). Transmitir valores de tolerancia e intentar respectar as opinións do alumnado, mais intentar modificar, mediante a palabra e os argumentos, as reflexións, as opinións ou as ideas previas que poidan estar viciadas por estereotipos, por opinións de sentido común etc. Os valores de respecto, de tolerancia, de compromiso social, de sentido crítico etc. tamén se intentan transmitir a través dos contidos que se traballan na materia.
- Responsable de crear un clima de aula que favoreza a aprendizaxe e a adquisición das competencias que se sinalaron.
- Responsable de establecer unha relación comunicativa e bidireccional entre a profesora e o alumnado. Que o alumnado sinta que ademais de aprender da profesora, se aprende da interacción cos demais compañeiros/as.
- Moderadora nos debates e nas postas en común.
- Elaborar o exame e corrixilo (caso do alumnado que non asistiu regularmente a clase e do alumnado con exención de docencia).
- Función titorial a través da cal a profesora trata de resolver os diversos problemas que se lle presenta ao alumnado para seguir a materia regularmente. No caso dos que teñen exención de docencia ou non asisten a clase con regularidade, aténdense e resólvense persoalmente no despacho,

## 1. Informe do curso 2005-2006



telefonicamente (unha minoría) e, en bastantes casos, a través do correo electrónico. Neste sentido, parte das horas de traballo da profesora fóra da aula dedícanse tamén a contestar dúbidas a través do correo.

Dentro desta función titorial, a profesora presta especial atención á detección temperá de problemas que refiren á adquisición e ao dominio de competencias profesionais básicas como a expresión oral e escrita, o manexo da información, a alfabetización informacional, a capacidade de análise e de síntese e a redacción de informes. Ofrécese material e suxestións sobre as técnicas de estudo na universidade, sobre como falar en público, como redactar un informe. Nalgúns casos, se o alumnado o requirir, tamén se atenden cuestións de índole máis persoal, unha situación en que cada ano pode haber unha ou dúas persoas.

### **FUNCIÓN DO ALUMNADO**

O alumnado cumpre un papel activo no proceso de ensino-aprendizaxe en tanto que constrúe e que reconstrúe significados e coñecementos, coa mediación da profesora responsable da materia. Con esta forma de proceder procúrase unha aprendizaxe significativa, máis profunda e duradeira, en que o estudante saiba dar sentido ao que estuda, relacione contidos e coñecementos e saiba para que serve ou a que se aplica o que está a aprender. Esta metodoloxía pretende tamén promover unha progresiva autonomía do alumnado no proceso de aprendizaxe pois favorece que continúe, xa pola súa conta, o proceso de indagación científica.

O alumnado ten a obriga de entregar os traballos nas condicións que se pactaron.

### **DIFICULTADES QUE ACHAMOS**

1. Traballar con metodoloxía ECTS cando o profesor/a ten entre 150 e 200 alumnos/as (que se organizan en tres grupos cuns 55 alumnos por grupo), de contarmos tan só os que asisten a clase.

Con esta ratio é sumamente traballoso para o docente corraxir con detemento, polo menos, un traballo individual e dous grupais. O feito de realizalo así IMPOSIBILITOU ME A MIÑA ACTIVIDADE INVESTIGADORA (cumprir como se debe no proxecto de investigación do departamento a que pertenzo, escribir algún artigo ou relatorio, ler e seguir formándome...) todo o cal, sen dúbida, REPERCUTE MOI NEGATIVAMENTE NO PROFESORADO CONTRATADO, QUEN NO CURRÍCULO QUE DEBEMOS PRESENTAR PARA A ACREDITACIÓN E PARA O ACCESO A UNHA PRAZA PARA CONSOLIDAR A NOSA SITUACIÓN, TEMOS QUE ACREDITAR TRES ANOS DE INVESTIGACIÓN POS DOUTORAL, QUE PODE RESULTAR MOI GRAVE.

2. Non é xusto que computen co mesmo número de créditos, as materias cun número de matrícula que, como é o caso das troncais, poden chegar a ter 300 persoas (150 con asistencia regular a clase). O esforzo docente non é o mesmo e menos para poder levar a cabo a metodoloxía ECTS.
3. Dificultades á hora de levar a cabo unha avaliación individualizada, formativa e sumativa nas circunstancias expostas anteriormente (número de alumnos). Supón un grande esforzo para o profesor/a avaliar o traballo cotián do alumnado individualmente e dun grupo de alumnos durante todo o cuatrimestre e sobre todo se, tal e como se decidiu este curso, non se fixo exame final a aquel alumnado asistente que superase a materia a través dos diferentes traballos e das actividades de clase.

4. Traballar cunha dinámica que non se basee prioritariamente na lección maxistral, senón que se centre en proporcionar ao alumnado experiencias e ofrecer traballos de campo que impliquen procurar información, ordenala, redactala, reflexionar sobre esta... leva moito máis tempo, un feito que obriga a reducir bastante os contidos da materia. Non chegan os 4,5 créditos (112, 5 ECTS).
5. Resulta complicado, por non dicir imposible, facer un seguimento da xente con exención de docencia e dos que non veñen regularmente a clase, ao igual que é difícil formular un sistema de avaliación para este grupo que non sexa o exame tradicional.
6. Avaliar o grao de adquisición dalgunhas competencias en grupos grandes, sobre todo a comunicación oral. Non hai posibilidade nin tempo real para que toda a xente se poida expresar en público e sexa avaliado por iso. Respecto ao traballo en grupo é imposible controlar como foi a implicación de todos os membros.
7. Non estar habituado a esta forma de traballar (traballo autónomo...) en bacharelato, o que fai máis difícil poñelo en marcha, fundamentalmente en primeiro curso e máis aínda no primeiro cuatrimestre.

#### NECESIDADES

1. Menos ratio alumnado-profesorado ou un incremento-estabilización persoal docente.
2. Incrementar o número de horas na materia troncal (Socioloxía da Educación)
3. Recoñecer o labor docente do profesorado que leva á práctica este sistema cun número de matrícula tan elevado.
4. Recoñecer por igual (tamén a nivel de méritos no currículo) o labor docente e investigador.
5. Coordinación das guías docentes, sobre todo a nivel de contidos, de traballos que se piden... en materias do mesmo curso e área. Rendibilizar as actividades.
6. Dotación de medios informáticos en todas as aulas.
7. Dotar de espazos na Escola de Maxisterio de Lugo para que o alumnado poida traballar en grupo.
8. Ampliar os postos de ordenador para o alumnado e de persoal que os atenda.
9. Seguir ofrecendo ao profesorado cursos de formación
10. Solicitar cambios nos niveis educativos inferiores, sobre todo en bacharelato para “non comezar a casa polo tellado”.

## 1. Informe do curso 2005-2006

**Realización de estudos para a adaptación ao EEES en titulacións do Sistema Universitario de Galicia, II fase. Mestra/e en Educación Infantil**

**Programa da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)**

**Lugo, 11 de xullo 2006**

**INFORME FINAL DO CURSO 2005-06**

MATERIAS: *Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación, Pedagogía Social*

**PROF.: Fco. X. Candia Durán**

## **1 CONTEXTUALIZACIÓN**

No presente curso 2005-06 e dentro do programa indicado, puxemos en marcha unha iniciativa de experimentación didáctica que conduce á implantación da sistemática ECTS na materia “Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación” (en adiante, TICE), de 1º curso, 1º cuatrimestre das 4 titulacións de mestra/e que se imparten neste centro; inicialmente o proxecto que ampara a ACSUG referíase unicamente á diplomatura de *Mestra/e en Educación Infantil*, mais ao considerarmos que esta materia é troncal a todas as titulacións de mestra/e, decidimos ampliar a súa experimentación a todo o alumnado de 1º curso deste centro, tal e como se fixo tamén en materias como “Conceptos Fundamentais da Didáctica” ou “Socioloxía da Educación”, que están no mesmo caso.

Complementariamente, tamén continuamos a experiencia de introdución da metodoloxía ECTS (iniciada, timidamente, xa no curso pasado neste caso) en “Pedagogía Social”, unha materia optativa da diplomatura de *Mestra/e en Educación Primaria*, 1º curso, 2º cuatrimestre, que neste 2005-06 se imparte por segunda vez na historia deste centro, pois é unha materia que acaba de ser incorporada á listaxe de eleccións posibles para o alumnado.

Porén, de considerarmos a máis que notable carga académica do docente (carga que vai aumentando ano tras ano con máis docencia e máis materias), unha responsabilidade que, ademais, debe desenvolver nos dous campus da Universidade (co esforzo engadido e a perda de tempo en viaxes que isto supón), ao que hai que lle engadir os seus compromisos ineludibles de investigación en varias fronteas, xunto co incremento sostido e paulatino de alumnado deste centro, achámonos nunha situación francamente dificultosa para asumir todas as esixencias dunha posta en práctica adecuada da metodoloxía ECTS.

Alén do anterior, debemos considerar (e isto é repetitivo entre o colectivo docente) que, a pesar das medidas tomadas pola nosa Universidade para facilitar a *converxencia europea*, xunto co moi interesante e proveitoso *Programa de Formación e Innovación Docente* que a USC leva a desenvolver desde o pasado ano académico para animar os cambios metodolóxicos a prol da incorporación do profesorado ao *Espazo Académico de Educación Superior*, debemos considerar, igualmente, que mentres non se reduza o número de alumnado por grupo, especialmente para as sesións prácticas, para as titorías, para os seminarios etc., todas as boas intencións a prol da mellora da calidade, por moita implicación que o profesorado poña no labor, quedarán necesariamente amputadas.

## **2 OBXECTIVOS PREVISTOS**

- Experimentar e avaliar pequenos cambios metodolóxicos nas materias impartidas, uns cambios realistas de considerarmos o gran número de alumnado matriculado e a escasa disposición de tempos e de espazos para unha mudanza total ao modelo ECTS.

- Poñer as bases prácticas do que despois se converterá nas *Guías Docentes* das materias que imparte o docente, que partirán dese xeito dunha experimentación previa.
- Diseñar, desenvolver e avaliar un programa conxunto de mellora da calidade docente xunto con outro profesorado do centro, que pertenza ás 4 titulacións impartidas e que se signifique en accións a prol do desenvolvemento e da mellora das 4 competencias básicas no alumnado.

### 3 ACTIVIDADES REALIZADAS NO MARCO ECTS

Unha actividade que merece ser destacada especialmente foi o proxecto de innovación docente para a implantación anticipada neste centro de créditos ECTS segundo o EEES (que se engade como ANEXO II deste informe), denominado “Programa transversal de mellora do alumnado nas competencias profesionais básicas”, un empeño que asumimos voluntariamente un grupo de 14 docentes da escola deseñando, desenvolvendo e avaliando un programa de acción coordinada a fin de que o noso alumnado mellorase a súa aptitude en 4 competencias que, historicamente, viñamos comprobando que tiñan un tratamento insatisfactorio, mais que considerabamos imprescindibles:

- para que consiga ser autónomo no desenvolvemento da súa propia formación
- para a súa adecuada progresión nos estudos da carreira
- para que dispoña de ferramentas fundamentais no seu exercicio profesional como futuros/as educadores/as

Nas nosas materias implicámonos activamente no desenvolvemento das 4 competencias (para todo o alumnado de 1º curso), con tratamentos concretos de cada unha nas sesións de clase: o desenvolvemento de seminarios específicos para cada competencia, a elaboración de materiais *ad hoc*, a posta a disposición en rede de gran número de recursos para o alumnado, o deseño e a implementación de pequenos instrumentos de avaliación das diferentes competencias etc. De calquera xeito, as competencias en que incidimos máis particularmente foron as dúas primeiras, que fan referencia á comunicación escrita, ás habilidades e ás estratexias para a mellora da calidade textual ou discursiva, á competencia informacional (o uso e o manexo de información especializada e das bibliotecas, a alfabetización informacional etc.), ás competencias básicas en manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación (manexo de *hardware*, contas de correo electrónico, páxina web da USC, *USC-Virtual*, *rede sen fíos* etc.). Para o desenvolvemento destas accións planificouse un cronograma con outras docentes máis a directora da biblioteca da escola, a fin de traballar integrada e cooperativamente, mesmo na cuestión da avaliación.

Debemos aquí significar que a pesar das dificultades que entraña a coordinación dun grupo tan amplo de docentes, unha coordinación que pode e que debe ampliarse en anos vindeiros a máis aspectos que os que se inclúen no actual *Programa de Competencias*, temos evidenciado que a acción conxunta do labor docente posúe unha gran potencialidade na mellora da calidade da formación e, por tanto, é obvio que beneficia directamente ao alumnado, mais tamén reverte satisfacción e rendibilidade académica a medio prazo para o profesorado.

## 1. Informe do curso 2005-2006

Doutra banda, os programas das nosas materias enriquecéronse con novas achegas, de tal xeito que a súa diferenza con verdadeiras guías docentes fose progresivamente menor. Por exemplo, temos diversificado amplamente as actividades docentes a respecto dunha metodoloxía tradicional e, neste momento, promovemos clases maxistras, exposicións do alumnado, dinámicas específicas de gran grupo ou de pequenos grupos, viaxes e visitas didácticas a entidades relevantes no eido educativo, organización de seminarios e de conferencias con especialistas foráneos ao centro, titorías individuais e en pequenos grupos, seguimento da realización por parte do alumnado de traballos individuais e grupais de diferente natureza (con criterios de esixencia definidos a respecto das dúas primeiras competencias xa mencionadas), probas de avaliación orais e escritas etc.

Considerouse cada unha destas actividades de xeito independente mais interconectado e cada unha delas tiña unha valoración ponderada ao seu impacto ou á súa duración no conxunto do traballo total do alumnado para a materia, partindo previamente da fórmula: créditos tradicionais  $\times 2,5/3$  = media de horas de traballo total de cada alumna/o para superar a materia, un tempo que se parcializou para as diferentes actividades. Todas estas cuestións foron discutidas ao principio do cuadrimestre correspondente co alumnado, de tal xeito que este era considerado como unha parte activa e co-responsable do *contrato* establecido, o cal quedaría reflectido no programa definitivo. Igualmente, aspectos como actitude, a asertividade, a solidariedade, o comportamento, o esforzo etc., procuramos valoralos -a maiores dos demais apartados- dentro da cualificación final.

#### 4 DIFICULTADES QUE ACHAMOS

Como resumo do apartado anterior, ao termos en conta os máis de 200 alumnos e alumnas matriculados en TICE, optamos por poñer en marcha neste curso académico só pequenos cambios asumibles polo profesor, antes de nos lanzar á implantación da guía docente, tamén para que a elaboración desta (prevista para este verán) se adecúe ás verdadeiras posibilidades nas circunstancias contextuais en que nos movemos; a isto hai que engadirle as dificultades infraestruturais, xa que a escaseza e a disfuncionalidade, nalgúns casos, dos espazos do edificio en que nos achamos, non permiten unha doada posta en práctica da metodoloxía ECTS (sobre todo para o traballo con grupos pequenos en simultáneo), a pesar do esforzo realizado ultimamente en dotación TIC para varias das aulas máis grandes.

Os motivos xa mencionados xustifican tamén a nosa renuncia provisional ao deseño e ao sostemento dun curso a través do *Campus Virtual* da USC, xa que, alén do tempo que precisa a súa elaboración, esixe tamén dispoñibilidade para o manter, para atender as demandas en liña do alumnado, para o mellorar constantemente etc., e non dispoñemos dese tempo. De calquera xeito, puxemos en práctica nas dúas materias, alén do amplo horario de titorías presenciais, titorías a través de correo electrónico que tiveron certo éxito e que facilitaron o seguimento da materia por parte de moito alumnado, sobre todo o non asistente.

Outro tipo de iniciativas posibles que conducen á implantación total da metodoloxía ECTS non se puxeron en marcha, mentres non foran avaliados os cambios menores que xa se introduciran nas materias neste curso. Doutra banda, tampouco poderían ser executados antes de que a USC, alén do actual impulso institucional e da dispoñibilidade que nos ofrece en recursos (formativos, materiais e doutro tipo) para a converxencia, non reduza o número de alumnado por grupo, unha medida chave para o éxito da sistemática ECTS.

Unha cuestión que merece ser destacada é que, en xeral, o profesorado que participa na implantación experimental da metodoloxía ECTS é inicialmente remiso a reducir o número de horas de asistencia presencial do alumnado nas nosas aulas. Isto enténdese se se ten en conta, neste caso particular, que traballamos con alumnado de 1º curso cunhas competencias ou cunhas habilidades para o traballo autónomo como universitarios francamente insuficientes en termos xerais, a que se suma o feito de que se trata, na maioría dos casos, de adolescentes ou pos-adolescentes, cuns intereses propios a este colectivo na sociedade actual (maiormente afastados do mundo das inquiredanzas académicas, mesmo do futuro exercicio profesional como docentes) e para moitos é, ademais, a primeira ocasión continuada no seu periplo vital en que se independizan da familia, deciden que facer en cada momento sen dar contas a ninguén e, por tanto, determinan o grao de sistematización do seu esforzo académico, acertada ou desacertadamente. Nestas circunstancias, o profesorado entendeu que era prioritario que adquirisen previamente esas competencias de que consideramos que carecen, antes de nos aventurar a reducir a actividade presencial para favorecer a autónoma; caso contrario, poderíamos achar con verdadeiras sorpresas ao final dos cuadrimestres. Por iso, a acción titorial do docente segue a ser, e cada vez máis, fundamental para o bo progreso do alumnado ao longo do curso, o que nos esixe moito tempo de dedicación, que se lle retira a outros compromisos académicos.

Outro dos aspectos que semella máis problemático é o da avaliación, ao nos pasar ao desenvolvemento da metodoloxía ECTS. Á xa de por si complexa tarefa da avaliación máis ou menos tradicional, debemos engadir nestas circunstancias a consideración permanente (avaliación continua) de todo tipo de aspectos/actividades/procedementos/actitudes que se manifestan ou se desenvolven dentro e fóra da aula (exames, tarefas de clase ou de documentación, exposicións, asertividade, participación activa, comportamento etc.), que esixen do docente a complexización do proceso de toma de datos para coñecer sempre o que está a realizar cada alumno/a de cara á súa mellora, como o está a facer e evitar tamén deste xeito inxustizas entre os asistentes habituais, os esporádicos ou os inasistentes. Obviamente, de novo, todo este proceso esixe máis dedicación do profesor se o quere facer correctamente.

## **5 NECESIDADES QUE DETECTAMOS**

Faise urxente unha adaptación infraestrutural dos espazos interiores dos edificios universitarios ás esixencias metodolóxicas do traballo segundo a sistemática ECTS, que obriga á simultaneidade de accións formativas con moitos grupos pequenos e a dispor de espazos reservados para que o alumnado elabore individualmente ou en grupo os seus traballos (sen molestar nin ser molestado), entre outros.

Igualmente, unha maior dotación en recursos, tanto bibliográficos como en postos informáticos é inexcusable se queremos esixir do alumnado traballo autónomo.

Ademais, é imprescindible unha redución do número de alumnado por grupo (ao noso entender, nunca se debería pasar de 30 membros), así como a rebaixa de carga docente do profesorado máis sobrecargado. Obviamente, isto esixiría un aumento da capacidade económica das universidades galegas para facer fronte a novos contratos de PDI e, así, o profesorado podería, en cómputos globais, reducir os seus compromisos docentes a fin de traballar con seriedade na implantación da metodoloxía ECTS: os docentes precisamos tempo, máis tempo, para atender ben o noso alumnado e do xeito máis personalizado posible. Mentres, todo o demais será voluntarismo e boas intencións, mais pouca efectividade.

## **1. Informe do curso 2005-2006**

## **ANEXO II**

### **PROGRAMA DE COMPETENCIAS**

#### **PROXECTO DE INNOVACIÓN DOCENTE PARA A IMPLANTACIÓN ANTICIPADA**

**NESTE CENTRO DE CRÉDITOS ECTS SEGUNDO O EEES**

**(Espazo Europeo de Educación Superior)**

PROGRAMA TRANSVERSAL

DE MELLORA DO ALUMNADO NAS

COMPETENCIAS PROFESIONAIS BÁSICAS

**Ano académico 2005-06**

**Diplomaturas de Mestra/Mestre en *Educación Infantil,***

***Educación Primaria, Lingua Estranxeira e Educación Física***

PROFESORADO E MATERIAS INVOLUCRADAS NO PROXECTO:

**Francisco Xosé Candia Durán**, *Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación, Pedagogía Social*

**Carmen Fernández Morante**, *Bases Pedagóxicas da Educación Especial*

**Uxía Garrido Filgueira**, *Bases Biolóxicas e Fisiolóxicas do Movemento*

**Rufino González Fernández**, *Conceptos Fundamentais da Didáctica*

**Araceli Herrero Figueroa**, *Literatura Infantil*

**Lina Iglesias Forneiro**, *Novas Tecnoloxías Aplicadas á Educación*

**Ramón López Rodríguez**, *Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural*

**Uxío Otero Urtaza**, *Sistemas Contemporáneos de Educación Infantil, Historia da Educación Física*

**Marta Poncet Souto**, *Socioloxía da Educación*

**Francisco Rodríguez Lestegás**, *Introdución ás Ciencias Sociais*

**Modesto Rodríguez Neira**, *Lingüística Aplicada*

**Xosé Ramón Veiga Alonso**, *Historia do Mundo Actual*

**María del Mar Viña Rouco**, *Didáctica da Lingua Inglesa*

**Carmen Varela Prado**, directora da biblioteca da Escola

**Este documento representa un anexo final aos programas das materias que citamos**

## PRESENTACIÓN

A **Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo-USC** está a desenvolver neste momento un proxecto académico para avanzar a implantación anticipada na docencia (dos planos de estudo das catro titulacións que neste centro se imparten) do sistema de créditos ECTS (*European Credit Transfer System*), dentro do marco legal e institucional do que será o futuro EEES (*Espazo Europeo de Educación Superior*).

O devandito proxecto ten como obxectivo mellorar certas competencias profesionais básicas do alumnado de 1º curso das catro titulacións. Esta iniciativa de innovación educativa comeza experimentalmente a súa andaina neste ano académico 2005-06.

O profesorado desta Escola que -voluntariamente- participa no proxecto ten claro que, para ser un bo mestre ou mestra, non abonda só con coñecer os contidos de cada unha das materias do plano de estudos que corresponde a cada titulación, senón que ademais hai algunhas destrezas, algunhas estratexias e algunhas habilidades que son críticas para desenvolver a profesión nas mellores condicións.

En esencia, este colectivo docente pensa que, para desempeñar correctamente esta profesión non basta saber moitas cuestións de ciencia, senón que hai que saber, tamén, como, cando e con que ferramentas llelas presentaredes ao voso futuro alumnado de Educación Infantil e de Educación Primaria, cando vos toque traballar. Formarvos nesas cuestións é a intención do presente programa.

Así, entre as moitísimas competencias básicas e necesarias posibles que emprega un profesional da educación na actualidade, o equipo de profesores e de profesoras da Escola ten concluído que as máis urxentes para traballar con vós nestes momentos, están relacionadas:

5. coa **mellora da comunicación (oral e escrita)** nos diferentes ámbitos profesionais en que cada mestra ou mestre ten que desenvolver o seu labor profesional e humano.
6. co **dominio das novas Tecnoloxías de Información e Comunicación (TICs)** e co coñecemento dos procedementos de **procura de información na biblioteca**, para dotar ás futuras mestras e mestres das competencias necesarias para se desenvolver na sociedade da información e do coñecemento e impedir, así, que favorezan no exercicio profesional futuro a *desigualdade tecnolóxica*.
7. coa **análise, a síntese, o tratamento e a produción da documentación textual** con que ten que levar a cabo a súa función educativa e/ou institucional.
8. co **traballo en colaboración ou en equipo** (coas compañeiras, coas familias, co alumnado e con outros axentes sociais), xa que *para educar un neno fai falta toda a tribo* e o mestre nunca traballa só.

Por tanto, este programa (e as súas actividades) ten que ser entendido como unha iniciativa que atravesa transversalmente todos e cada un dos programas das materias que se involucran nel e ten as mesmas repercusións que outras actividades lectivas ordinarias (por exemplo, as clases teóricas), xa que será o mesmo profesorado quen:

## 1. Informe do curso 2005-2006

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)



- **leve adiante o proxecto**
- **controle a asistencia e as actividades de formación deste**
- **avalíe o correspondente traballo do alumnado dentro do programa da materia que corresponder**

Por suposto, as aprendizaxes obtidas a través das actividades de formación que vos propoñemos non son só transferibles ás materias que forman parte do proxecto, senón que as poderedes -deberedes- estender á vosa experiencia futura co resto de materias do plano de estudos. Doutra banda, o proxecto ten vocación de permanencia no tempo; máis aínda, preténdese ampliar en anos sucesivos ao 2º curso das catro titulacións e, despois, ao 3º curso.

Finalmente, as condicións en que se vai realizar o traballo para cada unha daquelas catro competencias profesionais básicas e mais as súas correspondentes actividades de formación previstas, expóñense con máis detalle nos apartados seguintes.

1ª COMPETENCIA:

*Comunicación*

### **1. Xustificación**

Unha das principais ferramentas profesionais de todo educador ou educadora é a linguaxe, tanto oral como escrita: é a ferramenta comunicativa por excelencia. Coas palabras chegamos aos nenos e ás nenas, conversamos co resto de docentes, atendemos ás familias e relacionámonos con outros axentes comunitarios; coa palabra escrita elaboramos os materiais didácticos, facemos correccións, escribimos notas ás familias, tratamos asuntos administrativos e solicitamos axudas para os nosos proxectos.

En suma, non poderíamos concibir un bo docente que posuise unha pobre aptitude dialéctica, que falase sen propiedade ou que usase deficientemente a linguaxe escrita; estaríamos, nese caso, nunha situación verdadeiramente preocupante para, como profesionais, educar o alumnado precisamente nesas capacidades de desenvolvemento lingüístico.

Por esta razón, nós tampouco concibimos un centro de formación de futuros mestres e mestras, como é este, que non lle preste unha atención especial ao perfeccionamento entre o seu estudiantado da competencia comunicativa dentro da capacitación xeral profesional dun docente, nas súas catro diferentes dimensións, máis ou menos activas/pasivas: oralidade, expresión escrita, capacidade de escoita e aptitude lectora.

Con todas estas consideracións, o profesorado que se vencella a este proxecto vai traballar con todo o alumnado do primeiro curso, xa desde o primeiro cuadrimestre da carreira, a competencia comunicativa. En concreto, no presente ano académico 2005-06 imos dedicarlle especial atención á habilidade comunicativa de expresión escrita (noutros cursos desenvolveranse tamén as outras tres); co traballo desta capacidade poderedes expresaros mellor nos diferentes documentos que nos teredes que presentar e así superardes a anguria que ás veces produce sentarse diante dun papel en branco (ou dunha pantalla) que debemos encher coas nosas ideas; dispoñeredes de técnicas de expresión escrita, de estratexias para o deseño de documentos coherentes, cohesionados e adecuados, e de ferramentas útiles que vos permitirán elaborar traballos académicos coas mínimas condicións esixibéis de calidade textual, alén da pertinencia e reflexión dos seus contidos.

En definitiva: ofrécesevos a posibilidade de asistir a unha serie de actividades de formación sobre **habilidades e estratexias para a mellora da calidade textual ou discursiva**, que se celebrarán en dúas fases ou niveis de profundización, nos meses de outubro e de novembro de 2005. Correrán a cargo do técnico do Servizo de Normalización Lingüística da nosa Universidade, Manuel Bermúdez Blanco, co apoio do profesorado que se vincula a este proxecto.

Loxicamente, o labor sobre esta competencia será continuado polos docentes da escola que se encargan do seu desenvolvemento, dentro das materias que corresponda e no horario de clase habitual.

## 2. Obxectivos

- Traballar a cuestión da calidade lingüística, os seus prexuízos e os alicerces da corrección.
- Fomentar entre os participantes a reflexión sobre os distintos planos que interveñen na composición dun texto.
- Dar a coñecer os recursos bibliográficos e informáticos que existen, e mais a súa utilidade, e valoralos.
- Ofrecer as bases para a creación de textos a través dos recursos informáticos.
- Analizar as partes fundamentais dos documentos, elaborar exemplos de documento e avalialos.

## 3. Contidos

- O concepto de calidade lingüística; a diferenciación entre erro e falta e a valoración da calidade lingüística de diferentes textos (normativa, cohesión, coherencia, adecuación, formato etc.).
- Os fundamentos da corrección tradicional e da nova corrección de textos.
- Os recursos bibliográficos e en rede que existen: dicionarios, correctores ortográficos, recursos terminolóxicos, tradutores e técnicas de tradución.
- A creación de documentos: formatos en papel, ortotipografía, xustificacións, confección de títulos, formatos de parágrafos e de táboas, citacións e citas bibliográficas, creación de índices automáticos, signos de puntuación, maiúsculas e minúsculas, abreviaturas-signos-símbolos, marcadores textuais etc. Decálogo da boa redacción. Linguaxe non sexista.

## 4. Metodoloxía e actividades

A metodoloxía con que se desenvolverá esta actividade formativa será dialóxica, experiencial, activa e participativa. As presentacións expositivas por parte do relator (teoría da calidade textual, corrección de textos, recursos existentes etc.), apoiaranse constantemente en exemplos e serán seguidas de prácticas en que se exerciten os conceptos traballados; é dicir, alternarase a exposición de contidos coa práctica do alumnado. Utilizarase o contorno da *USC Virtual* para o desenvolvemento dalgúns contidos.

As sesións realizaranse baixo dous niveis de agrupamento e de intensidade formativa:

- **Seminario obrigatorio** de 5 horas, no salón de actos ou nunha aula (2 titulacións por grupo). Neste seminario traballaranse os contidos que sinalamos arriba a un nivel introdutorio e presentaranse recursos bibliográficos e en liña para a autoformación do alumnado.
- **Curso voluntario** de pago, de 30 horas (21 de formación teórica e 9 de traballo autónomo, con titorías en liña co relator), que se celebrará na aula de informática do centro (20 alumnos/as por grupo). Cada participante traballaría individualmente diante dun computador, faría prácticas de elaboración de textos, valoraría a súa calidade, utilizando correctores ortográficos e tradutores en liña, crearía *macros* de tradución, procurando recursos na rede e descargándoos, ou experimentaría con ferramentas en liña xa coñecidas (p.e. *bUSCatermos*). Neste curso, que podería ser recoñecido como 1 crédito de libre configuración, afondaremos nos contidos do seminario anterior e haberá sesións prácticas. Trátase dunha opción aberta para todo o alumnado de 1º curso.

#### 5. Temporalización

- Para a asistencia ao **seminario obrigatorio** ou o primeiro nivel de formación, o alumnado distribuirase do seguinte xeito: as titulacións de *Educación Infantil* e *Educación Primaria*, no salón de actos, o martes 25 de outubro de 2005, de 11:00 a 13:30 h. e de 16:00 a 18:30 h.; as titulacións de *Lingua Estranxeira* e *Educación Física*, no salón de actos, o mércores 26 de outubro, de 11:00 a 13:30 h. e de 16:00 a 18:30 h.
- Para a asistencia ao **curso voluntario** ou o segundo nivel de formación, o alumnado asistirá a 21 horas de formación presencial os xoves dos meses de novembro (días 3, 10, 17 e 24) e de decembro (días 1, 15 e 22) de 2005, entre as 16:30 e as 19:30 h. (de haber un segundo grupo, o seu horario sería o mesmo, mais os venres destas semanas). Ademais cada alumno/a deberá cubrir un mínimo de 9 horas prácticas de traballo autónomo e de titorías en liña, tamén desde a aula de informática da escola, unhas actividades que se controlarán.

#### 6. Avaliación

A avaliación da competencia comunicativa insírese dentro da avaliación xeral da maioría das materias que se vinculan ao proxecto, polo que as condicións e as normas baixo as que aquela se rexerá, expóñense detalladamente dentro de cada un dos programas das materias que corresponder.

2ª COMPETENCIA:

*Aptitudes básicas en TICs e no uso da biblioteca*

##### 1. Xustificación

Aínda que hoxe en día a maior parte da xuventude que acode á universidade ten experiencias previas coas TICs (Tecnoloxías da Información e Comunicación) e que moitos dispoñen de ordenador con conexión a *internet*, é moi probable que esta experiencia lles proporcione unicamente unha formación tecnolóxica limitada.

Neste período de formación universitaria que estades a principiar, é necesario ampliar e consolidar esa *formación tecnolóxica* e, ao mesmo tempo, incorporar unha *alfabetización informacional* (ALFIN), que comprenda o desenvolvemento de habilidades para achar, recuperar, analizar e empregar a información, máis alá das estratexias de transcripción de textos. Por este motivo, faise necesario que os docentes e as bibliotecarias se integren nun mesmo equipo para lle facilitar ao alumnado esta alfabetización, tanto tecnolóxica como informacional.

Por tanto, o programa de formación en competencias TICs que vos presentamos neste curso, e que se completará nos cursos vindeiros, comprende dous grandes ámbitos:

- **Alfabetización tecnolóxica:** fai referencia ao coñecemento e ao manexo das ferramentas informáticas (uso do ordenador, procesador de textos, navegación na rede etc.) e de comunicación interpersoal (correo electrónico, charla, foros de debate, mensaxería instantánea etc.).
- **Alfabetización informacional:** refírese ao uso e á xestión dos recursos de información e ás habilidades necesarias para se desenvolver na biblioteca do noso centro e, por extensión, en calquera biblioteca universitaria.

Toda esta capacitación, aínda que é de carácter complementario, faise imprescindible para un adecuado desenvolvemento da vosa formación universitaria. Sen dúbida aprenderedes o manexo de ferramentas de grande utilidade para o voso crecemento, tanto académico como persoal.

## 2. Obxectivos

- **Alfabetización tecnolóxica:**
  - Coñecer o funcionamento básico do ordenador e utilizar os programas máis habituais (procesador de textos, navegador na rede e correo electrónico).
  - Coñecer e saber utilizar os recursos tecnolóxicos dispoñíbeis na USC: *RAI* (Rede de Aulas de Informática), *USC Virtual* e *Rede Sen Fíos*.
- **Alfabetización informacional:**
  - Coñecer a biblioteca da escola e entendela como un espazo de información e de formación.
  - Adquirir as habilidades básicas necesarias para xestionar e para utilizar de forma autónoma a información de que dispón a biblioteca.

## 3. Contidos

- **Alfabetización tecnolóxica:**
  1. Os sistemas informáticos: elementos básicos
  2. O sistema operativo
  3. Programas básicos: procesador de textos e editor gráfico
  4. Uso básico da rede: navegadores e buscadores
  5. Ferramentas de comunicación interpersoal: correo electrónico e foros de debate

6. Recursos tecnolóxicos da USC: *RAI e Rede Sen Fíos*

7. Uso da *USC Virtual*

- **Alfabetización informacional:**

1. Información da biblioteca: instalacións, coleccións e servizos

2. Documentación científica. Tipos de documentos: catálogos, bases de datos e buscadores

3. Busca de información:

1.1 catálogo web da *BUSC*

1.2 bases de datos: *Cuadernos de Pedagogía e CSIC-ISOC*

1.3 buscadores na rede: *Google e Google Schooler*

#### 4. Metodoloxía e actividades

O programa de formación realizarase en dúas fases que combinarán sesións de formación presencial e en liña.

- **Primeira fase: formación inicial.** Desenvolverase nas primeiras semanas do curso (días 6, 13 e 14 de outubro) no horario que se especifica no apartado III.5. Os contidos desta primeira fase son:

- coñecemento da biblioteca e do catálogo da *BUSC*. Actividades prácticas
- información sobre os servizos da USC e os procedementos para a súa utilización. Actividades prácticas
- información sobre a *USC Virtual* e os materiais para autoformación. Actividades prácticas

- **Segunda fase: formación continuada.** Desenvolverase ao longo de todo o curso e comprende varias opcións:

- *Traballo autónomo en liña a través da USC Virtual.* O alumnado terá á súa disposición unha serie de recursos para a súa autoformación.
- *Cursos de formación organizados desde a aula de informática da escola.* Estes cursos ofrécense ao alumnado que os solicite, terán un custe adicional segundo as tarifas da USC e serán recoñecidos como créditos de libre configuración. Anunciaranse oportunamente a través de cartaría polo centro.
- *Programa de formación de usuarios da biblioteca da escola.* Desenvolverase a través da materia de 1º cuadrimestre *Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación* en colaboración coa directora da biblioteca. Informarase no seu momento.

## 5. Temporalización

- **Primeira fase: formación inicial.** Organizarase en tres xornadas de formación dividindo ao alumnado en pequenos grupos, de tal xeito que poidan manipular os ordenadores da aula de informática. O plano de traballo sería o que segue:

HORARIO DO DÍA 6 DE OUTUBRO	SALÓN DE ACTOS	AULA 29	AULA 22
10:00-10:30	Actividades: presentación do programa de formación e distribución dos grupos	—	—
10:30-12:00	Grupo 1: Carmen Varela/X.M. Carreira	Grupo 2: Lina Iglesias	Grupo 3: Carmen Fernández
12:00-12:30	DESCANSO		
12:30-14:00	Grupo 3: Carmen Varela/X.M. Carreira	Grupo 1: Lina Iglesias	Grupo 2: Carmen Fernández
16:30-18:00	Grupo 2: Carmen Varela/X.M. Carreira	Grupo 3: Lina Iglesias	Grupo 1: Carmen Fernández
HORARIO DO DÍA 13 DE OUTUBRO	AULA DE INFORMÁTICA	HORARIO DO DÍA 14 DE OUTUBRO	AULA DE INFORMÁTICA
Actividades: coñecer a USC Virtual e prácticas		Actividades: coñecer os recursos tecnolóxicos da USC e prácticas	
16:00-17:00	Grupo 1: Lina Iglesias	09:00-10:00	Grupo 1: Carmen Fernández
17:00-18:00	Grupo 2: Lina Iglesias	10:00-11:00	Grupo 2: Carmen Fernández
18:00-19:00	Grupo 3: Lina Iglesias	11:00-12:00	Grupo 3: Carmen Fernández
19:00-20:00	Grupo 4: Lina Iglesias	12:00-13:00	Grupo 4: Carmen Fernández
20:00-21:00	Grupo 5: Lina Iglesias	13:00-14:00	Grupo 5: Carmen Fernández

## 6. Avaliación

- **Alfabetización tecnolóxica:**
  - Avaliación inicial: cuestionario de coñecementos previos
  - Asistencia ás sesións de formación organizadas e realización das actividades prácticas propostas
  - Indicadores de uso dos servizos da USC
  - Participación nos cursos de formación que se organicen

## 1. Informe do curso 2005-2006

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)

- Uso dos recursos de formación en liña
  - Aplicación dun cuestionario de competencias ao final do curso
  - Información do profesorado de 1º curso sobre o uso e a destreza no manexo das ferramentas traballadas
- **Alfabetización informacional:**
    - Asistencia ás sesións de formación organizadas e realización das actividades prácticas propostas
    - Porcentaxe de acertos na localización física de documentos
    - Porcentaxe de procuras ben feitas no catálogo
    - Realización efectiva das actividades informacionais propostas desde a materia *Teorías e Institucións Contemporáneas da Educación*

### 3ª COMPETENCIA:

*Habilidades cognitivas básicas e metodoloxía do traballo intelectual*

#### 1. Xustificación

O alumnado universitario precisa desenvolver capacidades e hábitos de traballo intelectual dirixidos cara a unha aprendizaxe rigorosa, que lle permita comprender o marco teórico propio da titulación e proxectar esa aprendizaxe na práctica profesional que corresponde.

Así, de entre as múltiples habilidades cognitivas que se poderían identificar para *construír* un bo profesional, nós temos elixido, para comezar a traballar neste proceso formativo, quizais as máis básicas, é dicir, as capacidades de análise e de síntese.

#### 2. Obxectivos

- O estudantado será quen de analizar e de interpretar a documentación básica relacionada cos contidos das titulacións de mestre.
- A partir do manexo de documentación facilitada polo profesorado ou recollida persoalmente, o estudantado será quen de elaborar sínteses coherentes e diferentes traballos a partir do coñecemento adquirido.

#### 3. Contidos

- **Lectura e recensión de libros ou de artigos.** Trátase neste punto de que o alumnado saiba manexar os libros, saiba usar o material documental que acompaña o programa e de que xeito pode recoller neles información valiosa e conservala. As recensións, que son resumos e/ou comentarios críticos de libros ou de artigos, están moi relacionadas co desenvolvemento desta competencia, xa que o estudante ten primeiro que facer unha lectura perspicaz e atenta, para logo ser quen de organizar a información e de sintetizar o que aprendeu nun texto curto.
- **Comentario de textos.** A capacidade de comentar textos permítelle ao alumnado un coñecemento máis reflexivo do campo de saber que estuda a través

da comprensión e da contextualización do que o texto expresa. O comentario de texto permite relacionar ideas, teorías, conceptos ou temas, en sínteses que abranguen a cultura integral que nese momento ten o estudante.

- **Redacción de informes.** O coñecemento é sempre comunicable. Os traballos que o alumnado fai para as distintas materias baséanse na análise e no estudo comparativo da información recollida, que se organiza e se sintetiza nun informe que debe cumprir algúns requisitos académicos básicos, tanto en forma como en estrutura.

#### **4. Metodoloxía e actividades**

O estudantado asistirá a algunhas sesións por titulación, en que se abordarán os aspectos básicos, con especial atención aos problemas prácticos, dos contidos propostos para desenvolver esta competencia, que despois serán traballados nas distintas materias de acordo coas respectivas programacións. Nestas sesións, o estudantado manexará algúns casos que serán propostos a modo de exemplo, en relación cos temas aludidos no apartado anterior.

#### **5. Temporalización**

Alén do traballo que sobre esta competencia se realizará dentro das horas de clase ordinarias por parte do profesorado involucrado no desenvolvemento desta, están previstas a maiores dúas sesións específicas por cada unha das catro titulacións, que se anunciarán no seu momento.

#### **6. Avaliación**

O dominio desta competencia será avaliado de acordo cos requisitos establecidos nos programas de cada materia involucrada no desenvolvemento daquela.

4ª COMPETENCIA:

*Traballo colaborativo*

##### **1. Xustificación**

Non é preciso argumentar en extenso para evidenciar que esta é:

- unha competencia profesional chave na profesión docente: toda a comunidade educativa é precisa para colaborar na educación da mocidade
- o comezo dun desenvolvemento competencial que ten que ter continuidade, constancia e persistencia
- unha aptitude que desde o primeiro día o alumnado debe ir adestrando, a fin de que lle vexa utilidade e pragmatismo

O traballo colaborativo nos colexios implica a colaboración con instancias máis ou menos numerosas (grupos pequenos, grupo docente de nivel, equipo docente de etapa, conxunto de profesorado do centro, xuntanzas con persoas alleas ao centro que inciden no proceso educativo, familias, encontros con autoridades educativas ou municipais etc.).

Cómpre, así, un deseño que inclúa varios tipos de grupos de colaboración (parellas, grupo pequeno, grupo medio e grupo grande) e actividades con diferente finalidade (solución de problemas concretos, coordinación de actividades, conxunción de celebracións etc.).



## 2. Obxectivos

O obxectivo básico do desenvolvemento desta competencia ten que ver con mostrar e con VIVIR a necesidade da colaboración e entendela como unha oportunidade para mellorar e non como unha obriga, para así comprobar as dificultades que ocasiona e as riquezas que ofrece, coa finalidade de lle demostrar ao alumnado que *todos xuntos sabemos máis que un só*.

## 3. Contidos

- O grupo como oportunidade para nos enriquecer
- Vantaxes e desvantaxes do traballo en grupo
- Secuencia e fases do traballo colaborativo
- Elementos de reflexión sobre a vida dos grupos

## 4. Metodoloxía e actividades

O profesorado máis directamente implicado na posta en práctica desta competencia ten deseñado un conxunto de actividades, que tenderán a conseguir estes obxectivos e estes contidos, a través dunha secuencia de actividades progresivamente complexizadas ao longo de todo o curso 2005-06.

**Entendemos que o conxunto de actividades grupais, colaborativas, coordinadas etc. contribuirán ao desenvolvemento dunha conciencia da necesidade do traballo en grupo, dunha forma práctica, xa que pretendemos aplicar unha metodoloxía activa, participativa e creativa.**

<p><b>Materia:</b> <i>Conceptos Fundamentais da Didáctica</i> 1º cuatrimestre Rufino González</p>	<p><b>Materia:</b> <i>Socioloxía da Educación</i> 2º cuatrimestre Marta Poncet</p>	<p><b>Materia:</b> <i>Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural</i> 2º cuatrimestre Ramón López</p>
<p>1ª) Discusión a partir dunha frase 2ª) Elaboración dun texto escrito (recensión) por parellas 3ª) Elaboración dun texto escrito (recensión) en grupos medios 4ª) Iniciación á investigación 5ª) Iniciación á investigación e á coordinación de accións</p>	<p>1ª) Videoforum en gran grupo 2ª) Traballo de campo fóra da Escola de Maxisterio 3ª) Análise de contido de textos e de publicidade 4ª) Traballo de campo nun colexio</p>	<p>1ª) Debates sobre de diversos contidos específicos da materia</p>

## 5. Temporalización

A secuencia concreta de actividades que se realizará anunciarase oportunamente no desenvolvemento de cada unha das materias que están involucradas.

## 6. Avaliación

**O proceso de avaliación deste competencia terá lugar dentro do proceso ordinario de avaliación de cada unha das tres materias que nela participan.**

## AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS

Insístese en que o desempeño (e o control da asistencia) destas catro competencias vai ser realizado coa seriedade e co rigor que se esixe a calquera outra actividade académica ordinaria; e, desta mesma maneira, o traballo e o esforzo do alumnado sobre estas competencias, repercutirá tanto cualitativa como cuantitativamente na avaliación final de cada unha das materias que participan neste proxecto e en función das condicións que o profesorado afectado establececese no seu momento nos respectivos programas docentes.

Para rematar, quérese manifestar que o profesorado que participa no proxecto agradecería en todo momento do alumnado que nos fixese chegar suxestións de mellora deste programa de competencias profesionais básicas, coa intención de perfeccionar cara ao futuro a oferta deste novo servizo docente.

### MEMBROS DO GRUPO DE

***Realización de estudos para a adaptación ao EEES en titulacións do Sistema Universitario de Galicia. II fase. Mestre en Educación Infantil. Escola Universitaria de Formación de Profesorado de Lugo***

PROFESORES/AS	MATERIAS	PARTICIPA NO PROXECTO E PRESENTOU INFORME INDIVIDUAL	PARTICIPA NO PROXECTO E NON PRESENTOU INFORME INDIVIDUAL
Blanco Mosquera Vicente	Procedementos plásticos		SI
Candía Durán Francisco	Teorías e Inst. Contemporáneas edu.	SI	
Cardenas Serván Inmaculada	Música		SI
Díaz Rodríguez Carme	Bases psicolóxicas educación espec.		SI
Fernández Fernández Pilar	Psicoloxía da Educación e do desenv.		SI
Fernández Herrero Beatriz	Ética para educadores	SI	
Fernández Morante Carmen	Bases pedagóxicas educación espec.		SI

## 1. Informe do curso 2005-2006

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)


ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO  
**Titulación de Educación Infantil de Lugo**

PROFESORES/AS	MATERIAS	PARTICIPA NO PROXECTO E PRESENTOU INFORME INDIVIDUAL	PARTICIPA NO PROXECTO E NON PRESENTOU INFORME INDIVIDUAL
Garrido Filgueira Uxía	Educación física especial		SI
González Fernández Rufino	Conceptos fund. didáctica	SI	
Herrero Figueroa Araceli	Literatura infantil		SI
Iglesias Forneiro Lina	Novas tecnoloxías aplicadas educac.		SI
López de la Calle Sampedro Ángeles	Expresión Musical e a súa didáctica	SI	
López Rodríguez Ramón	Educación ambiental súa didáctica		SI
Otero Urtaza Eugenio	Sistemas contemp. educación infantil	SI	
Poncet Souto Marta	Socioloxía da educación	SI	
Rodríguez Lestegás Francisco	Coñecemento medio social cultural	SI	
Veiga Alonso Xosé Ramón	Historia Galicia	SI	
Rodríguez Neira Modesto A.	Director da EUFP Lugo		Director EUFP



**Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias  
ao crédito europeo na Escola Universitaria de Formación de  
Profesorado de Lugo (2004-05, 2005-06)**

---





## 2. Guías



# GUÍA DOCENTE DA MATERIA MÚSICA DE EDUCACIÓN INFANTIL

## 1. Datos descriptivos do curso

1.1 **Nome do curso:** Música

1.2 **Código:** 741107

**Troncal** de 4,5 créditos (2,5 teóricos e 2 prácticos)

**Créditos ECTS:** 112h5

**Horario:** primeiro cuatrimestre, no primeiro ano de carreira dos estudos de formación do profesorado de educación infantil.

Materia impartida en castelán mais os alumnos poden expresarse tanto verbalmente como por escrito en galego.

1.3 **Prerrequisitos:** estar matriculado nos estudos de educación infantil. Queremos sinalar que as persoas que saiban música en calquera sentido (académico, popular tradicional ou popular moderno) terán no seu haber elementos que lles serán moi útiles (se os saben utilizar) no desenvolvemento da materia.

1.4 **Profesor que imparte a materia:** Profesora doutora M.<sup>a</sup> Inmaculada Cárdenas Serván, catedrática da Área de Música. O curso será impartido en castelán, mais permitirase que os alumnos se expresen tanto verbalmente como por escrito en galego.

1.5 **Horas de titorías:** haberá seis horas de titorías, sinaladas con horario no gabinete da profesora como tamén na rede. En ambas as dúas indícanse as modificacións que se efectúen. O sistema que se seguirá será o de citas, é dicir, os alumnos deberán inscribirse nunhas follas expostas no gabinete. Cada alumno ou grupo de alumnos disporá de entre 10 e 20 minutos para preguntar as dúbidas, así como para mostrarlle á profesora o traballo que realizou. Para volver a vir, deberá apuntarse novamente. Desta forma, axiliaranse os encontros tutoriais entre os alumnos e a profesora.

## 2. Sentido do curso no plano de formación do profesorado universitario

2.1 **Bloque formativo ao que pertence o curso. Materia:** troncal que inicia os alumnos matriculados na formación teórico/práctica das actividades musicais que desenvolvesen no seu futuro profesional dentro do marco globalizado que é habitual nas aulas de Educación infantil. A nosa proposta de guía docente fai máis fincapé na formación creadora do neno e a capacidade do mestre para desenvolvela, xa que consideramos que é a parte marxinada da educación artístico/musical.

2.2 **Papel que xoga este curso nese bloque:** a materia de Música ten un papel fundamental na formación de nenos de educación infantil, tanto en si mesma, ou como apoio para outras actividades. As actividades musicais se son creativas axudarán a consolidar a personalidade do neno e a desenvolver a súa relación co grupo, xa que na música non se necesitan palabras para comunicar.



Se se utiliza como apoio doutros dominios, esta servirá para moitas cousas,

- desde conservar o patrimonio musical popular e infantil da nosa cultura
- ou coñecer o doutras
- tamén como apoio a materias de sociais
- científicas...

inventando cantilenas... que axudarán os nenos a memorizar e interiorizaren a través do xogo musical conceptos e elementos doutros dominios.

Por outro lado, a materia de Música está en relación:

- dunha forma global con todas as materias da carreira,
- mais indubidablemente ten unha relación máis profunda coas **materias artísticas e coas súas didácticas,**
- coas materias de educación física como un elemento integrador e cohesionador do grupo, mais tamén como individuo.
- Deste xeito entendemos que na orde de preferencia as materias máis afastadas serían as científicas, sen que por iso neguemos a relación que por outro lado existe entre a música e as ciencias xa que o pensamento abstracto musical e as matemáticas (por exemplo) están en relación directa.

En relación cos dominios que pon en contacto estarían:

- I. O psicomotor
- II. O cognitivo
- III. O social
- IV. O ético
- V. Habilidades musicais: teatro, artes plásticas (debuxo)
- VI. Gusto polo son, ruído e silencio
- VII. Musical /estético
- VIII. Semántico (coida o corpo, mente, espírito)

2.3 **Interese deste curso para a docencia:** o interese desta materia para o desenvolvemento correcto do futuro profesional dun mestre de Educación infantil é esencial. Hai que aclarar que as dificultades que a música ten para os non versados quedan eliminadas coa pedagogía que utilizaremos, xa que presentaremos a nosa formación como unha aprendizaxe de creación e, polo tanto, non será necesario ter coñecementos previos musicais para abordar con todas as garantías de éxito o estudo desta materia. Non obstante, como indicamos nos prerequisites, as persoas que saiban música en calquera sentido (académico, popular tradicional ou popular moderno) terán no seu haber elementos que lles serán moi útiles (se os saben utilizar) no desenvolvemento da materia. O noso estudo estará baseado nos conceptos desenvolvidos pola Pedagogía de Creación Musical (desenvolvida en Francia na década dos setenta). Por iso, serán a inventiva, a capacidade de escoita, a capacidade de desenvolvemento, a capacidade de seleccionar, a capacidade de montar... as que teremos que manexar ao final do curso. Este adestramento implicará saber por parte do futuro mestre cando un neno está a crear dentro da música e cando non. O marco teórico será fundamental, con el porem os piares científicos e coa posterior práctica vivenciaremos o marco teórico aprendido. Todo iso conduciranos ao noso futuro profesional en posesión de todas as ferramentas que nos permitirán ser «o mellor» dos profesores/as de Educación infantil.

#### 2.4 Como se están a facer este tipo de cursos noutras universidades europeas?

Francia é o país inventor desta pedagogía na década dos setenta do pasado século e tamén o lugar onde os estudos e investigacións sobre ela se desenvolveron con maior amplitude. Esta pedagogía baséase, como o seu nome indica en crear/inventar a través das materias da música (o son, o ruído e o silencio), tomando como referentes as premisas das músicas contemporáneas e das músicas non occidentais que potencian a improvisación, a creatividade persoal e grupal como eixe das súas músicas e as teorías sobre o xogo infantil de Jean Piaget establecendo entre ambas as dúas unhas pontes que cambiaron o concepto de pedagogía de músicaa na actualidade. Dentro do Instituto Nacional do Audiovisual (INA) en París, e en concreto no Departamento de Investigación (GRM) dirixido polo profesor/investigador François Delalande, é onde naceron e se consolidaron estas investigacións. Na actualidade, en Francia esta pedagogía desenvólvese con normalidade nas aulas de Educación infantil. Iso é debido ao traballo de difusión e de estruturación que desde o Ministerio de Educación francés se realizou, incluíndoa nos planos de estudos, tanto nas escolas coma a nivel universitario. Desde Francia esta pedagogía exportouse a outros países europeos como Italia, onde cada vez máis a súa práctica é habitual. Neste sentido destaca Bolonia, a onde F. Delalande viaxa con asiduidade. En España é na cidade de Lugo e na Universidade de Santiago onde por primeira vez se implantaron estes estudos en programas universitarios. Paulatinamente, outras universidades fóronse incorporando como Valladolid (profesora Pilar Cabeza, Escola Universitaria de Formación de Profesorado de EXB de Palencia), e Castilla/La Mancha profesor Antonio Alcazar, Escola de Formación de Profesorado de Cunca).

### III OBXECTIVOS/COMPETENCIAS

A nosa intención é que ao final do curso os alumnos consigan as seguintes ganancias:

#### 1) Ganancias relacionadas cos contidos específicos do curso, isto é, co coñecemento teórico/práctico da música como creación

- a. Asimilar os principios teóricos básicos de ala Pedagogía de Creación Musical.
- b. Adquirir un coñecemento superficial doutras pedagogías musicais.
- c. Vivenciar a práctica da creación musical desde diversos ámbitos:
  - práctica musical desde conceptos contemporáneos
  - observación dos nenos no xogo sonoro
  - recordo dos xogos persoais da infancia para aprender a observar o xogo dos nenos.

#### 2) Ganancias relacionadas con competencias xerais relacionadas coa formación docente:

- a. Desenvolver unha percepción musical desde o feito da creación.
- b. Desenvolver unha escoita axeitada á escoita dos nenos de infantil.
- c. Desenvolver unha crítica positiva co traballo sonoro propio e co dos compañeiros, tanto teórico como práctico. Isto afianzará os elementos do individuo mais tamén as características do grupo.
- d. Aprender a traballar só e en grupo.

- e. Ter conciencia das achegas dos compañeiros.
- f. Aprender a crear pequenas obras musicais.
- g. Contribuír á cultura pedagóxico/musical do alumno de Ed. Infantil.
- h. Fomentar a creatividade, desenvolvendo a imaxinación (o literario) mais tamén a abstracción (o matemático formal).
- i. Avanzar no estudo, tomando conciencia de que cada paso abre novas perspectivas. Isto axudará a aclarar o sentido da materia, a súa articulación, a importancia duns contidos sobre outros, as estruturas e formas que poderán adoptar no futuro profesional na aula de infantil.
- j. Ter a oportunidade de expresar e debater as nosas dúbidas sobre as posibilidades de traballo no futuro profesional, así como sobre a nosa experiencia mais tamén sobre as nosas emocións á hora de escoitar obras musicais propias ou alleas.

### 3) Ganancias máis xerais (relacionadas cos valores e actitudes implícitos no proceso de converxencia)

- a. Automatizar comportamentos musicais que son beneficiosos para as persoas, (hixiene/saúde/calidade de vida) como:
  - séntase correctamente
  - respirar con corrección
  - vocalizar axeitadamente
  - traballar un bo timbre de voz sonoro e claro
  - moverse con graza... (Todos estes elementos axudan o músico a unha mellor práctica musical, mais tamén axudan en xeral as persoas a ter en hábitos de vida cotiáns máis saudables).
- b. Capacidade de observación cara aos nenos e tamén cara a un mesmo
- c. Interiorizar que estas actitudes se adquiren co exercicio da vontade e que todas son positiva para o corpo e para o espírito.
- d. Aprender a relaxarse con técnicas de relaxación, buscando un estado persoal positivo cun mesmo e tamén en relación co grupo (exemplo: a práctica do ioga...)

### CONTIDOS DO CURSO

1. **Descritor:** a materia de Música é unha troncal que inicia os alumnos de educación infantil fundamentalmente no manexo teórico/práctico da música como creación dentro do marco globalizado que é esencial no ensino en educación infantil, sen esquecer outras pedagogías da música. Para a boa marcha do curso, será obrigado por parte dos alumnos un traballo progresivo que irá do teórico ao práctico.

## 2. A materia queda dividida en bloques. Neles podemos diferenciar os seguintes bloques:

**a. Parte teórica do curso:** os comentarios que van a continuación están escritos coa intención de lle facilitaren a comprensión ao alumno que le a Guía docente. Na parte teórica estarán incluído un número de temas. Estes temas abordarán as teorías e os conceptos da Pedagogía de Creación Musical, así como o coñecemento superficial doutras pedagogías da música.

Metodoloxía xeral da parte teórica: para este bloque os alumnos contarán:

- coas explicacións da profesora na clase
- cos textos básicos que están publicados nos libros sinalados na bibliografía:
  - *La música es un juego de niños* de F. Delalande
  - *Evolución de la Educación Musical. La Pedagogía de Creación Musical* de M.I. Cárdenas.

Este estudo terá como eixes:

- o xogo infantil segundo as teorías de Piaget
- e os conceptos contemporáneos da música,
- así como conceptos de músicas étnicas.
  - Un principio básico de traballo será **o xogo sonoro infantil é música** e, a partir deste enunciado, os alumnos deberán integralo para o seu futuro profesional e potencialo cos nenos de Infantil: **facen música, máis que saber música**, xogo sonoro infantil, máis que aprendizaxe de conceptos.

**Os alumnos realizarán de todos os temas:**

- a) resumos
- b) busca de terminoloxía
- c) comentario pedagóxico.

En tempo real, o dito estudo ocupará un terzo do tempo total.

**Dentro do bloque teórico estarían os seguintes temas:**

**Tema 1. Pedagogías da música no século XX. A pedagogía de creación musical, unha pedagogía para o século XXI.**

Este é o tema inicial do curso, é un tema básico, pois nel sentaremos as bases teóricas que serán o noso referente no proceso de aprendizaxe da materia.

Tamén tema importante porque nos mostra a filosofía en que nos basearemos.

## 2. Epígrafes do tema:

2.1 Pedagogías musicais activas:

## 2. Guía docente da materia música de educación infantil

- Cales son?,
- Que filosofía as define?
- Cales son os seus obxectivos?
- Cales son as súas prácticas máis comúns?

#### 2.2 Que é a Pedagogía de Creación Musical?

- Cales as súas orixes?
- A necesidade de redefinir o concepto de música.

**3. Materiais para o seu estudo:** Este tema pode estudarse por dous libros. Para a primeira parte, será útil empregar o libro de I. Cárdenas, *Evolución de la Educación Musical. La Pedagogía de la Creación Musical*. Ed. Unicopia. Lugo: 2003 (1.ª parte, pps. 67-76), así como o libro de F. Delalande *La música es un juego de niños*. Ed. Ricordi, Argentina: 1995 (pps. 3-29). A segunda parte do tema poderá estudarse no mesmo libro, 2.ª parte, (pps. 105-118).

**4. Método de traballo:** as clases comezarán cunha pequena relaxación (10 minutos, aprox.). A explicación teórica da profesora intentará a nivel conceptual descubrir teorías e conceptos novos para o estudante. Estas ideas formarán parte da cultura pedagógico-musical do alumno e dotarano de coñecementos como onde e como xorde unha nova pedagogía da música. Intentarase desde o principio comezar a parte práctica da materia (improvisacións da profesora dos alumnos, de todos xuntos...). Desde que a profesora considere oportuno, realizaranse en clase improvisacións sonoras.

Este esquema de traballo será aplicado en todos os temas, coa particularidade de que o teórico será a medida que avance o curso substituído polo práctico

**5. Actividade que hai que desenvolver:** deste tema os alumnos terán que realizar un resumo comentado dos textos recomendados e terán que ampliar os termos, conceptos, autores e outros elementos a través de enciclopedias ou Internet.

Como actividade optativa, os alumnos poden ler os outros epígrafes da primeira parte do libro, o que puntuará para a nota.

**6. Competencias traballadas:** a reflexión sobre a Educación Musical en infantil. Que se fixo? E que podemos facer?. Competencias 1ª “a” e 2.ª “a, b, c, d, e, g, h, i, l” e 3.ª “a” e “d”.

**7. Dificultades principais:** ningunha especial, quizais a rixidez das ideas preconcebidas que deberán ir aprendendo a criticar e distanciar positivamente.

**1.6 Bibliografía para ampliar o tema:** os seguintes artigos de M. I. Cárdenas poden achegar elementos novos ao estudo:

- “Nueva metodología hacia el mundo sonoro” Actas de la II Semana do Maxisterio Lucense, Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, 1987.
- “Reflexiones para una nueva pedagogía de la música: La experiencia del mundo sonoro” Actas de la II Semana do Maxisterio Lucense, Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, 1987.

- “Una alternativa al libro de texto: música/arte sonoro” Actas de la IV Semana do Maxisterio Lucense, Xunta de Galicia, Deputación de Lugo, 1989.
- “Hombre, lenguaje, música” publicado en Música, Lenguaje, significado. Seminario Interdisciplinar de Teoría y Estética Musical, Universidad de Valladolid, 2001.
- Pode ser interesante tamén buscar en Internet información sobre os métodos de pedagogía musical e en especial sobre ala Pedagogía de Creación. A páxina Web do GRM de París (Groupe de Recherche Musicale do INA) pode ser útil. É posible que non se atope moita información en castelán.

**Tema 2. Que concepto de música é máis axeitado para a educación infantil? A expresión en arte. Relacións entre as artes: Música-Pintura, Música-Danza, Música-Escultura, Música-«Palabra».**

**1. Sentido do tema:** este tema ampliará por un lado o noso concepto de música. E por outro lado, mostraranos a importancia da expresión artística no ser humano. Intentaremos indicar as conexións que existen entre as artes e a importancia de entender a esencia destas como un punto en que se tocan.

**2. Epígrafes do tema:**

- 2.1. A volta ás orixes. A música electroacústica. A escola francesa de Pierre Schaeffer
- 2.2. Outros conceptos contemporáneos: desde o minimalismo ao conceptual (J. Cage)
- 2.3. A expresión artística/A expresión musical
- 2.4. Cara a unha pedagogía de creación musical

**3. Materiais para estudar:** Este tema pode estudarse polo libro de I. Cárdenas, pps. 117-133. Tamén os libríños que acompañan os CD de M. I. Cárdenas:

- *Concierto para esculturas sonoras* CD. Produción: Espacio Permeable coa colaboración de USC. Edita :Fundación ACA, Mallorca, 1992
- *Música & Arquitectura* CD. Produción: Universidade de Santiago de Compostela. Edita: Fundación ACA, Mallorca, 2001
- *Serea e o Contaador de Contos* CD. Produción Universidad de Santiago de Compostela. Edita: Fundación ACA, Mallorca, 2002

Pode tamén buscarse información na rede sobre Schaeffer, a música electroacústica, sobre J. Cage e as súas propostas artísticas, os futuristas...

**4. Método de traballo:** por parte da profesora:

- Relaxación para comezar.
- Explicación da profesora, iniciación dos textos que hai que ler.
- Posible actividade práctica ( a valorar pola profesora)

O alumno deberá ler atentamente os textos, sacar notas sobre dúbidas para preguntar a profesora. Isto axudará a establecer un debate interesante en clase. A busca de información será tida en conta pola profesora como estudio voluntario que puntúa para nota

**5. Actividade práctica:** non hai

**6. Competencias traballadas:** 1 “a”, 2 “a, b, c, d, e, f, g, h, i” e 3 “a”

**7. Dificultades principais:** non hai

**8. Bibliografía para ampliar:**

- “La expresión en el arte. Apuntes” Artículo de I. Cárdenas. En Memoria Artis, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2003.
- *La mirada móvil* monografía de Bartolomé Ferrando. Universidad de Santiago. 2001.

**Tema 3: a importancia do xesto en música e as actitudes dos músicos en relación co mundo sonoro**

**1. Sentido do tema:** con este tema entramos de cheo nos conceptos básicos da Pedagogía de Creación Musical e aprenderemos a importancia de observar os músicos cando fan música, esta é unha clave para entender o comportamento espontáneo dos nenos no xogo sonoro.

**4. Epígrafes do tema:**

- O xesto como denominador común dentro das prácticas musicais no mundo
- Dimensións esenciais da música que poden desenvolverse en pedagogía:
  - I. o gusto polo son
  - II. a sensualidade do son e
  - III. a organización do son
- Relación directa do xesto coa música.
- O xesto e os instrumentos.
- A música e o movemento.
- Pintar a música. Novos conceptos de partitura.

**5. Materiais para traballar:** : os capítulos do libro de F. Delalande: *La música es un juego de niños*, dedicados ao xesto e as actitudes dos músicos, Ed. Ricordi Argentina, 1995, pps. 31-43.

**6. Método de traballo:** profesora: igual que no tema 2, alumnos: ler con atención os textos e sacar as dúbidas para consultar coa profesora. Completar con información sobre termos, conceptos, autores... Realizaranse resumos que serán entregados á profesora.

**7. Competencias traballadas:** especialmente as 1 “a” e as 2 “c, d, e, g, h, l” e 3 “a”.

**8. Dificultades principais:** as habituais na comprensión de textos alleos ao noso dominio.

**9. Bibliografía:** a parte de la citada está el libro de Delalande *Les condotte musicale*, Universidade de Bolonia, 2000.

#### **Tema 4. O ritmo e o “tempo” en música e as palabras adecuadas para expresalo**

**1. Sentido do tema:** tema fundamental que nos sitúa diante dun dos conceptos máis universais da música e que nos brindará a oportunidade de desfacer o malentendido que xera ademais de coñecer os diferentes significados que tivo segundo as épocas e as culturas.

**2. Epígrafes do tema:**

- Diferentes posturas ante a universalidade do ritmo
- O ritmo nas culturas non occidentais: África, Asia...
- A escritura do ritmo en occidente
- Os efectos motoras do ritmo
- O “tempo” musical. A actitude discursiva. A actitude non discursiva
- Vocabulario novo para novos sons.

**3. Materiais para traballalo:** o capítulo do libro de F. Delalande: *La música es un juego de niños*, dedicados ritmo e o “tempo” e o capítulo dedicado a Palabras para describir sonidos, Ed. Ricordi Argentina, 1995, pps. 43-71.

**4. Método de traballo:** a profesora: igual que nos anteriores. Para o alumno: ler atentamente o texto, tomar notas sobre dúbidas para consultar.

**5. Competencias traballadas:** as indicadas nas ganancias 1 “a” e 2 “c”, “d” e “e”.

**6. Dificultades principais:** as mesmas que nos temas anteriores.

**7. Bibliografía para ampliar:** non existe en castelán bibliografía específica do tema.

**A partir do tema quinto, o curso entrará de cheo na súa parte práctica. Hai que aclarar que, non obstante, a teoría sobre os temas segue sendo importante:**

Os tres temas seguintes están dirixidos a vivenciar a práctica creativa musical e aprender a detectala nos nenos para apoiala na aula de infantil.

**Tema 5: Audicións axeitadas ao período de sensibilización musical e as formas repetitivas en música.**

**1. Sentido do tema:** este tema sitúanos na práctica da escoita e mostraranos músicas alleas. Todas elas foron elixidas pola relación que teñen coas atraccións e cos intereses sonoros dos nenos de infantil. Ademais descubriremos a importancia en música da repetición, o que deu lugar a unha forma de música: a música repetitiva. Tamén veremos a relación que ten cos xogos infantís (xogos circulares) e comprenderemos a orixe das músicas: a repetición e a variación.



**2. Epígrafes do tema:**

- A motivación da audición a través da experiencia de produción.
  - Necesidade do efecto «*choc*» da audición.
  - Músicas non baseadas en sistemas elaborados pola tradición.
  - A música electroacústica e as achegas da etnomusicoloxía.
  - As formas repetitivas en música
- O retorno ao sensorial e o corporal
- As reaccións circulares (Piaget) aplicadas á música
- A orixe da música repetitiva (Schaeffer)

**3. Materiais para traballalo:** os discos citados na discografía do libro de F. Delalande, *La música es un juego de niños* e os discos citados no libro de I. Cárdenas *Evolución de la Educación Musical. La Pedagogía de la Creación Musical*, anteriormente citados. En ambos casos a discografía está comentada e é interesante ler os comentarios, eles poden espertar a nosa imaxinación creadora.

**4. Método de traballo:** igual que nos anteriores.

Dado que este tema desenvolve en maior porcentaxe a parte práctica, como consello aos alumnos para un mellor aproveitamento do tema recoméndase: Seguir as indicacións da profesora para interiorizar mellor as escoitas, por exemplo **escoitar cos ollos pechados**. Isto non será motivo de estrañeza, pois nas relaxacións que facemos en clase é unha práctica habitual. Prepáranos para a práctica creativa, en que un estado sereno mais atento, é a mellor forma de situarse para conseguir bos resultados. A apatía estará fóra de lugar. Isto é importante, pois a actitude de todos debe camiñar no sentido de construír e os elementos que distraen serán tidos en conta como participación negativa.

**5. Actividade que se desenvolverá:** a audición dunha selección das músicas indicadas. Isto farase en clase mais tamén se lles facilitarán aos alumnos copias das obras para que as poidan escoitar outras veces na casa.

Por outro lado, este pode ser un momento clave da materia, pois xunto coas audicións poderemos empezar a elaborar a parte práctica de creación facendo, por exemplo, versións en clase das obras escoitadas, formulando outras propostas... Aquí valorarase positivamente a participación activa dos alumnos.

**6. Competencias traballadas:** 1 “b”, 2 “a, b, c, d, e, f” e 3 “a, b, c”.

**7. Dificultades principais:** aquí pódense presentar as dificultades propias da vertice diante do xogo sonoro. Hai que relaxar as tensións indicando que todo é correcto en principio, que nós temos a decisión do que vale ou non. Teremos como fío condutor unha idea: soar coma se pintásemos a música. É dicir, un lenzo no tempo. En xeral, con estas explicacións os alumnos adoitan entrar con moita corrección e realizar improvisacións sorprendentes.

**8. Bibliografía para ampliar:** a escoita de programas de radio de música contemporánea. Por exemplo *Ars Sonora*, de José Iges en Radio Clásica RNE.

Tamén pode ser interesante ler os seguintes artigos:

- “La creación musical en preescolar, Nuevas perspectivas a partir de las teorías de Piaget”, Universidade de Málaga, EU del Prof. de EXB de Málaga, 1986
- “La música electroacústica y la pedagogía”, V Semana do Maxisterio Lucense, Xunta, Deputación de Lugo 1990
- “Música experimental en la escuela”, V Semana do Maxisterio Lucense, Xunta, Diputación de Lugo, 1990

### **Tema 6: O xogo infantil e a pedagogía da música**

**1. Sentido do tema:** tema fundamental xa que nos pon diante da relación que establece a pedagogía de Creación Musical entre a práctica musical e o xogo infantil desenvolvido por J. Piaget. Entender e assimilar este encontro será no futuro profesional definitorio da postura que tomaremos diante da música na aula de infantil. Con el aprenderemos tamén as diferenzas que existen no xogo sonoro infantil nas súas tres etapas (nenos de 0 a 2, 2 a 4 e 4 a 6 anos)

#### **2. Epígrafes do tema:**

- Funcións similares entre a práctica musical e o xogo (sonoro) infantil

- A música como xogo senso-motora
- A música como xogo simbólico
- A música como xogo de regras

**3. Materiais para traballalo:** o capítulo II do libro de F. Delalande dedicado ao tema e os apartados do libro de I. Cárdenas da 2.ª parte, desde a pp. 134 até a 156. Ambos os dous citados anteriormente.

**4. Método de traballo:** profesora: Igual que en temas anteriores. Para os alumnos é importante aclarar que, aínda que a teoría de Piaget fala dos nenos en idades comprendidas entre 0 e 6 anos, os adultos que queiran traballar o xogo sonoro creativo poden seguir as pautas de comportamento descritas para os nenos, simplemente os tempos serán diferentes.

**5. Actividade que se desenvolverá:** Estudio atento do tema, que ten unha importancia capital dentro do esquema de traballo que estamos a desenvolver. E na práctica creativa ir desenvolvendo os aspectos estudados.

**6. Competencias desenvolvidas:** 1 “a, b,” 2 “a, b, c, d, e”

**7. Dificultades principais:** as referentes a integrar a teoría coa práctica musical

**8. Bibliografía para ampliar:** non en especial

### **Tema 7: O canto da música**

**1. Sentido do tema:** o alumno aprenderá a organizar o espazo físico e temporal que terá na aula de infantil a música. Materiais (corpos sonoros) mais tamén as técnicas elementais de gravación que lle permitirán ter na tecnoloxía un aliado en clase.

**2. Epígrafes:**

- A tecnoloxía como axuda
- A partitura falada, escrita, debuxada
- O encontro co obxecto sonoro e as diferenzas con corpo sonoro
- A acústica como aliada

**3. Materiais para traballalo:** O artigo de I. Cárdenas «El rincón de la música en el aula de infantil», publicado na revista CONSENSUS, UNIFÉ, Lima, Perú, 2004, (pps. 66-78)

**4. Método de traballo:** igual que nos anteriores. Para os alumnos: ler atentamente os textos, sacar as dúbidas e activar os recursos creativos apoiándose na tecnoloxía. O mestre non sabe máis que os nenos. El sinxelamente é un potenciador do que os nenos fan espontaneamente. Mais ollo! hai que saber velo e iso é o que temos que aprender. Hai que recordar que a segunda grande revolución que houbo na práctica musical de occidente foi a posibilidade de gravar o son, o que cambiou todos os parámetros da música. A primeira revolución foi a invención da escritura musical.

**5. Actividade que se desenvolverá:** aquí estamos xa en plena faena e todos os resortes de aprendizaxe deben estar activados. A actividade é o desenvolvemento da práctica creativa: improvisacións só e en grupos, vocais e instrumentais, xa indicadas na guía.

**6. Competencias traballadas:** todas

**7. Dificultades principais:** as indicadas anteriormente en referencia á práctica creativa, os medos, vergoñas...

**8. Bibliografía para ampliar:** non especialmente

**V. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS E DISTRIBUCIÓN DE ECTS**

**a. Parte teórica:** nos temas teóricos pediráselles aos alumnos que entreguen resumos comentados de todo o material que se reparta na clase. Os comentarios irán encamiñados, sobre todo, a expresaren ou imaxinaren situacións na aula cos nenos, máis que apreciacións de gusto persoal.

Ademais, sobre os conceptos ou termos que aparezan no discurso das clases, invitarase os alumnos a buscaren máis información en Internet ou en dicionarios, ou bibliografía específica. E, por último, un comentario pedagóxico: este traballo de interiorización e aprendizaxe será extensivo a todos os textos e material que se sinala na clase.

**b. Parte práctica:** Complemento indispensable da parte teórica que dará unidade ás aprendizaxes. Nesta parte, todo o traballo irá encamiñado por un lado á vivencia da creación sonora e a que os alumnos de educación infantil aprendan a organizaren fisicamente o espazo dedicado á música na aula. O que chamaremos «O canto da música» na aula, así como as técnicas para detectar os xogos sonoros interesantes, musicalmente falando, técnicas de gravación e reprodución do son, a partir do traballo de creación persoal e da observación dos nenos.

- **Técnicas de relaxación:** desde o principio do curso, realizaranse ao comezo das clases dez minutos de relaxación que lles permitirán aos alumnos ir adquirindo estas técnicas para un maior aproveitamento da clase.

Para axudar á interiorización da materia os alumnos serán invitados a realizaren:

- **Un caderno de observación infantil:** a partir de novembro, (data aproximada en que os alumnos xa coñecerán as bases teóricas do xogo infantil e os conceptos contemporáneos da música), os alumnos disporán dun caderno de «campo» en que **anotarán as observacións dos nenos no xogo sonoro**, segundo as peculiaridades da Pedagogía de Creación Musical, co fin de ir aprendendo a distinguir cando os nenos están dentro do espello ou fóra deste, segundo a metáfora de *Alicia no país das marabillas*, de Lewis Carroll, é dicir, dentro da arte ou fóra desta. Este traballo pode ir acompañado de gravacións dos nenos, vídeos destes ou fotos. (Esta posibilidade será opcional para os alumnos que queiran unha nota alta).
- **Un caderno de recordos persoais:** neste caderno anotaranse os recordos dun mesmo cando xogaba na súa infancia, destacando sobre todo cando era un xogo sonoro, tanto individual como en grupo. Para este recordo un pode ser axudado polos comentarios dos pais, irmáns, avós e amigos. Trátase neste *play back* de recuperar os xogos sonoros (musicais) que todos realizamos como parte do noso crecemento e aprehensión do ámbito, en definitiva da vida. É importante que o alumno entenda que **ARTE con maiúsculas é igual a VIDA**.

**Moi importante será a parte creativa práctica:**

Para axudar os alumnos neste labor, organizarase nas clases **os grupos de traballo que terán que realizar as improvisacións que detallamos a continuación:**

- **Realización de improvisacións a só ou en grupos, vocais e instrumentais:** despois de traballado o canto da música teoricamente e polo tanto os conceptos de corpos sonoros e obxecto sonoro, os alumnos poderán comezar a realizaren o traballo práctico de creación. Para iso, os alumnos dividiránse en pequenos grupos de tres ou catro persoas. Opcionalmente, admitirase un grupo de dous, ou individual, segundo as condicións presentadas, sempre xustificadas. Nas clases prácticas que ocuparán outro terzo do tempo, realizaranse propostas prácticas, a partir das audicións realizadas ou sobre materiais elixidos que corraxirá a profesora e serán dirixidas por ela, estas serán improvisacións musicais *in situ*. Para a entrega a final do cuadrimestre do material realizado, os alumnos deberán presentar o material traballado nun CD en que quedarán incluídos: - improvisacións vocais (ruído, son) a só e en grupo (un dúo, un trío, un cuarteto) Sempre que se poida, utilizaranse os termos da linguaxe musical, xa que consideramos que o rito é moi importante en facer da música. E improvisacións instrumentais (con corpos sonoros), só e en grupo (dúo, trío, cuarteto) para conseguir en todas obter obxectos sonoros interesantes.

Haberá a posibilidade de asegurar ter unha nota alta na materia. Para favorecer isto, os alumnos poderán realizar diversos traballos optativos, como os indicados a continuación:

- **Traballos prácticos optativos:** os alumnos que así o desexaren poderán realizar: - audicións de programas de radio, como por exemplo o programa *Ars Sonora*, de José Iges dedicado a músicas contemporáneas. Desdas audicións os alumnos poden entregar resumos comentados, que serán puntuados para nota. Os comentarios como indicamos máis arriba serán

pedagóxicos. Tamén poderán efectuar **visitas a exposicións de arte**, das que igualmente poderán realizar resumos comentados. Os comentarios serán neste caso encamiñados a descubriren a musicalidade das obras, as súas posibilidades de ser soada e de traballar musicalmente os xestos que o artista desenvolveu para compoñela.

- Ao final do cuadrimestre o traballo práctico será entregado para a súa avaliación. As últimas clases (mes de xaneiro) serán utilizadas para escoitar e ver os traballos prácticos que están a realizar os grupos.

Ademais, os alumnos poderán utilizar os tempos de titorías para lle ensinar á profesora os traballos en curso, tanto individuais como en grupo.

Os alumnos terán que facer un esforzo desde o comezo do curso para modificaren as súas ideas sobre música e abrir os seus criterios e dar cabida ao xeito espontáneo que teñen os nenos de se relacionaren co son. Este cambio é fundamental e permitirá dun xeito máis amable interiorizar e comprender as posturas artísticas ás veces moi afastadas das ideas máis comúns das persoas.

A palabra axeitada será facerse máis permeables á comprensión das músicas e as ideas propostas, sen este esforzo os alumnos rebotarán como contra un muro que lles impedirá obter unha formación correcta e unha sensibilidade axeitada. Por iso, é moi importante e así intentarase **manter un equilibrio entre o teórico e o práctico**.

Será por outro lado a actitude da profesora **manter abertos os mecanismos de debate e participación dos alumnos** e por último será a finalidade desta materia que os alumnos obteñan un **resultado tanxible e obxectivo do que é e significa a música dentro de como apprehenden o mundo os nenos** na etapa de educación infantil.

Dentro deste marco como referencia, o curso estará dividido en varias partes:

- A. Unha parte do traballo será teórico, de debate e información, así como de adestramento nos útiles de traballo.

Dentro desta primeira fase poderíamos distinguir á súa vez varios momentos que se suceden e se complementan:

- A.1 Unha primeira fase de *choc* en que a novidade dos temas e o xeito de enfocalo provocará un debate positivo sobre a educación da música. Que pensan? Que ofrecemos?

Inmediatamente, comezaremos coas relaxacións que nos irán preparando para termos unha actitude máis positiva na clase, así como coa automatización de comportamentos (posturas...)

Logo de que pasen as primeiras semanas, comezaremos coa parte práctica.

Hai que aclarar que a orde dos temas pode ser alterada, a criterio da profesora.

- B. Unha segunda parte de traballo autónomo (realizado se se quere en pequenos grupos) Isto foi sendo explicado en todos os epígrafes anteriores.
- C. O exame escrito da parte teórica e a presentación do traballo práctico elaborado (este como se viu está formado por varios traballos á súa vez).

### **A división do tempo:**

Como a materia ten 4'5 créditos, isto equivale en créditos ECTS a 112'5 horas.

Consideramos que pode ser operativo dividir estas horas en partes. Unha parte estará dedicada aos temas teóricos, outra aos temas prácticos e unha última ao traballo autónomo.

Os temas teóricos e parte da práctica serán de clases presenciais. O estudo e a realización dos traballos prácticos serán realizados en grupos, nalgúns casos de forma individual (como será o caso dos cadernos), así como os traballos optativos.

Aínda que este esquema é aproximado, propoñemos de entrada a seguinte división do tempo de traballo para os alumnos:

40 horas presenciais, das que 20 h serán teóricas e 20 h serán prácticas.

5 horas de seminario.

E 67 horas de traballo autónomo dos alumnos. Destas 35 serán para o estudo e preparación dos temas teóricos, busca de material, memorización... e 32 horas para preparar dos traballos prácticos.

### **VI. ORIENTACIÓNS DE CARA Á AVALIACIÓN**

A asistencia é un deber dos alumnos matriculados oficialmente. Nesta materia terase en conta a asistencia, e realizaranse controis de asistencia.

Se algún alumno non puiden asistir á clase, terá que pedir á Xunta de Centro o permiso correspondente. Así mesmo, deberá contactar coa profesora, mesmo antes de conceder o permiso de non-asistencia, para elaborar un plano alternativo de forma e xeito que a persoa poida pasar correctamente a materia.

Puntuarase o exame escrito que terá no total un terzo da nota. A parte práctica creativa terá un 50% e os traballos restantes un 20%. Pode ser que a persoa faga todos os tramos con excelencia mais como apoio para a obtención de notas altas, os alumnos como queda indicado noutros apartados poden realizar traballos optativos que o puntuarán para subir nota.

Todo o indicado anteriormente estará suxeito a cambios se a profesora así o considerar. Os devanditos cambios serán comentados co alumnado.

Dado que esta materia está inscrita no programa de COMPETENCIAS PROFESIONAIS BÁSICAS, con especial incidencia na **competencia comunicativa** e especificamente na de **traballo en grupo prestarase unha especial** atención ao desenvolvemento destas competencias. Pediráselles aos alumnos ao final do cuadrimestre que fagan unha valoración sobre o traballo en grupo, sinalando aspectos significados destes:

- a posta en marcha
- desenvolvemento destes
- problemas atopados...

**4. recomendacións ao inicio do curso**

Animarase os alumnos, como complemento da formación que recibirán nesta materia, a participaren nos cursos organizados polo Grupo de Creación Musical da USC sobre canto e música electrónica que dirixe a profesora Cárdenas. Cada un destes curso teñen na actualidade dous créditos de libre configuración.

**5. recomendacións de cara á recuperación**

En principio os alumnos non teñen porque suspender a materia. Todo o que se pide está dentro do razoable e aconséllase que os alumnos consulten sempre as dúbidas coa profesora. De todos os xeitos, para os traballos que non sexan axeitados, permitirase a súa rectificación, sempre que os prazos o permitan.

As persoas que queiran ser avaliadas en setembro serán avaliadas da mesma forma e terán que facer os mesmos traballos. Polo tanto, será negativo que a persoa non viñese a clases ou non contactase coa profesora para elaborar un programa alternativo.

# GUÍA DOCENTE EXPRESIÓN MUSICAL E A SÚA DIDÁCTICA

## 1 DATOS DESCRIPTIVOS DE LA MATERIA

### 1.1 Datos básicos

Nome da materia:	Expresión Musical e a súa Didáctica
Código:	741305
Curso:	3.º
Carácter:	Troncal
Créditos:	4,5 ( 1,5 teóricos e 3 prácticos )
Convocatoria:	Primeiro cuadrimestre
Plano de Estudos:	2000 ( BOE, 7 de decembro de 2000). Mestre, especialidade en Educación Infantil. ( campus de Lugo ).

### 1.2 Prerrequisitos

Antes de se embarcar nesta materia, o alumnado tivo dun xeito ou doutro contactos diversos coa música:

É posible que algúns tivesen no círculo familiar a sorte de ter experiencias musicais máis ou menos importantes como cantar, bailar e usar instrumentos musicais. Pode ser que tamén polo seu interese persoal cara á música algúns alumnos recoñecesen e explorasen como se poden combinar os sons e facer variacións, p.ex.: sacar os acordes na guitarra de cancións coñecidas. Algúns adquirirían destrezas musicais ao formaren parte dunha comunidade musical, como nun coro ou nunha agrupación folclórica. A maioría, a través das institucións educativas, comunicarían as súas ideas, pensamentos e sentimentos mediante o canto de cancións e o uso de instrumentos musicais.

A partir desta diversidade de experiencias musicais individuais construiremos a materia Expresión Musical e a súa Didáctica. Estas experiencias que xa foron adquiridas polos alumnos van ser recoñecidas a través dunha avaliación inicial que servirá de base para o desenvolvemento futuro da materia.

Ao longo do curso, as aptitudes e os coñecementos musicais de partida van ser plenamente respectados e non influirán na cualificación final da materia. Valorarase o esforzo e o traballo realizado durante o curso.

#### Prerrequisitos recomendables

Sería de grande axuda para alcanzaren unha perspectiva moito máis sólida da materia que os alumnos adquirisen:

- Coñecementos sobre os elementos da música que son básicos para traballar a educación musical dos/as nenos/as na etapa de infantil, tales como o son, o ritmo, a melodía, a estrutura e os planos sonoros.
- Coñecementos a nivel básico da representación do son a través de grafías convencionais:

## 2. Guía docente expresión musical e a súa didáctica



- Da duración dos sons (branca, negra, corchea, compás, liña divisoria)
- Da altura do son (as notas e a súa colocación no pentagrama, os intervalos, a lectura melódica.
- Da harmonía (planos sonoros, o acorde)
- Prácticas dalgún dos procedementos básicos para a aprendizaxe musical na educación infantil, tales

como escoitar unha ampla variedade de música, cantar cancións e tocar algún instrumento musical.

### **1.3 Profesora que imparte a materia**

Profesora **M.<sup>a</sup> de los Ángeles López de Lacalle Sampedro**

Departamento: Didáctica da Expresión Musical

Idioma: castelán

Extensión telefónica: 21018

Escola Universitaria de Formación do Profesorado

Avda. Ramón Ferreiro, núm. 10 -27001 Lugo

angelesl@lugo.usc.es

### **1.4 Horas de titoría –**

Gabinete núm. 22.

Martes - xoves e venres de 10:00 ás 12:00 h.

Luns de 9:30 a 15:30 durante o período das «PRÁCTICAS» nos centros escolares.

## **2 SENTIDO DA MATERIA NO PERFIL**

### **2.1 Bloque formativo a que pertence**

No actual plano de estudos para a formación inicial do profesorado de Educación Infantil da Universidade de Santiago de Compostela no campus de Lugo, a capacitación docente para o desenvolvemento da súa didáctica está encargada a dúas áreas de coñecemento: á Área de Música coa materia Música no primeiro curso e á Área de Didáctica da Expresión Musical coa materia Expresión Musical e a súa didáctica no terceiro curso. Á súa vez cada área de coñecemento oferta á especialidade de Educación Infantil varias materias optativas que lle dan ao alumnado a probabilidade de completar esta formación troncal básica.

### **2.2 Papel que xoga no bloque**

Expresión Musical e a súa Didáctica é unha materia que se imparte no terceiro e último curso da carreira e que debe supoñer o afianzamento dos coñecementos didáctico-musicais adquiridos no primeiro curso e o peche adquisición das «competencias» que son necesarias para poder intervir na Educación Infantil a través da expresión musical.

Ten grande afinidade coas áreas de Didáctica da Expresión Plástica e Didáctica da Expresión Corporal.

Enlaza de xeito directo con outras materias do plano de estudos:

- **Lingua Inglesa**, por exemplo identificando o pulso das palabras e compondo patróns rítmicos, cantando cancións con ou sen xestos, uso da narración e creación de representacións multimedia.
- **Coñecemento do Medio Natural**, por exemplo na medida en que se exploran diferentes formas de facer os sons, de opinar sobre as vibracións, de como o son viaxa, recoñecendo e nomeando os materiais utilizados en cada instrumento.
- **Coñecemento do Medio Social**, por exemplo a través da capacidade de escoitar con sumo coidado e respecto todos os membros do grupo nas intervencións musicais; conseguir axustar patróns rítmicos de forma conxunta, o que esixe unha gran cooperación e destreza durante o traballo en equipo; explorando como os sons poden describir estados de ánimo e emocións traballando xuntos en parellas ou en grupos reducidos e, deste xeito, demostrar como é a achega de cada alumno.
- **Novas Tecnoloxías Aplicadas á Educación**, p.ex. a creación de producións musicais propias co obxectivo de levar a cabo unha interpretación multimedia diante dos outros grupos.
- **Prácticas escolares**, p. ex. recompilando xogos típicos de recreo e observando e analizando a realidade musical da aula de infantil.

### 2.3 Interese profesional

Esta materia alén de che permitir desenvolverte de xeito efectivo, con independencia e con seguridade a educación musical en centros de educación infantil, posibilitache traballar a expresión musical noutros espazos: xardíns de infancia, ludotecas, campamentos, educador de tempo libre (con obradoiros de construción de instrumentos, de xogos con cancións, de danzas infantís)

Isto é posible, entre outras razóns, porque é unha materia **moi práctica**, o 90% é práctico porque utiliza as cancións e os xogos musicais non só para coñecer e entender a música senón tamén para facerlle comprender ao/á neno/a o mundo que o rodea, o que o conecta con outros ámbitos da vida e porque fomenta unha visión lúdica da música e do seu ensino, entende a necesidade de que a música lles proporcione felicidade aos/ás nenos/as. Estes aspectos son moi demandados actualmente por este tipo de contextos educativos.

Ademais, esta materia está pensada para adquirir o coñecemento, as destrezas e a comprensión que son necesarias para facer música, non só na etapa de educación infantil senón tamén para que ter acceso a comunidades musicais: escolas de música, grupos folclóricos, coros e, mesmo, se se dese o caso, poder continuar un desenvolvemento futuro profesional relacionado coa música; por exemplo estudos de mestre, especialidade en Educación Musical ou estudos do conservatorio.

## 3 OBXECTIVOS - COMPETENCIAS XERAIS

A finalidade desta materia é que o alumnado alcance os seguintes obxectivos e competencias para que a través da expresión musical, poidan intervir na educación infantil.


1. Obxectivos relacionados cos contidos específicos da materia:
  - a. Desenvolver unha comprensión da natureza da música e das formas en que a música se pode aprender.
  - b. Desenvolver habilidades e destrezas musicais seguras que contribúan á comprensión e ao coñecemento da linguaxe musical.
  - c. Coñecer e saber aplicar o currículo de música na educación infantil (0-6 anos) de xeito seguro e con garantías de calidade.
  - d. Iniciarse no uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para o ensino e a aprendizaxe da música na educación infantil.
2. Obxectivos relacionados coas competencias xerais propias do docente de educación infantil:
  - a. Poñer en marcha procesos persoais de sensación, expresión e percepción a través de experiencias musicais de traballos en equipo.
  - b. Ter a oportunidade de participar en propostas que fomentan a interdisciplinariedade doutras áreas globalizándoas na expresión musical.
  - c. Fomentar unha visión lúdica da música e do seu ensino, descubriendo os conceptos e os procedementos da expresión musical desde a emoción, o pracer, a creatividade e a felicidade.
3. Obxectivos relacionados con valores e actitudes:
  - a. Asumir as diferenzas individuais nas diversas intervencións musicais que se realizan, nun clima de tolerancia e de respecto mutuo.
  - b. Sentir o importante que é a contribución das individualidades na consolidación dun grupo, co fin de conseguir éxito no resultado final.
  - c. Desenvolver actitudes e hábitos que sirvan de apoio para a aprendizaxe doutras materias e que sexan útiles para a vida e para o traballo, como escoitar, habilidade para a concentración, a creatividade a perseveranza, a autoestima e a sensibilidade cara aos demais.

#### 4 CONTIDOS DA MATERIA

O contido oficial do plano de estudos para esta materia descríbese do xeito seguinte:

*“ Obxectivos, contidos e actividades na Educación Musical. Metodoloxías para a formación musical “.*

O seguinte esquema de traballo mostra como este contido oficial foi traducido a temas moi manexables que tratan de lle asegurar a todo o alumnado que estas esixencias legais sexan ensinadas e as expectativas (obxectivos marcados no punto anterior) alcanzadas.



O contido deste esquema está definido dentro das seguintes liñas de traballo:

- **TEMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE DESTREZAS DE CONXUNTO**



Isto é, interpretar música con outros. O alumno desenvolve cada unha das destrezas que se interrelacionan na interpretación e composición en todas as actividades de grupo.

Tema núm. 1: **Escoitar, interpretar e crear: os procedementos e as habilidades na educación musical**

Tema núm. 5: **A clase orquestra: instrumentos e símbolos**

Tema núm. 6: **A clase coro: as cancións**

- **TEMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE DESTREZAS DISCIPLINARES**

3

4

Isto é, destrezas rítmicas, as cales desenvolven o sentido do pulso ou do ritmo e destrezas melódicas que desenvolven o sentido do ton e da frase, p.ex. manter o pulso, diferenciar agudo, grave, tocar axustado.

Tema núm.3: **O longo e o curto: as calidades do son**

Tema núm.4: **O pulso e o ritmo: os motores**

- **TEMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE DESTREZAS DESCRITIVAS**

2

7

8

Isto é, usar e controlar a expresividade dos elementos da música para conectalos con outras áreas da aprendizaxe propia da educación infantil. Proporcionan información moi útil acerca dos lazos de unión con outras áreas, aquí a música participa reforzándoas p.ex.: a capacidade para representar historias utilizando sons e música, describir fotografías.

Tema núm. 2: **Rodeados de sons interesantes: o material sonoro**

Tema núm. 7: **O florón pasou por aquí: xogos cantados**

Tema núm. 8: **Pedro e o Lobo: a música descritiva**

- **TEMAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE DESTREZAS NO USO DAS TIC PARA O ENSINO E A APRENDIZAXE DA MÚSICA**

( TIC: Tecnoloxías de Información e de Comunicación)

9

Tema núm. 9: **Iniciación ao uso das TIC: o seu uso para o ensino e a aprendizaxe da música**

Estas catro liñas de traballo formuladas conflúen no último tema que se foi construíndo a xeito de quebracabezas. Nel estase a retomar todo o visto e aprendido e a partir de aquí deséñase unha proposta de currículo equilibrado e axustado que garanta unha incorporación do/a neno/a á música.

10		
1	2	3
4	5	6
7	8	9

Tema núm.10: **A música na etapa de educación infantil: a concreción dun currículo.**

### Tema núm.1

#### Escoitar, interpretar e crear:

Os procedementos e as habilidades na Educación Musical

#### 1. Sentido do tema


Cada ser humano, desde a súa infancia, está dotado das capacidades que lle permiten participar activamente no mundo da música. A incorporación a este mundo será só posible se os adultos que participan do seu ámbito lle fan accesible a música. Como facer accesible a música aos máis pequenos?

Actualmente, os procedementos e habilidades adquiriron un papel fundamental no proceso de ensino-aprendizaxe musical. Considérase imprescindible o acceso á vida musical mediante o uso axeitado da voz, do oído musical, do movemento asociado á música e das habilidades instrumentais. Isto significa que o principio de «*actividade*», debe estar presente en todo o proceso.

Esta actividade require que se interactue constantemente coa música: cantar, tocar, escoitar, danzar, improvisar, crear...

Este tema de inicio proporciona a oportunidade de coñecer os modos de proceder coa música e de interactuar con ela desde a comunicación e a vivencia.

#### 2. Onde se axusta este tema



A intención deste tema é que se constituía no “corazón” da materia.

A aprendizaxe da linguaxe musical, ao igual que a aprendizaxe doutras linguaxes específicas, adquirese e mostrase a través da vía procedemental. A partir desta podemos traballar outro tipo de contidos marcados na materia. Veremos como este tema será ampliado nas seguintes unidades, e contribuirá a conseguir as demais aprendizaxes.

É un «tema en progreso» onde se destacan as habilidades e destrezas que requiren unha práctica regular e un desenvolvemento continuo ao longo da materia. Céntrase no uso da voz cantando, de habilidades físicas instrumentais, de memoria musical... que deben ser un parte regular do traballo práctico na aula día tras día.

Condúcenos ao tema 10 (a música na etapa de educación infantil) en que se refire aos contidos procedementais do currículo de música para infantil.

Tamén contribúe dunha forma significativa á desinhibición do alumnado, mediante o desenvolvemento da confianza no uso das súas voces e do seu corpo para facer música. Ademais facilita o desenvolvemento social dos alumnos fomentando a identidade do grupo.

### 3. Epígrafes

1. Os procedementos e habilidades máis importantes na educación musical infantil: escoitar, interpretar e crear.
  - a) Escoitar: uso do oído para entender o mundo que o rodea: percibir o ámbito sonoro como parte do medio discriminando os sons.  
Escoitar: uso do oído para acceder á vida musical: percibir o discurso musical dos parámetros do son e das estruturas musicais básicas.
  - b) Interpretar expresivamente o material sonoro e as ideas musicais xa elaboradas a partir de diferentes actividades como cantar, realizar percusións corporais, tocar instrumentos ou danzar.
  - c) Crear producións musicais propias utilizando os sons, ritmos, estruturas e planos sonoros.
2. *Outros procedementos e habilidades musicais que entran nos ámbitos sensible, motor e cognitivo, tales como expresar, imitar, repetir, identificar, recoñecer, interiorizar, memorizar...*

### 4. Obxectivos de aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcance os obxectivos-competencias xerais **1 a ,1b, 1 c, 2 a ,2c, 3a e 3c** e os obxectivos específicos seguintes:

- Desbloquear pouco a pouco as capacidades expresivas e comunicativas por medio da expresión musical.
- Valorar «a túa voz» como factor determinante no desenvolvemento musical do/a neno/a.
- Tomar conciencia da grande riqueza que a voz supón, os centos de recursos que ten gardados e que resultan como un grande tesouro para unha persoa destinada á docencia.
- Valorar o «*facer música con outros*» como un medio excepcional de interacción social e de comunicación interpersoal

### 5. Materiais para traballalo

- Estímulos: cancións, músicas.
- Recursos sonoros: voces, percusión corporal, instrumentos da clase.
- Orientacións teóricas e comentarios da profesora e os documentos e materiais sinalados no apartado de bibliografía.

## **6. Vocabulario para revisar**

Resulta de grande utilidade o coñecemento previo de palabras e frases relacionadas con:

- Técnicas para o canto e a canción: p. ex. respiración, postura corporal, articulación ou proxección do son.
- Usar as voces de maneiras diferentes: p. ex. falando, murmurando ou cantando.
- Comezar a recoñecer diferentes maneiras de usar os sons.
- Os elementos musicais que serán tratados noutros temas: p. ex. ton, dinámica, tempo, timbre ou control do pulso e do ritmo.
- Estrutura: p. ex. conciencia de fase, sección, verso ou coros.

## **7. Actividades que se desenvolven**

- Participación nas sesións de clase para ter a oportunidade dunha aprendizaxe activa dos contidos do tema.
- Confección dunha ficha didáctica onde debes estruturar e organizar os contidos e as experiencias adquiridas durante o desenvolvemento das sesións teórico-prácticas. Na aula será dada unha información para o seu deseño.

## **8. Método de traballo aconsellado**

A fundamentación teórica deste tema constrúese desde a práctica na aula. Para poder alcanzar os obxectivos de aprendizaxe propostos neste tema, son fundamentais e imprescindibles as sesións prácticas. Suxírese non renunciar nunca á realización da parte práctica porque, alén de obter outros beneficios, permitirá entender e assimilar a teoría dun xeito sinxelo e efectivo.

Así mesmo, tamén se suxire elaborar a «ficha didáctica» nos días seguintes á finalización do tema.

## **9. Dificultades**

A Práctica que corresponde a este tema de comezo é o que máis dificultades presenta, tanto para a profesora coma para o alumnado. Para o grupo é unha profesora nova, para a profesora o grupo é unha incógnita. Polo tanto, o primeiro que hai que facer é coñecer-se, o que naturalmente leva o seu tempo. Porén, nesta materia temos unha solución que acelera o proceso e é «o *poder de comunicación* da música.

A miña experiencia na realización de actividades compartidas con mozos participando no descubrimento da música e das súas posibilidades didácticas demostrou até que punto se favorece o desenvolvemento da comunicación e do intercambio de ideas, pensamentos e sentimentos. Facer música é un xeito estupendo para lograr que o docente e o grupo vaian descubríndose e coñecéndose.

Conforme transcorra a materia, aprenderase o emprego de consignas novas, referencias didácticas descoñecidas e hábitos propios da profesora, p. ex. : que postura corporal hai que adoptar sempre que se vai empregar a voz, colocación e manexo do espazo para un determinado procedemento musical, significado de determinados xestos, colocación do grupo ao inicio de cada sesión práctica... É dicir, descubrírase día tras día, o “*estilo*

persoal «de levar a aula, aumentando por iso a túa seguridade individual e dentro do grupo. Logo de que sexa superado este primeiro obstáculo, a atención debe dirixirse á adquisición das aprendizaxes musicais e didácticas propostas nesta materia.

## 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

A seguinte bibliografía pode ser un material de consulta regular que che axude a esclarecer dúbidas básicas e a entender mellor palabras, conceptos e frases que manexamos habitualmente en clase, no que se refire a:

- Termos musicais:
  - Candé, Roland de (2002): *Novo dicionario da música* (Barcelona).
  - Randel, M. (1997): *Diccionario Harvard de Música* (Madrid. Alianza).
  - Schole, Percy (1984): *Diccionario Oxford de la Música* (Barcelona. Sudamericana).
  - Ulrich, M. (1983-1992): *Atlas de la Música I e II.* (Madrid. Alianza).
- Gramática e linguaxe musical:
  - Canella, P. (2004): *Caderno de audición 1: grao elemental.* Con CD-audio (Madrid. Enclave Creativa).
  - Molina, F. (2004): *Linguaxe musical 1: grao elemental* (Madrid. Enclave Creativa).
  - Molina, F. (2004): *Caderno de teoría 1: grao elemental* (Madrid. Enclave Creativa).
  - Kühn, C. (1992): *Tratado da forma musical* (Barcelona. Labor).
  - Sarfson, G. (2002): *Linguaxe musical para a formación de mestres* (Zaragoza. Prensa Universitaria).
  - Stefani, G. (1990): *Comprender a música* (Barcelona. Piados).
  - Téllez, J. (1985): *Para achegarse á música* (Barcelona. Colección. Temas clave).
  - Valls, M. (1984): *Para entender a música* (Madrid. Alianza).

O monográfico que che suxiro recolle varios artigos dedicados aos procedementos en educación musical tratados neste primeiro tema. Pódeche servir para orientar e reafirmar as pretensións educativas vividas desde a práctica na aula:

Akoschky, J. (2002): *A educación musical para nenos e nenas. Cantar, tocar, escoitar ...Eufonía*, núm. 24 páxs. 41-57.

Monográfico: «*Procedemento en Educación Musical*». Eufonía. núm. 7 abril.

E finalmente para ter unha idea máis global do sentido que para esta profesora ten a educación da música e como desde esta perspectiva cobran sentido as intencións formativas que se formulan na materia, podes ler o seguinte artigo:

Lopez de Lacalle, M.<sup>a</sup> (2004): «*La Música e a súa proxección educativa*». Investigación e Innovación na Escola Universitaria de Formación del Profesorado, páxs. 233-246 (Lugo. USC)

### Tema núm.2

Rodeados de sons interesantes:  
*O material sonoro*

## 2. Guía docente expresión musical e a súa didáctica

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)




### 1. Sentido do tema

A natureza está chea de sons, o campo, o mar, os animais, os fenómenos metereolóxicos. Tamén as actividades humanas producen cantidade de sons variados. Todos estes mundos sonoros que nos envolven, poden ser unha fonte de inspiración na escola infantil.

Coñecer o son, como se pode organizar, como se pode combinar e variar, como se poden crear ambientes, sonorizar realidades, axudaranos a entender o papel que xoga dentro do currículo de infantil.

### 2. Onde se axusta este tema



Enlaza co tema núm. 1, reforzando e ampliando a comprensión da natureza da música e no uso da voz como fonte sonora. Condúcenos aos tema 3, 4 e 5, no uso dos instrumentos musicais e contribúe á fundamentación teórica do núm. 10.

Ademais, se pensamos que o papel do oído é comunicarse, este tema en que se traballa de xeito esencial o procedemento da *percepción auditiva*, ofrece unha achega importante ao campo da relación social ao aumentar a capacidade de escoitar os demais.

### 3. Epígrafes

*Principios e aplicacións didácticas para o coñecemento do material sonoro*

Seguiremos o proceso de iniciación musical do pedagogo Edgar Willems no que se refire ao traballo da receptividade auditiva con:

- O son do noso corpo. Posibilidades do emprego da voz como fonte sonora - non especialmente melódica. Posibilidades de obter diferentes tipos de sons co propio corpo, utilizando as mans, os pés, a boca, os dentes.
- O son dos obxectos que nos rodean. Posibilidades de facer música cos obxectos que nos acompañan na vida cotiá e cos instrumentos musicais construídos a partir de diversos materiais de desfeito.
- O son de instrumentos musicais que podemos atopar nunha aula de calquera centro escolar.

### 4. Obxectivos de aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1 a, 1 c, 2b, 2c, 3c** e os obxectivos específicos seguintes:

- Coñecer todo o material sonoro susceptible de ser empregado na educación musical dos máis pequenos.
- Desenvolver a capacidade para identificar sons e para combinar e utilizar o son de forma expresiva.

- Tomar conciencia da importancia da *escoita activa*, aprender a desenvolverla nos/as nenos/as, axudándolles a discriminar os sons, a que perciban os seus parámetros e as súas variacións.

### 5. Materiais para traballalo

Utilizáanse múltiples e variados materiais e estímulos: o corpo utilizado como un instrumento de grandes posibilidades sonoras, os instrumentos de pequena percusión que se atopan na aula e, tamén dispoñemos de instrumentos musicais construídos con diversos materiais polo alumnado de cursos anteriores.

### 6. Vocabulario para revisar

Nas sesións prácticas terás a oportunidade de usar palabras relacionadas cos distintos sons que podemos facer. Sería aconsellable que revisases palabras relacionadas coa *producción de sons*, como: *percutir, entrechocar, sacudir, raspar, fregar, puntear, axitar, decepcionar ou beliscar*.

Así mesmo, axuda o coñecemento previo de palabras que describen as *calidades do son* tales como: altura, duración, intensidade, timbre.

### 7. Actividades que serán desenvoltas

As mesmas que as descritas no tema núm. 1.

### 8. Método de traballo aconsellado

O mesmo que se indica para o tema núm. 1

### 9. Dificultades

Este tema trabállase basicamente a través do procedemento da *audición*. Pode existir un obstáculo grave a nivel individual para a percepción auditiva, e é a falta de concentración. Calquera tarefa de audición esixe unha atención total. Ás veces é difícil acumular a vontade necesaria para concentrarse. Axudarache pensar que unha *concentración relaxada* é unha das claves da capacidade auditiva.

### 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

A seguinte bibliografía pretende que sexa un apoio ás experiencias prácticas vividas na aula e sirva de axuda para realizar a ficha didáctica deste tema. Para o alumnado que non poida asistir ás aulas, tamén lles serve de orientación teórica, xa que recolle todos os contidos.

Lopez de Lacalle, M.<sup>a</sup> (1994): O corpo como instrumento. Adaxe. Revista de estudos e experiencias educativas. núm. 10. páxs. 89-93 (USC)

Lopez de Lacalle, M.<sup>a</sup> (1993): *Son e forma*. Adaxe. Revista de estudos e experiencias educativas. núm. 8. páxs. 107-115 (USC)

Para aqueles alumnos interesados en afondar sobre a construción de obxectos e instrumentos sonoros, poden obter máis información en:

Akoschky, J. (2005) *Os cotidiáfonos na educación infantil*. Eufonía, núm. 33 páxs. 20-30.

Pazos, F., Riveiro, L. ( 1990 ) *Dispositivos e instrumentos para facer música* (Madrid: Ópera tres)

### Tema núm.3

**O longo e o curto:**  
*As calidades do son*


#### 1. Sentido do tema

Vimos no tema anterior que o son e as súas calidades non son un elemento separado da vida mesma.

Ao igual que Willems, pensamos que en toda a etapa infantil se debe considerar o son desde o propio neno, desde as actividades que forman parte da vida cotiá e non só desde o marco estritamente musical.

Na etapa de educación infantil, os sons producidos polos rapaces coa súa voz, co seu corpo ou cos seus xoguetes ou obxectos do ámbito deben ser o punto de partida para coñecer os elementos constitutivos do son.

#### 2. Onde se axusta este tema



Este tema é continuación do tema 2, e amplia a comprensión da metodoloxía Willems, reforza e amplia o tema 1 axudando á comprensión da natureza da música e no uso da voz como fonte sonora.

Lévanos aos temas 4 e 5 no uso dos instrumentos musicais e contribúe á fundamentación teórica do tema 10.

Ao igual que o tema 2, aumenta a capacidade de escoitar os demais.

#### 3. Epígrafes

*Principios e aplicacións didácticas para o coñecemento do material sonoro (continuación).*

Seguiremos o proceso de iniciación musical do pedagogo Edgar Willems en que se refire ao traballo da receptividade auditiva con:

As calidades do son:

- a duración: sons curtos-longos
- a intensidade: sons fortes-débiles
- o timbre: sons de diferentes procedencias
- a altura: sons agudos-graves

#### 4. Obxectivos de aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1 a, 1b, 1 c, 2a, 2b, 2 c, 3a** e mais os obxectivos específicos seguintes:

- Desenvolver e ampliar a capacidade auditiva das calidades do son.
- Poder comprender e elaborar propostas didácticas para a educación infantil desde o punto de vista Willesiano.
- Aumentar o pracer da escoita ao incrementar a capacidade de concentración e a agudeza da audición.

#### 5. Materiais para traballalo

Os mesmos que os empregados para a aprendizaxe do tema 2.

#### 6. Vocabulario para revisar

Sería de grande axuda un coñecemento previo de frases e palabras relacionadas con:

- duración: curtos, longos, díese, staccato
- ton: agudo, grave, deslízase, dinámica
- timbre: suavidade, claro, opaco, vibrado

#### 7. Actividades que se van desenvolver

As mesmas que as descritas no tema núm. 1.

#### 8. Método de traballo aconsellado

O mesmo que se indica para o tema núm.1

#### 9. Dificultades

Pode acontecer que algúns alumnos aprecien unha deficiencia sensorial respecto á percepción da altura do son: como p ex. a imposibilidade de discernir cando o son sobe ou baixa. Tamén pode acontecer que factores anímicos e ambientais inflúan sobre a capacidade auditiva do/a alumno/a, atopamos alumnos con falta de rapidez ou seguridade respecto á media do grupo, dos cales lles provoca unha tensión tal que bloquea de antemán calquera captación auditiva. Debes ser consciente de que estas circunstancias se poden dar mais tamén debes ter presente que sempre se intenta traballar en grupo desde unha atmosfera propicia e relaxada para resultar positivo o desenvolvemento auditivo de todo o grupo.

#### 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

Podes consultar a seguinte bibliografía específica para analizar os contidos do tema. Se fixeches a práctica, poderás comprobar como a reforza e amplía.

- Agosti-Gherban, C. (1988): *O neno, o mundo sonoro e a música* (Editorial Marfil) (as páxinas que se refiren ás calidades do son son as 25-51)
- Willems, Edgar. (2001): *O oído musical. A preparación auditiva do neno* (Barcelona: Piados Educador) (recolle con detalle o método de educación musical Willems)

## Tema núm.4


### O pulso e o ritmo: Os motores

#### 1. Sentido do tema

Este tema trata dous elementos clave na música e na súa educación, que son o pulso e o ritmo. En música, ao pulso chámase tamén metro; non está posto nada mal este nome porque mide espazos de tempo. O ritmo é máis difícil de definir, ten moito que ver coa ordenación de golpes ou notas. Para que exista o ritmo ten que haber alén diso o contraste, chamamos ritmo á sorpresa, ao que baila, ao que impulsa a música cara adiante, por iso, a min gústame moito cualificar o pulso e ao ritmo como os motores da música.

Existe unha conexión moi forte entre o ritmo e o xesto, por iso o movemento corporal xoga un papel primordial na adquisición do sentido rítmico. Neste tema veremos como a percepción dos elementos pertencentes ao ritmo musical se favorece enormemente se se ensina asociada ao movemento como acontece da forma máis clara e intensa no método musical de «Dalcroze».

#### 2. Onde se axusta este tema



Enlaza co tema 1 mediante o desenvolvemento do sentido do pulso e reforzando e ampliando o coñecemento do ritmo. Apoia o tema 3 coa duración dos sons e condúcenos ao tema 10.

Este tema enlaza perfectamente coa educación física para traballarmos o movemento expresivo e a danza.

Tamén traballa o campo das relacións sociais desenvolvendo a capacidade para traballar todos xuntos e con respecto entre eles.

#### 3. Epígrafes

A rítmica Dalcroze e o seu enfoque da educación musical a través do corpo:

- A percepción dos elementos pertencentes ao ritmo musical a través do movemento corporal.
- Ritmo-linguaxe-corpo: unha fusión para comprender a música

#### 4. Obxectivos da aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1 a, 1b, 1c, 2 a, 2b, 2c, 3 a, 3b**, e os obxectivos específicos seguintes:

- Adquirir habilidades para deseñar elementos coreográficos infantís
- Coñecer as bases de traballo na Rítmica Dalcroze

## 5. Materiais para traballalo

- Estímulos: música gravada
- Fontes sonoras: piano, instrumentos de pequena percusión.

## 6. Vocabulario para revisar

É de grande utilidade que o alumnado adquirise antes da práctica, os seguintes conceptos:

- modos rítmicos: tempo, acento, división e ritmo
- estrutura: motivo, frase
- grafía rítmica: corchea, negra, branca.

## 7. Actividades que se van desenvolver

As mesmas que as descritas no tema núm.1.

## 8. Método de traballo aconsellado

O mesmo que se indica para o tema núm.1

## 9. Dificultades

Non ten maiores dificultades, pola contra, sentir a música asociada ao movemento corporal proporcionache goce ante o movemento individual e o colectivo, só esixe pola túa parte a desinhibición e espontaneidade nos xestos e movementos.

## 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

É preciso ter moi claro que é o ritmo. Isto resulta imprescindible para manexar con seguridade os conceptos rítmicos que se practican. Podes revisalos na bibliografía básica do tema 1: libros de linguaxe musical, teoría da Música e audición.

O material específico recomendado para este tema é o seguinte:

Frega, A.L. (1996): *O movemento como unha dimensión expresiva da música*. (Eufonía páxs. 45-51).

Herrera, S. (1994): *A importancia do movemento na educación musical*. Aula núm. 24. páxs. 17-21.

Vaderspar, E. (1990): *Manual Jacques Dalcroze: Principios e recomendacións para o ensino de tla Rítmica*. Institut Joan Llongueres.(Barcelona)

Aquelas persoas interesadas en ampliaren o repertorio de danzas para a súa utilización na escola, poden consultar o seguinte material dispoñible na biblioteca universitaria da USC.

Bobo, Marta (2004): *Danzas colectivas en Música e Movemento en educación artística*. Curso de verán. Escola de Maxisterio. Páxs. 9-22. (Lugo)

Rodríguez, P.I. (1994): *Método de baile galego*. Iniciación (Lugo. Ophiusa)

CD. Danzas Doadas (1999). (Madrid. Akal)

CD. Danzas populares do mundo 1. (2000): (Vigo. Music Activa)

Vídeo. Danzas e bailes folclóricos de todo o mundo. (1992): (Santa Cruz de Tenerife. Goberno de Canarias)

## Tema núm.5

A clase orquestra:  
*Instrumentos e símbolos*


### 1. Sentido do tema

Ao comezo *instrumento* significa para os/as rapaces/as tan só un obxecto máis. A medida que van desenvolvendo destrezas motoras e habilidades técnicas co instrumento, créase entre ambos os dous (neno e instrumentos), unha relación de identificación. Consciente deste feito, a educación musical traballa a exploración, o recoñecemento sonoro e a aprendizaxe da natureza da música a través do/s instrumento ou instrumentos.

O compositor Carl Orff foi o primeiro en levar a cabo esta idea. Pensaba que a educación musical debe de ser abordada desde o maior dos instrumentos. A obra de Orff-Schulwerk provocou infindade de adhesións.

Hoxe a extensión realizada polos seus colaboradores Herman Regner e Jos Wuytack vive unha actualización das ideas básicas, con novos instrumentos, novas sonoridades, emprego dunha simboloxía non convencional...

### 2. Onde se axusta este tema



Este tema está enlazado co tema 1 mediante o reforzo da comprensión de que a voz é como un instrumento e como os instrumentos poden facer e cambiar sons.

Susténtase sobre as aprendizaxes que se desenvolveron no temas 2 e 4 e condúcenos cara ao tema núm. 10. Enlaza co coñecemento do medio acerca das vibracións, de como o son viaxa, recoñecendo e nomeando os materiais utilizados en cada instrumento.

### 3. Epígrafes

*Os instrumentos escolares chamados Orff-Schulwerk.* Propostas específicas para o traballo musical en infantil desde:

- Os instrumentos de percusión de altura indeterminada, p.ex.. craves, güiros, temmais-block.
- Os instrumentos de percusión de altura determinada, p.ex.. xilófonos, metalófonos, carillóns.
- Os símbolos musicais. Partituras gráficas de notación non convencional: infindade de signos e símbolos, debuxos e deseños utilizados como material de lectura e transcrición sonora.

### 4. Obxectivos de aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1 a, 1b, 1 c, 2b, 2 c, 3a, 3b** e os obxectivos específicos seguintes:

- Coñecer e tratar axeitadamente todos os instrumentos chamados ou coñecidos como "instrumentos escolares Orff-Schulwerk", que probablemente te atopases en calquera centro escolar.
- Inventar símbolos que representen as diferentes xeito en que un instrumento se pode tocar e usar estes símbolos como unha axuda para a creación de secuencias de son.
- Participar en propostas didácticas a través do instrumental Orff-Schulwerk.

### 5. Materiais para traballalos

- estímulo: modelos rítmicos en música, ostinatos, símbolos
- fontes sonoras: instrumentos de percusión sen ton, instrumentos de percusión con ton, sons corporais.

### 6. Vocabulario para revisar

Resulta de grande utilidade o coñecemento previo de palabras e frases relacionadas con:

- instrumentos da clase: güiro, maraca, reco-reco, claves, cabasa...
- duración: modelo e patrón rítmico
- tempo: contraste, rápido e lento
- textura: patróns, modelos rítmicos combinados
- contexto: uso de modelos rítmicos na música de diferentes tempos e lugares

### 7. Actividades a desenvolver

As mesmas que as descritas no tema núm. 1.

### 8. Método de traballo aconsellado

O mesmo que se indica para o tema núm. 1

### 9. Dificultades

Non existen dificultades importantes. Mesmo se nunca tocaches un instrumento musical non debes ter ningún temor. Pensa que os instrumentos que imos tocar son considerados os máis apropiados para o desenvolvemento dunha primeira etapa na educación musical. Pode que xa os puideses ver nas Prácticas Escolares I, en xardíns de infancia, ou na aula de primaria. Son instrumentos que non precisan un proceso previo de práctica e estudo para obter son, a resposta sonora é inmediata. Agora ben, isto non quere dicir que se poidan tocar de calquera xeito. Necesitan unha técnica básica para poder obter sons limpos, afinados e equilibrados, o que che esixirá unha alta concentración na escoita.

### 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

Para reafirmar os conceptos practicados e explicados na clase, indícanse os artigos seguintes:

López de Lacalle, M.<sup>a</sup> (1992). *O conxunto instrumental escolar*. Revista Música e Educación, núm. 12 (Madrid).

López de Lacalle, M.<sup>a</sup> (1992). *Tempo de conxunto instrumental Orff-Schulwerk*. Adaxe. núm.º 8, páxs. 107-115. (USC (Ambos os dous artigos pódelos atopar na fotocopiadora do Centro))



Agosti-Gherban, C. (1988). *O neno, o mundo sonoro e a música*. Ed. Marfil. Refírense ao grafismo as páxs. 51-60.

Kuntzel-Hansen, M.<sup>a</sup> (1985). *Educación musical precoz e estimulación auditiva*, (exercicios para a súa aplicación).

Ed. Médica e Técnica. (Interesantes as páxs. 117-138 sobre partituras gráficas non convencionais)

## Tema núm. 6

### A clase coro As cancións


#### 1. Sentido do tema

Este tema responde ao requirimento de moitos profesionais da educación infantil que consideran a práctica vocal como un dos procedementos máis efectivos e completos para a iniciación musical.

Pola súa importancia extrema na formación do futuro profesorado, hai que abordar neste tema todo canto se refire ás cancións e á capacidade de cantar individualmente e en grupo.

A práctica do canto vai ser unha constante durante o desenvolvemento deste tema. Cantar en grupo, ademais da experiencia colectiva que supón, esperta emocións e sensacións individuais moi importantes: posiblemente se trata do contacto máis directo que pode haber coa música, xa que se aprende a «respirala» e facela case palpable, máis que con calquera outro instrumento.

#### 2. Onde se axusta este tema



Enlaza co tema 1 (procedementos e habilidades en progresión), particularmente en relación coas destrezas para cantar e interpretar. Apóiase no tema 3, (as calidades do son), mediante o reforzo e ampliación do coñecemento do ton, isto é, alturas e intervalos dos sons. Condúcenos ao tema 7 (xogos cantados) e ao tema 10, (solidificando o sentido da canción no currículo de infantil).

Proporciona oportunidades de enlace coas materias de Galego e Inglés.

#### 3. Epígrafes

1. *A canción*. Elementos constitutivos: melódicos, rítmicos, estruturais, texto.
2. *Relación entre as letras das cancións e a melodía*. Funcións das letras das cancións á hora de transmitir un estado de ánimo, expresar unha actitude ou contar unha historia. Técnicas elementais para compoñer as letras das cancións. Significado cultural e social das letras.

3. *O acompañamento de cancións*. Posibilidades rítmicas: ostinatos, patróns rítmicos. Posibilidades harmónicas: tónica I, enlace tónica I - dominante V, bordón.
4. *O repertorio escolar*. Terase moi en conta o repertorio que habitualmente se canta nas escolas.
  - Cancións do patrimonio cultural galego.
  - Cancións doutras comunidades autónomas.
  - Cancións do resto do mundo.
  - Cancións infantís: cun obxectivo pedagóxico determinado, polo pracer do canto.
  - Cancións mimadas e cancións-xogo
  - Canons.

#### 4. Obxectivos de aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1 b, 1c, 2 b, 2c, 3 a, 3b, 3c** e os obxectivos específicos seguintes:

- Cantar unha ampla variedade de cancións de diferentes estilos. Manter unha parte sinxela dentro dun conxunto. Que traballes con varias capas de sons e ter conciencia do efecto combinado.
- Suxerir formas nas cales a canción pode ser mellorada e desenvolvida, axudando a outros compañeiros a desenvolveren as súas ideas.
- Coñecer como se poden usar os instrumentos para acompañar as cancións. Explorar unha variedade de acompañamentos, seleccións patróns e modelos apropiados, practicar para a interpretación na aula.
- Tomar conciencia como futuro formador de nenos e nenas da importancia de educalos no "amor ao canto», na alegría de cantar en común.

#### 5. Materiais para traballalos

- Estímulos: música grabada, cancións escritas con grande variedade de temas.
- Fontes sonoras: voces, colección de instrumentos de clase con/sen ton, piano.

#### 6. Vocabulario para revisar

Resulta de grande utilidade o coñecemento previo de palabras e frases relacionadas con:

- cancións de diferentes estilos.
- sons e estruturas: melodía, ritmo, frase, repetición, estrutura dunha canción tales como estrofa/coros.
- dinámica: máis alto, máis baixo.
- timbre: p.ex. diferentes instrumentos.
- pocios: canto de cancións, arranxando, escribindo cancións, actitudes
- contexto: mensaxes sociais.

#### 7. Actividades que se van desenvolver

As mesmas que as descritas no tema núm.1.

#### 8. Método de traballo aconsellado

O mesmo que se indica para o tema núm.1

## 9. Dificultades

Unha das características da sociedade na que vivimos é que apenas se canta, as/os nais/pais apenas cantan aos seus fillos e as súas fillas, case non se canta no seo da familia. Os mozos cando van de excursión levan un reprodutor musical para que sexan outros os que canten...

Conscientes desta realidade, desde o tema núm.1, tomamos a linguaxe como punto de partida para traballar a voz en grupo, xa que é un terreo en que nos sentimos máis cómodos ao formarmos parte da nosa vida cotiá expresiva. En todos os temas traballamos coa voz, tratamos de xogar coa voz co fin de conseguir que esta se «solte». Aínda así, á maioría dos alumnos, que están arredor dos 20 anos de idade, resúltalles custosa a realización desta práctica, posto que a súa inseguridade na emisión e o tronso a se expoñer a seren escoitados polo resto dos compañeiros, prodúcelles un bloqueo considerable.

Agora ben, isto acontece só ao comezo. Non hai nada especialmente difícil. Para expresarse a través do canto en grupo, só tes que poñer vontade para iso, non precisas ter unha boa voz. Alén diso, poderás comprobar por ti mesmo que «cantar é moi san».

## 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

Para ter unha idea máis clara da bibliografía recomendada para este tema, agrúpase como segue:

Texto sen música:

Malagarriga, T. (1992). *Linguaxe musical, linguaxe verbal na etapa de educación infantil*. Eufonía núm. 14, páxs. 35-44.

Texto con música, ( partituras ):

Bernal V.J. (2000). *Repertorio de cancións para a educación infantil*. (Málaga. Alxibe)  
Vallejo, P. (2000). *19 Canons circulares*. Edicións: Mundimúsica.  
Wuytack, J. (1992). *Cantar e descansar*. (Madrid:Real Musical)  
Wuytack, J. (1993). *Cantando e bailando*. (Madrid: Real Musical)  
*Cancioneiro pooular galego*. Fundación Barrié. (A Coruña 1988)  
*Sper Songs*. Cancións en inglés. Oxford University Press.

### Tema núm.7

**O Florón pasou por aquí:**  
*Xogos cantados*


## 1. Sentido do tema

Como vimos a música e a realización desta ten unha importante compoñente lúdica. Facendo referencia concretamente á escola infantil, a actividade musical sempre debe ter presente o elemento lúdico e recreativo. Aquí a música constitúe un pretexto fabuloso para xogar, onde aprender pode ser parte do xogo.

Este tema trata de dar a coñecer actividades concretas a partir das cales poidamos introducir os nenos na música xogando.

Ademais, comprobaremos como este carácter da música achega ao grupo actividade e alegría e veremos como concretamente para a infantil pode ser un elemento aglutinador de experiencias vividas a escala individual, de pequeno grupo e do colectivo.

## 2. Onde se axusta este tema



Este tema enlaza co núm. 1 (procedementos e habilidades en progresión), reforzando e ampliando o coñecemento de diferentes tipos de músicas. Desenvolve as destrezas aprendidas nos temas 3 e 6. No tema 6 os/as alumnos/as tiveron a oportunidade de cantaren en grupo, por iso o obxectivo deste tema non se centra tanto neste feito como permitir que mostren ao grupo os xogos cantados recollidos nas Prácticas Escolares II.

Susténtase no tema 4 (o pulso e o ritmo), pola relación directa co movemento e coa danza.

O desenvolvemento de xogos con cancións por parte da clase, axuda a desenvolver a identidade do grupo. Proporciona un rico material didáctico axeitado tamén a outros contextos educativos.

## 3. Epígrafes

1. *Orixes e usos dos xogos con cancións. As características fundamentais dos xogos cantados e o súa aplicación educativa:*
  - a) Xogos que desenvolven habilidades persoais, como: o xogo dos nomes, adiviña a canción, quen canta máis forte?, adiviñas... Xogos que desenvolven habilidades sociais como: paso o sombreiro, cancións de animais, procura a túa...
  - b) Xogos de interacción, como: o espello humano, o xogo das rimas, o florón pasou por aquí...
  - c) Xogos que desenvolven a creatividade, como: garantías musicais, rebor dar cancións, representar unha canción.
2. *Selección e comparación de xogos cantados en diferentes épocas.*

## 4. Obxectivos de aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1b**, **1c**, **2a**, **2b**, **2c**, **3a**, **3b**, **3c** e os obxectivos específicos seguintes:

- Desenvolver a capacidade para recoñecer e explorar algunhas características dos xogos cantados. Consolidar o sentido do pulso e a capacidade para a interpretación xunto cos demais compañeiros.
- Encinarlles aos teus compañeiros "xogos cantados de orixe popular" que coñezas desde a túa infancia e xogos cantados de "recreo" recompilados durante as Prácticas Escolares en centros educativos de Galicia.
- Confeccionar unha relación de xogos cantados tradicionais e contemporáneos e que che sirvan como material didáctico interesante para a aprendizaxe musical.

### 5. Materiais para traballalos

- Estímulos: profesores/as e alumnos/as demostran xogos con cancións tradicionais e actuais.
- Fontes sonoras: colección de instrumentos de percusión.

### 6. Vocabulario para revisar

Resulta de grande utilidade o coñecemento previo de palabras e frases relacionadas con:

- ritmos: palabras rítmicas, xogos con cancións, ostinatos, palmeoar o pulso de cancións, practicar o ritmo de palabras e frases palmadas
- altura: p.ex. a escala pentatónica
- estrutura: verso, coro, repetición
- proceso: cantar e tocar xogos de recreo

### 7. Actividades que se van desenvolver

Engadir ás do tema núm.1 a seguinte tarefa: procurar e aprender un xogo cantado de orixe popular ou de recreo e a súa representación didáctica ao grupo-aula.

### 8. Método de traballo aconsellado

O mesmo que se indica para o tema núm. 1

### 9. Dificultades

Resulta ás veces complicado rexistrar ou escribir en papel o xogo que estamos a ver e escoitando. En ocasións o complicado está en transcribir a melodía, noutras, en cambio, a dificultade está en explicar graficamente os xestos das mans e os movementos do corpo.

Anotar os xogos coa maior precisión debe ser o obxectivo, para poder lelos posteriormente; as persoas que non teñan seguridade na notación musical tradicional poderán facer as súas notacións utilizando as grafías, os signos e os símbolos que crean máis axeitados, inventándoos se fora necesario.

### 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

Hai moitos materiais publicados sobre xogos con música/música con xogos. Os que a continuación se sinalan son suficientes para recoller os puntos máis importantes do tema:

- Branco, G. (1999). *Cancións, xogos e cancións tradicionais en educación infantil*. Revista Música e Educación núm.39 páxs. 33-55.
- Hensy de Gainza, V. (2000). *Xogos de mans. Rimas e cancións con mans e xestos*.
- Storms, G. (2003). *101 xogos musicais. Divertirse e aprender ritmos e cancións*. Editorial Graó.

## 1. Sentido do tema

Sabemos que a audición é a porta de acceso á experiencia musical. Para comprender e falar a linguaxe musical, é dicir, para vivir a música, é preciso escoitala máis, como podemos axudar os máis pequenos a escoitaren, percibiren e apreciaren a música?

Diversos estudos demostran como, até os 7-8 anos, os nenos reflicten un interese primordial polos «sons descritivos»; sons que evocan ou describen personaxes, animais, paisaxes, acontecementos, historias, lugares, situacións meteorolóxicas, (tormentas, ventos, maruxísas, saraibadas...)


Prestixiosos pedagogos musicais como o belga Jos Wuytack, interesado neste tema, asegúranos que o desenvolvemento da capacidade auditiva no neno non se obtén polo estudo teórico, senón que, como todas as habilidades musicais, se aprende a través da actividade.

Experiencias levadas a cabo en moitas escolas infantís que realizaron prácticas musicais ricas en experiencias de escoita da música e de interpretación, establecen puntos de contacto entre a música que o neno inventa e a que inventaron outros músicos e compositores.

Esta combinación da escoita e canto de música e a música que el inventa propician actitudes de escoita, interese e hábitos de participación, ganas de descubrir e experimentar recursos sonoros tanto a partir de obras xa creadas como de obras da súa propia procura.

Desde esta perspectiva, faremos neste tema unha proposta didáctica de educación auditiva para favorecer as conexións entre as producións propias e as obras musicais xa existentes desde o plano descritivo da música.

## 2. Onde se axusta este tema



Este tema enlaza co núm.1, (procedementos e habilidades en progresión), a través do desenvolvemento do canto, destreza para a audición e resposta física á música. Apóiase nas unidades anteriores xa aprendidas, particularmente na unidade núm.2 (o material sonoro). Ten un enlace directo coa materia de Inglés a través do uso da narración e coa materia de Novas Tecnoloxías, coa creación de presentacións multimedia. Desenvolve a capacidade dos alumnos para traballaren en pequenos grupos, demostrando claramente como é a achega de cada alumno.

## 3. Epígrafes

1. *A música descritiva: producións propia.*
  - a. O plano descritivo da música. Usos descritivos dos elementos musicais. Como poden ser utilizados conxuntamente para compoñer música descritiva, p.ex. baseada nos animais que utiliza unha secuencia de sons, movemento e palabras.
  - b. Procedementos para a creación, interpretación e análise de composicións descritivas, como: o movemento-xestos, os instrumentos, os grafismos, a narración, os multimedia.

2. *A música descritiva: obras musicais*

- a. Contos cantados para nenos de 0 a 6 anos. Criterios para a elaboración de contos susceptibles de se converteren en contos musicais.
- b. Composicións musicais apropiadas para a idade infantil compostas co obxectivo de expresar, evocar ou retratar unha idea, imaxe ou feitos non musicais, p.ex.: O Carnaval dos Animais de Saint-Saëns, Nun Mercado Persa de Ketelbey, La Bella Durmiente del Bosque de Tchaikowsky...
- c. Composicións musicais onde se mestura a música coa narración oral, p.ex. Pedro e o Lobo de S. Prokofiev, La Mouta de Po de F. Pazos, El Sastrecillo Valiente de T. Harsanyi...

**4. Obxectivos de aprendizaxe**

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1 b, 1c, 2 a, 2b, 2 c, 3b, 3c** e os obxectivos específicos seguintes:

- Desenvolver a capacidade para crear, interpretar e analizar composicións descritivas curtas que combinen sons, movementos e narrativa.
- Traballar en grupo, creando a vosa propia música engadindo movemento e narración co obxectivo de levar a cabo unha interpretación multimedia diante dos outros grupos.
- Explorar diversas técnicas e recursos para favorecer a implicación dos máis pequenos na audición activa a través da música descritiva.

**5. Materiais para traballalos**

- estímulo: fotografías, reprodutor, vídeo, contos infantís, historias, poemas, música, animais, obxectos mariños
- fontes sonoras: voces, instrumentos da clase con/sen ton, teclado, obxectos sonoros.

**6. Vocabulario para revisar**

Non require revisión.

**7. Actividades que se van desenvolver**

As mesmas que as descritas no tema núm. 1.

**8. Método de traballo aconsellado**

O mesmo que se indica para o tema núm.1

**9. Dificultades**

Non se prevén. A este tema chegamos despois de percorrer un tramo importante da materia, o que significa que o grupo está practicamente consolidado e que as capacidades expresivas e comunicativas foron moi traballadas, polo tanto, a vergoña, inseguridade e mesmo temor a mostrar as túas intervencións musicais iniciais foron practicamente superadas.

## 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

Orientacións teóricas:

López, R. (2003). *La música en la escuela: la audición*. Colección Claves para la innovación educativa. Ed. Grao. ( páxs. 39-51. Analízase o tema–A música e os contos)

Pérez, H.B. (1997). *Aprender a escuchar. Cuentos musicales para la educación infantil*. Madrid: CCS.

Contos musicais:

“*El árbol generoso*”.conto musical. Edicións Enclave Creativa 2004. (Conténun CD e unha guía didáctica. Conecta coa materia de Coñecemento do Medio Natural e Social.)

“*La mota de polvo*”. Colección de contos musicais. Vitoria-Gasteiz: Agrup Arte. 1997. (Con libro-CD-guía didáctica. Nesta, atópanse contos de variados estilos musicais. Está dirixida a nenos/as. Podes atopar entre outros títulos: *Piccolo, Saxo y compañía – El sastrecillo valiente – Scherezade – El pájaro de fuego – El sol borracho ...*)

### Tema núm.9


Iniciación ao uso das TIC, ( tecnoloxías da información e de comunicación ):  
O seu uso para o ensino e a aprendizaxe da música

#### 1. Sentido do tema

A Lei orgánica de calidade da educación (LOCE) propón que na etapa de educación infantil, de 3 a 6 anos, os nenos se inicien no estudo coas novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Neste tema, trataremos de saber como nos podemos achegar ao uso das TIC na aprendizaxe e no ensino da música.

#### 2. Onde se axusta este tema



Enlaza co tema núm.1 desenvolvendo o procedemento da percepción auditiva «escoitar», co núm. 2 e co núm. 3 reforzando e ampliando a comprensión da natureza da música e condúcenos cara ao tema nº10.

#### 3. Epígrafes

1. *Como usar as TIC en música.*

Desenvolvemento de destrezas prácticas e comprensión musical: uso e investigación de sons e estruturas.

## 2. Guía docente expresión musical e a súa didáctica

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación (2004-05, 2005-06)



2. *Cando e como se poden integrar con outras actividades musicais.*

- *Cando as TIC se levan a cabo antes doutras actividades musicais.*
- *Cando as TIC se levan a cabo xunto con outras actividades musicais.*
- *Cando as TIC se levan a cabo despois doutras actividades musicais.*

#### **4. Obxectivos de aprendizaxe**

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xerais **1 a, 1 d, 2a, 2b e 3c.**

#### **5. Materiais para traballalos**

- recursos: computadores de mesa e portátiles (uso de programas educativos sobre música, xogos con música, grabacións audio-vídeo sobre a música) cámaras de vídeo, proxectores, cámara de fotos, grabadoras de audio, xoguetes electrónicos, acceso a través de internet a páxinas web relacionadas con música, (como son e como soan os instrumentos de música, xogos musicais interactivos, páxinas educativas de música en xeral, descarga de música para a educación etc.

#### **6. Vocabulario para revisar**

Non require revisión.

#### **7. Actividades a desenvolver**

As mesmas que as descritas no tema núm.1.

#### **8. Método de traballo aconsellado**

O mesmo que se indica para o tema núm. 1

#### **9. Dificultades**

Non se prevén.

#### **10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación**

Direccións de Internet:

[www.playmusic.org/stage.html](http://www.playmusic.org/stage.html) Páxina web americana sobre música para nenos e instrumentos de orquestra.

<http://www.emf.org/artists/mccartney00/walk.html> Páxina web canadense cun grande número de fontes sonoras procedentes de animais e da natureza.


Libro: Tony Poulter - Using Ict in the Foundation Stage Teaching (Teaching Handbooks)

#### **1. Sentido do tema**

Os contidos desta materia, desde o tema 1 ao tema 9, foron asociados ao proceso de coñecer e saber aplicar o currículo de música na educación infantil. Puidiches comprobar

como cada tema desta materia é un pilar básico deste currículo de infantil. Isto presentouse así para que comprendas mellor as posibilidades de traballo que se abren dentro de cada unha destas vertentes.

Despois disto, é o momento neste tema de relacionar uns contidos con outros, de darlles un verdadeiro sentido dentro da formación musical do/a neno/a, evitando a comprensión e a utilización destes en forma de secuencia ordenada coma se se tratar dun temario.



Pecha o proceso de aprendizaxe desta materia. Resume todo o traballo teórico-práctico do curso. Constrúese coa achega de todos os temas anteriores, coma se cada un deles, desde o 1.º a 9.º, formasen parte propia deste.

### 3. Epígrafes

1. *O sentido da música na etapa de educación infantil. Por que ensinarlles música aos/ás nenos/as pequenos/as?, que achega ao desenvolvemento infantil.?*
2. *O currículo de música para a educación infantil: como é e como se debe de aplicar.*

### 4. Obxectivos de aprendizaxe

Este tema está deseñado para que alcances os obxectivos-competencias xeral **1 a, 1 b, 1c,1d**, é dicir, tomar conciencia dun xeito máis estruturado e ordenado dos contidos musicais que hai que ensinar na educación infantil e o específico da súa didáctica, noutras palabras, teñas moi claro como é e como se debe aplicar o currículo de música na educación infantil.

### 5. Materiais para traballalos

- orientacións teóricas, fichas didácticas, apuntamentos.
- a experiencia recollida nas aulas de infantil durante o período de Prácticas Escolares II.

### 6. Vocabulario para revisar

Non precisa.

### 7. Actividades que se van desenvolver

Realización da ficha didáctica propia deste tema. Ademais, realizarase un traballo dun «estudo e valoración da realidade musical» vivida na aula de educación infantil durante o período das «Prácticas Escolares II».

Este traballo exporase ao grupo-aula.

### 8. Método de traballo aconsellado

Antes de comezar as Prácticas Escolares II, suxíroche repaseses o que foi visto e realizado na aula e leres con detenemento o primeiro artigo sinalado na bibliografía deste tema. Ta-

mén sería moi útil que durante as Prácticas Escolares II, puxeses un especial interese na observación e recollida de todas as cuestións que che puideren parecer interesantes.

### 9. Dificultades

Non se prevén.

### 10. Bibliografía de aprendizaxe e de ampliación

Bernal V., J. Calvo, V. M.<sup>a</sup> (1999). *A Expresión Musical no currículo de educación infantil*. Eufonía, núm<sup>o</sup> 14, páxs 9-20.

Gardner, H. (1995). *Intelixencias múltiples. A teoría na práctica*. (Barcelona. Piados) (Ocúpase da intelixencia musical.)

Haydon, G. (2003). *Ensinar valores. Un novo enfoque*. (Madrid. Morata)

Tafari, J. (2000). *A orixe da experiencia musical*. Eufonía, núm.20., páxs 81-92.

## 5 INDICACIÓNS METODOLÓXICAS E ATRIBUCIÓN CARGA ECTS

A propia natureza da música e os obxectivos cara aos que está orientada esta materia esixen unha intervención na aula que combine diferentes estratexias.

No campo da música, “**facér**” é un feito imprescindible, xa que sen a súa práctica non é posible avanzar no seu dominio. En consecuencia, o tempo destinado ás sesións prácticas será ostensiblemente superior ao destinado ás sesións teóricas.

Agora ben, é importante que haxa un apropiado equilibrio entre práctica e outros ámbitos, tamén necesarios, como son falar, debater e reflexionar sobre a práctica... É dicir, combinaremos a acción coa palabra.

O alumno aprenderá esta materia a partir da comunicación e da vivencia.

As sesións ou aulas presenciais desenvolveranse con diversas técnicas de traballo en grupo, o que dará lugar a que o alumno opere en múltiples configuracións espaciais (pequeno grupo, gran grupo en círculo, gran grupo ocupando todo o espazo, en círculo pechado-aberto). Con iso trátase de conseguir os obxectivos desta materia relacionados con valores e actitudes.

A continuación especificase a formulación no cadro de equivalencias:

<b>Materia de 4,5 créditos ( 4,5 x 25 =112,5 horas )</b>				
<b>Actividades</b>	<b>Horas presenciais</b>	<b>Factor</b>	<b>Horas non presenciais ( Trabajo autónomo )</b>	<b>Total</b>
<b>Sesións prácticas</b>	35	0,5	17,5	52,5
<b>Aula teórica</b>	7	1	7	14
<b>Realización de traballos Individuais</b>	-	-	36,5	36,5
<b>Presentación dos traballos</b>	3	1	3	6
<b>Corrección dos traballos</b>	-	-	3,5	3,5
<b>Total</b>	<b>45</b>		<b>67,5</b>	<b>112,5</b>

## 6 ORIENTACIÓNS DE CARA A Á AVALIACIÓN

### 6.1 Avaliación inicial

Haberá un control inicial a xeito de diagnóstico do alumno.

Ten como obxectivo comprobar o grao de madureza na súa formación vocal e musical. Como xa foi indicado nos prerequisites, é necesario coñecer as aptitudes e os coñecementos musicais de partida de cada alumno, co fin de edificar entre todos a materia. Esta proba realizarase no primeiro contacto co alumno para determinar as condicións de partida. Non influirá de ningún xeito na cualificación final.

### 6.2 Dimensións avaliadas e criterios

A avaliación da materia efectuarase de acordo cos tres apartados sinalados na seguinte táboa.

A superación da materia implica a valoración positiva de cada unha deles.

Aspectos	Criterios	Instrumento	Peso
Asistencia	<ul style="list-style-type: none"><li>Participación activa nas aulas.</li><li>Actividades continuas en equipo</li><li>Actitude na realización das tarefas prácticas</li></ul>	Folla de sinaturas	40%
Traballo individual	Estrutura e calidade das "fichas didácticas" baseándonos en: <ul style="list-style-type: none"><li>Que recollan os conceptos da materia.</li><li>Que sexan un reflexo de assimilar e entender a materia.</li><li>Que poidan servir como material didáctico interesante para a aprendizaxe musical.</li></ul>	Presentación completa	40%
Traballo de observación Individual	<ul style="list-style-type: none"><li>Estrutura</li><li>Esfuerzo</li></ul>	Exposición ao grupo	20% Autoavaliación

No «*traballo de observación individual*» que se realiza nun centro de educación infantil, o alumno debe realizar unha reflexión sobre o seu traballo: esforzo que realizou, calidade alcanzada, interese etc. co obxecto de autoavaliarse formativamente.

O alumno decide, despois desta análise, cal é a cualificación do seu traballo. Isto fundamentámolo baseándose no desenvolvemento da autoestima, estímulo esencial para o desenvolvemento integral da persoa, (obxectivo e competencia xeral **3 c**).

### 6.3 Recomendacións de cara á avaliación

O modelo de avaliación que esta materia demanda fai necesaria e imprescindible a asistencia á totalidade das aulas. A porcentaxe mínima de asistencias debe de ser do 90%, é dicir, para que un alumno poida ser considerado como alumno asistente, só pode faltar ao 10% das aulas.

É importante, en caso de non poder asistir ás aulas, ir ás titorías da profesora ao comezo do curso.

Consideraremos a situación particular de cada alumno e intentaremos planificar o estudo e a avaliación da materia de acordo coas posibilidades reais e coas aspiracións de cada alumno.

É tamén interesante suxerir de cara á avaliación das fichas didácticas que se confeccionen os días seguintes á finalización de cada tema, o que fará aumentar sen dúbida a súa calidade.

Ademais, levar ao día esta tarefa axudarache a poder abordar o tema seguinte cunha mellor perspectiva.

*Exame de setembro*

Realizarase unha proba teórica do contido da materia (40%) e unha proba práctica de destrezas didáctico-musicais básicas relacionadas cos ámbitos expresivos e perceptivos da materia (60%).